Así as cousas, as causas dos accidentes tamén se repiten dun xeito absolutamente intolerábel, as caídas, esmagamentos, atrapamentos, deflagracións.... igual que se repiten as valoracións tanto das centrais sindicais como de profesionais do ámbito da PRL, falla a prevención nos seus aspectos máis básicos, sobre todo os relacionados coa planificación e a organización da actividade preventiva, que pode resumirse no que se coñece comunmente como falta de cultura de preventiva.

O por que desta situación tantos anos despois do establecemento do marco normativo que regula a prevención de riscos non ten máis que unha explicación, a tremenda tolerancia social e política cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais.

Mais o Partido Popular ven de superarse a si mesmo no colmo da desvergoña, e agora xa non é tolerancia cos incumprimentos empresariais en PRL senón acusacións virulentas contra as persoas traballadoras polo número e duración das baixas laborais, nada máis e nada menos que no discurso do presidente Rueda no Debate do estado da nación, nunha virada que deixa completamente ao descuberto a auténtica face do Partido Popular.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha condena pública sempre que se produza unha morte no traballo, a través do presidente da Xunta ou no seu defecto do conselleiro con competencias en materia de emprego.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Reclamar a transferencia das competencias relativas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. Elevar o orzamento do Instituto de Seguridade e Saúde de Galiza até os 25 millóns de euros.

4. Promover, a través da Comisión operativa autonómica da Inspección de traballo e Seguridade social, o cumprimento de todas as disposicións normativas referentes á participación e consulta da representación legal dos traballadores e traballadoras na Prevención de riscos laborais, e nomeadamente na investigación dos accidentes incluíndo os accidentes sen baixa, impulsando as correspondentes campañas de información e control nas empresas que deberán incorporarse ao Programa territorial de obxectivos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/04/2026 11:01:46

Secundino Fernández Fernández na data 17/04/2026 11:02:03

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/04/2026 11:02:09

Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2026 11:02:15

Rosana Pérez Fernández na data 17/04/2026 11:02:24



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/04/2026 11:16:51  
**Nº Rexistro: 55487**  
Data envío: 17/04/2026 11:16:51.706

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 17/04/2026 11:16:52

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Rosana Pérez Fernández, Secundino Fernández Fernández, Noa Presas Bergantiños e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia**, sobre o conflito dos convenios colectivos do sector do comercio vario e téxtil.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polas folgas convocadas a partir do 17 de abril nos convenios de comercio vario e téxtil afectan na Galiza entre 35.000 e 40.000 persoas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A patronal ARTE e os sindicatos CCOO e FETICO veñen de asinar un preacordo para un novo convenio estatal de grandes cadeas do sector do comercio téxtil e do calzado.

Este preacordo afecta directamente ao ámbito de aplicación de varios convenios galegos moi consolidados, como son os do comercio vario das provincias da Coruña e Pontevedra e do comercio téxtil das provincias de Lugo e Ourense, con un volume de ocupación, segundo fontes sindicais, entre 35.000 e 40.000 persoas.

O persoal das grandes cadeas de comercio integrantes da patronal ARTE verían como os seus convenios de aplicación actuais, de ámbito provincial, serían substituídos por este novo convenio estatal, con condicións moi inferiores en aspectos tan relevantes como salario, IT, ou permisos.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O persoal de outras empresas do sector, na súa maioría pequenos comercios, manterían os seus convenios actuais, mais nunha evidente posición de vulnerabilidade negociadora por falta de representación sindical.

En conxunto, o presente preacordo significa a conxelación de facto dos salarios de todas as persoas traballadoras destes sectores, que en breve convivirán con persoas de nova contratación que se incorporarán de outras con salarios menores e peores condicións, o que loxicamente constituirá unha fonte certa de conflitos, coa posibilidade de despedimentos e presión á baixa das condicións de todo o persoal do sector.

Por este motivo os sindicatos CIG e UGT veñen de convocar paros e mobilizacións que afectarán con diferente intensidade a toda Galiza, reclamando mecanismos que garantan o dereito á negociación colectiva provincial, deixando Galiza fora do ámbito de aplicación do futuro convenio estatal, de xeito semellante ao que o propio preacordo establece para Euskadi.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Reunirse coas centrais sindicais convocantes da folga no sector dos convenios provinciais do comercio vario e comercio téxtil.
2. Promover activamente a negociación e sinatura dun acordo marco galego neste ámbito de negociación.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/04/2026 11:07:36

Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2026 11:07:43

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/04/2026 11:07:48

Secundino Fernández Fernández na data 17/04/2026 11:07:54

Rosana Pérez Fernández na data 17/04/2026 11:08:01



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/04/2026 11:18:15  
**Nº Rexistro: 55493**  
Data envío: 17/04/2026 11:18:15.755

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 17/04/2026 11:18:16

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Saleta Chao Rivas e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación vivida no PAC de Santiago.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de abril, o SERGAS decidiu impoñer unilateralmente a decisión de abrir os Puntos de Atención Continuada na área de Santiago os sábados pola mañá, a comezar nesa mesma semana, incluso sen ter publicado o decreto que o regularía. Medida que se adoptou a pesar de que o pasado 27 de marzo, tan só 5 días antes, a Consellería de Sanidade anunciara o freo a esta medida após unha importante mobilización de rexeitamento por parte do persoal dos PAC e que, segundo a Secretaria Xeral Técnica ficaba adiada até xuño.

Esta decisión, anunciada previamente a dous días festivos, foi posta en marcha sen a antelación e planificación necesaria e sen un mínimo de rigor e seriedade. Isto provocou que o sábado 4 de abril non se producise a apertura dos centros de saúde do Pino, Vedra, Bembibre, Cacheiras, Sigüeiro e Concepción Arenal e todas as pacientes rematasen no PAC de Santiago. Fronte aos 10 equipos que habería nesa xornada de estaren abertos os centros de saúde, no PAC só había 4. Deste xeito, ao comezar a quenda de tarde ás 15h, había 60 pacientes agardando para seren atendidas, algunha das cales superaba amplamente as 3h de espera.

Esta situación supuxo que o persoal traballase nunhas condicións extremas, cunha carga laboral extenuante, e cun malestar importante por parte de pacientes e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

profesionais que sufriron as consecuencias desta decisión improvisada e irresponsábel, ata o punto de que a Xerencia tivese reforzar de urxencia o cadro de persoal durante esa xornada para poder dar resposta a toda a demanda asistencial.

Fronte a isto, o persoal vén de manifestarse de xeito unánime en contra da apertura do PAC durante as mañás dos sábados, denunciando a improvisación e a falta de planificación real, e esixindo unha maior dotación de persoal.

Cómpre ter presente a grande área xeográfica que abrangue este PAC: 8 concellos que suman unha extensión xeográfica de máis de 874km<sup>2</sup> e preto de 150.000 habitantes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5<sup>a</sup>:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Rectificar e retirar o decreto dos PAC, abandonando a política de imposición unilateral de medidas, sen información, sen planificación e sen negociación e abrir unha verdadeira mesa de negociación coa representación sindical do persoal na que se aborden as reformas necesarias.

2º.- Incrementar a dotación de persoal do PAC de Santiago contando coa presenza de equipos completos durante a totalidade das quendas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/04/2026 12:40:52

Saleta Chao Rivas na data 10/04/2026 12:41:03

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2026 12:41:12

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2026 12:41:18



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 12:42:49  
**Nº Rexistro: 54935**  
Data envío: 10/04/2026 12:42:49.506

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 12:42:50

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

## Exposición de motivos

A Comisión Delegada do Hospital de Verín vén de denunciar a preocupante situación de dous recursos sanitarios esenciais para a poboación da comarca de Monterrei: a hospitalización a domicilio, incluída a atención paliativa, e a atención cardiolóxica.

Segundo trasladan os profesionais do centro, estaríamos ante un proceso de deterioración progresiva destes servizos, caracterizado pola perda de capacidade asistencial, a sobrecarga do persoal e unha crecente dependencia das derivacións ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Esta situación non é allea ao que xa foi denunciado recentemente nesta Cámara en relación coa unidade de coidados paliativos do propio CHUO, a iniciativa deste Grupo Parlamentario, o que evidencia que non estamos ante un feito illado, senón ante unha dinámica que afecta á organización e á calidade da atención sanitaria na área.

No caso concreto de Verín, a atención vinculada á Hospitalización a Domicilio e aos coidados paliativos tería pasado dun modelo previamente estruturado, con equipo multidisciplinar e seguimento continuado, a unha situación na que, na

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





práctica, apenas se mantén unha consulta de enfermaría semanal para atender arredor de vinte pacientes. Trátase dunha realidade claramente insuficiente que, segundo os profesionais, só se sostén grazas ao compromiso persoal e á vocación do facultativo que atende estes pacientes, compatibilizando esta tarefa coa súa actividade ordinaria no hospital.

Na mesma liña, denuncian que a ausencia dunha atención cardiolóxica accesible obriga a numerosos pacientes, moitos deles de idade avanzada, a realizar desprazamentos superiores a unha hora ata Ourense para probas e seguimentos que deberían poder realizarse no seu hospital de referencia.

Pola súa parte, o Servizo Galego de Saúde nega a existencia dun desmantelamento asistencial. Non obstante, a realidade descrita polos profesionais e as consecuencias que xa están a sufrir os pacientes apuntan nun sentido ben distinto.

Estamos, polo tanto, ante unha situación que require explicacións claras por parte do Goberno galego e, sobre todo, decisións inmediatas.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a veciñanza de Verín e da comarca de Monterrei ten dereito a recibir unha atención sanitaria pública digna, continua e de calidade, especialmente cando falamos de persoas maiores, pacientes crónicos, enfermos con necesidades paliativas ou persoas con patoloxías cardíacas nas que a rapidez diagnóstica e o seguimento son determinantes.

As características propias do territorio —dispersión poboacional, envellecemento e distancia aos centros de referencia— fan aínda máis inustificable calquera recorte, redución de servizos ou baleirado funcional por parte do Sergas.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia aclare cal é a situación real destes recursos no Hospital Público de Verín, garanta a súa continuidade efectiva e adopte as medidas organizativas e de persoal precisas para evitar que a cidadanía da comarca siga perdendo capacidade asistencial no seu hospital de referencia.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir, de maneira inmediata, o funcionamento efectivo da Hospitalización a Domicilio no Hospital Público de Verín, incluída a atención paliativa domiciliaria, dotándoa dos recursos humanos necesarios —como mínimo un médico e dúas enfermeiras— para prestar unha asistencia continuada, organizada e de calidade.
2. Recuperar e reforzar a atención específica aos pacientes con necesidades paliativas na comarca de Monterrei
3. Adoptar de forma inmediata as medidas necesarias para garantir unha atención cardiolóxica accesible e próxima para a poboación da comarca de Monterrei, reducindo desprazamentos innecesarios ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e mellorando a capacidade diagnóstica e de seguimento no ámbito do Hospital de Verín.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



**PSG**<sup>DE</sup>  
**PSOE**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 12:56:04  
**Nº Rexistro: 54941**  
Data envío: 10/04/2026 12:56:04.064



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2026 12:50:21

Silvia Longueira Castro na data 10/04/2026 12:50:29

Julio Torrado Quintela na data 10/04/2026 12:50:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/04/2026 12:50:45



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 12:56:04  
**Nº Rexistro: 54941**  
Data envío: 10/04/2026 12:56:04.064

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 12:56:04**

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/04/2026 13:09:42  
Nº Rexistro: 54948

Data envío: 10/04/2026 13:09:42.278

Asinado o día 10/04/2026 ás 13:06  
Por Carmela González

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas** e das deputadas **Cristina Fernández Davila**, **Carmela González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a garantía de prazas suficientes nos colexios públicos de Vigo con aulas mixtas en Educación Infantil.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses, varias familias das parroquias viguesas de Lavadores, Cabral e Teis están a vivir unha situación de incerteza e frustración ante a imposibilidade de escolarizar os seus fillos e fillas nos colexios públicos de referencia: o CEIP Eduardo Pondal, o CEIP O Sello e o CEIP Paraixal. Non se trata dun problema de falta de demanda —de feito, estes centros recibiron solicitudes suficientes para cubrir as prazas— nin de carencia de espazos ou recursos humanos, senón dunha aplicación ríxida, burocrática e mecánica da Lei 5/2024, de medidas fiscais e administrativas, aprobada pola Xunta de Galiza.

Esta normativa establece un calendario progresivo para a redución de ratios en aulas mixtas de Educación Infantil. Mentres un colexio sen aulas agrupadas pode ofertar ata 20 prazas de novo ingreso para 4º de Infantil, ao CEIP Eduardo Pondal só se lle autorizou ofertar 6 prazas, e ao CEIP Paraixal, 8. O resultado é que familias que desexan confiar no proxecto educativo público destes centros vense obrigadas a buscar alternativas, moitas veces na rede privada-concertada, non por vontade propia senón por unha limitación administrativa. Estamos diante, por tanto, dun recorte no ensino público que pode acabar por beneficiar, de novo, ao ensino privado.

Asinado o día 10/04/2026 ás 13:05  
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 10/04/2026 ás 13:05  
Por Brais Ruanova Vilas-Boas



De tal maneira que unha norma que di pretender alargar a calidade educativa a través da redución de ratios, vai supoñer na práctica a exclusión de alumnado da rede pública. Así, no CEIP Eduardo Pondal xa se recibiron máis solicitudes (7) que prazas autorizadas (6). E no Paraixal foron 21 as novas solicitudes para 8 prazas, un volume que permitiría ademais o desdoblamento da unidade agrupada ou mixta.

Esta situación non só afecta ás familias, senón que debilita o propio tecido educativo público da parroquias de Vigo. Colexios que son referentes comunitarios e que traballan con proxectos educativos consolidados, coa implicación das familias e do entorno.

A negativa da Consellaría de Educación ao desdoblamento de aulas cando existe demanda real non só impide o seu crecemento natural, senón que envía unha mensaxe contraditoria: por un lado, pídeselles aos centros públicos que sexan atractivos e innovadores; por outro, a Administración ponlles trabas administrativas que lles impiden responder ás necesidades do territorio. Esta restrición, que supón na práctica un novo recorte na oferta de prazas escolares públicas, ten ademais un efecto perverso no tempo, xa que inviabiliza o aumento de liñas en colexios que arestora recibían unha baixa matriculación.

Por outra parte, a aplicación estrita da norma xera unha desigualdade territorial inaceptable. Non é o mesmo vivir no centro urbano de Vigo que nas súas parroquias, onde a dispersión poboacional e a falta de transporte escolar xa supoñen barreiras adicionais para o acceso á educación. Se a estes factores sumámoslle unha limitación inxusta e inxustificada de prazas, o resultado é un sistema que, lonxe de garantir a equidade, está a excluír familias por razóns puramente administrativas.

En conclusión enténdese que a calidade educativa e o acceso universal son dous piares dun mesmo proxecto: un ensino público, universal, inclusivo e de proximidade. A





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 13:09:42  
**Nº Rexistro: 54948**

Data envío: 10/04/2026 13:09:42.278

Lei 5/2024 debe servir para mellorar as condicións do alumnado e do profesorado, non para converterse nunha escusa para aplicar recortes que limiten o dereito das familias a elixir centro público. Por iso, consideramos urxente que o Goberno galego rectifique e adopte criterios flexibles que permitan aos colexios públicos de Vigo atender a demanda real, garantindo así o dereito á educación e a viabilidade futura destes centros esenciais para a cohesión social e territorial de Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a rectificar inmediatamente o recorte das prazas escolares vacantes nos colexios públicos de Vigo con aulas mixtas en Educación Infantil, permitindo que os CEIP Eduardo Pondal, Paraixal e O Sello poidan ofertar o número de prazas necesario para atender a demanda real das familias para o vindeiro curso 2026-2027”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

- Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/04/2026 13:05:48
- Cristina Fernández Davila na data 10/04/2026 13:05:54
- Carmela González Iglesias na data 10/04/2026 13:06:06
- Alexandra Fernández Gómez na data 10/04/2026 13:06:13
- Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2026 13:06:31





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 13:09:43

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A conservación e mantemento dos ríos galegos constitúe unha cuestión fundamental tanto desde o punto de vista ambiental como da seguridade das persoas e das actividades económicas vinculadas ao territorio. A falta de actuacións de limpeza, mantemento e adecuación dos leitos fluviais pode provocar problemas de acumulación de sedimentos, dificultade no fluxo da auga e incremento do risco de inundacións.

No caso concreto do río Sor, ao seu paso pola Ponte situada no seu tramo final, existe unha demanda histórica para a execución de traballos de dragado ao longo de aproximadamente un quilómetro de río, co obxectivo de mellorar a súa capacidade hidráulica e garantir un correcto funcionamento do ecosistema fluvial. Esta actuación foi anunciada no seu momento pola Xunta de Galicia, a través da entón conselleira do Mar, Rosa Quintana, sen que ata a data se teña materializado ningunha intervención efectiva.

A inacción da Xunta de Galicia ante un compromiso anunciado e reiterado evidencia unha falta de planificación e de execución en materia de xestión fluvial, que afecta directamente aos concellos da zona e á veciñanza, xerando incerteza e perpetuando unha situación que require dunha actuación inmediata.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Cómpre, por tanto, que o Goberno galego asuma as súas responsabilidades e execute as actuacións comprometidas, garantindo tanto a seguridade como a protección ambiental do río Sor.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar, con carácter urxente, as actuacións de dragado no río Sor no entorno da Ponte co obxectivo de mellorar a capacidade hidráulica e previr riscos asociados á acumulación de sedimentos.

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 21:55:14

Carlos López Font na data 08/04/2026 21:55:20

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 21:55:27



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 13:35:08  
**Nº Rexistro: 54981**  
Data envío: 10/04/2026 13:35:08.232

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 13:35:09**

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A conservación e mantemento dos ríos galegos constitúe unha cuestión fundamental tanto desde o punto de vista ambiental como da seguridade das persoas e das actividades económicas vinculadas ao territorio. A falta de actuacións de limpeza, mantemento e adecuación dos leitos fluviais pode provocar problemas de acumulación de sedimentos, dificultade no fluxo da auga e incremento do risco de inundacións.

No caso concreto do río Sor, ao seu paso pola Ponte situada no seu tramo final, existe unha demanda histórica para a execución de traballos de dragado ao longo de aproximadamente un quilómetro de río, co obxectivo de mellorar a súa capacidade hidráulica e garantir un correcto funcionamento do ecosistema fluvial. Esta actuación foi anunciada no seu momento pola Xunta de Galicia, a través da entón conselleira do Mar, Rosa Quintana, sen que ata a data se teña materializado ningunha intervención efectiva.

A inacción da Xunta de Galicia ante un compromiso anunciado e reiterado evidencia unha falta de planificación e de execución en materia de xestión fluvial, que afecta directamente aos concellos da zona e á veciñanza, xerando incerteza e perpetuando unha situación que require dunha actuación inmediata.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Cómpre, por tanto, que o Goberno galego asuma as súas responsabilidades e execute as actuacións comprometidas, garantindo tanto a seguridade como a protección ambiental do río Sor.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar un plan integral de mantemento e conservación do río Sor que inclúa actuacións periódicas de limpeza, dragado e control do estado do leito fluvial.

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 21:55:35

Carlos López Font na data 08/04/2026 21:55:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 21:55:48





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 13:35:46

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A conservación e mantemento dos ríos galegos constitúe unha cuestión fundamental tanto desde o punto de vista ambiental como da seguridade das persoas e das actividades económicas vinculadas ao territorio. A falta de actuacións de limpeza, mantemento e adecuación dos leitos fluviais pode provocar problemas de acumulación de sedimentos, dificultade no fluxo da auga e incremento do risco de inundacións.

No caso concreto do río Sor, ao seu paso pola Ponte situada no seu tramo final, existe unha demanda histórica para a execución de traballos de dragado ao longo de aproximadamente un quilómetro de río, co obxectivo de mellorar a súa capacidade hidráulica e garantir un correcto funcionamento do ecosistema fluvial. Esta actuación foi anunciada no seu momento pola Xunta de Galicia, a través da entón conselleira do Mar, Rosa Quintana, sen que ata a data se teña materializado ningunha intervención efectiva.

A inacción da Xunta de Galicia ante un compromiso anunciado e reiterado evidencia unha falta de planificación e de execución en materia de xestión fluvial, que afecta directamente aos concellos da zona e á veciñanza, xerando incerteza e perpetuando unha situación que require dunha actuación inmediata.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Cómpre, por tanto, que o Goberno galego asuma as súas responsabilidades e execute as actuacións comprometidas, garantindo tanto a seguridade como a protección ambiental do río Sor.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar una partida no presente exercicio orzamentario para levar a cabo as actuacións de dragado no río Sor no entorno da Ponte.

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 21:55:56

Carlos López Font na data 08/04/2026 21:56:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 21:56:11





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 13:36:21



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

## Exposición de motivos

A conservación e mantemento dos ríos galegos constitúe unha cuestión fundamental tanto desde o punto de vista ambiental como da seguridade das persoas e das actividades económicas vinculadas ao territorio. A falta de actuacións de limpeza, mantemento e adecuación dos leitos fluviais pode provocar problemas de acumulación de sedimentos, dificultade no fluxo da auga e incremento do risco de inundacións.

No caso concreto do río Sor, ao seu paso pola Ponte situada no seu tramo final, existe unha demanda histórica para a execución de traballos de dragado ao longo de aproximadamente un quilómetro de río, co obxectivo de mellorar a súa capacidade hidráulica e garantir un correcto funcionamento do ecosistema fluvial. Esta actuación foi anunciada no seu momento pola Xunta de Galicia, a través da entón conselleira do Mar, Rosa Quintana, sen que ata a data se teña materializado ningunha intervención efectiva.

A inacción da Xunta de Galicia ante un compromiso anunciado e reiterado evidencia unha falta de planificación e de execución en materia de xestión fluvial, que afecta directamente aos concellos da zona e á veciñanza, xerando incerteza e perpetuando unha situación que require dunha actuación inmediata.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Cómpre, por tanto, que o Goberno galego asuma as súas responsabilidades e execute as actuacións comprometidas, garantindo tanto a seguridade como a protección ambiental do río Sor.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar una partida no presente exercicio orzamentario para levar a cabo as actuacións de dragado no río Sor no entorno da Ponte.

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 21:56:19

Patricia Iglesias Rey na data 08/04/2026 21:56:27

Carlos López Font na data 08/04/2026 21:56:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 21:56:40



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 13:36:36  
**Nº Rexistro: 54988**  
Data envío: 10/04/2026 13:36:36.097

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 13:36:36

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 13:46:22  
**Nº Rexistro: 55003**  
Data envío: 10/04/2026 13:46:22.212

Asinado o día 10/04/2026 ás 13:44  
Por Rosana Pérez Fe

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonso** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á situación do marisqueo en Pontedeume.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector marisqueiro e da pesca de artes menores de Pontedeume vive desde comezos deste ano unha situación de extrema gravidade como consecuencia da paralización prolongada da súa actividade, que se iniciou por responsabilidade do propio sector ante a caída drástica da salinidade na ría e continuou por decisións, ordes e recomendacións da Xunta de Galicia.[1]

O 20 de xaneiro, ao constatar que a salinidade da auga baixaba por debaixo de 25, o sector do marisqueo a flote decidiu, motu propio, deter a actividade para protexer o banco marisqueiro e tentar garantir a súa supervivencia fronte ao exceso de auga doce, asumindo un sacrificio económico inmediato en beneficio do futuro da ría.

Segundo vén denunciando a Confraría de Pescadores «Virxe do Carme» de Pontedeume, o sector sufriu posteriormente nove días consecutivos con salinidade 0, un episodio extremo que puxo seriamente en risco o recurso marisqueiro e, por extensión, o sustento das familias que viven del. A pesar de que a situación se normalizou desde o punto de vista físico-químico, a actividade seguiu parada inicialmente por orde da Xunta para a realización de muestreos, orde que o sector cumpriu escrupulosamente.

Asinado o día 10/04/2026 ás 13:44  
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 10/04/2026 ás 13:44  
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Rematada esa fase, a Consellería do Mar mantivo o marisqueo a flote en situación de paralización por mera “recomendación” administrativa, supostamente co argumento de tramitar axudas por mortandade, mais sen achegar información clara sobre o alcance desas medidas nin sobre os prazos nos que se materializarían. Na práctica, esa recomendación converteuse nunha paralización de facto de máis de vinte días adicionais, sen compensación económica asociada, que se suma a todo o tempo previo no que o sector xa estivera parado por responsabilidade propia.

As persoas profesionais afectadas levan, así, desde o 20 de xaneiro sen percibir ingreso ningún, acumulando facturas e obrigas mentres a Administración autonómica non lles ofrece nin un calendario nin unha explicación detallada sobre as axudas prometidas, nin alternativas de protección de rendas acordadas cunha paralización instada ou avalada pola propia Xunta.

Cómpre salientar, ademais, a denuncia reiterada de discriminación entre o marisqueo a pé e o marisqueo a flote: mentres se anuncian medidas específicas para o sector a pé, o marisqueo a flote de Pontedeume fica, segundo a confraría, literalmente “abandonado á súa sorte”, sen instrumentos de apoio propios e coas familias nunha situación límite. O recurso marisqueiro non distingue entre mariscadoras a pé e profesionais a flote, e a mortaldade derivada da entrada masiva de auga doce afecta por igual a todo o colectivo.

Resulta especialmente grave que a Xunta, que ten a competencia exclusiva na xestión do marisqueo en Galicia, na apertura e peche dos bancos marisqueiros e no control técnico e de seguridade da infraestrutura hidráulica que regula o caudal de auga doce do Eume na ría, derive agora a responsabilidade cara ao Estado instando o sector a acudir ao Instituto Social da Mariña (ISM) para tramitar prestacións por cese de actividade, nun evidente exercicio de “ping-pong” administrativo que pretende descargar noutra





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

administración as consecuencias dunha paralización vinculada a decisións e recomendacións propias.

A xestión da bacía hidrográfica e da presa que regula o caudal do Eume, así como a planificación e control dos seus impactos sobre a ría, forman parte das responsabilidades da administración autonómica, polo que non é aceptábel que a Xunta pretenda eludir a súa obriga de reparar, mediante compensacións adecuadas, o dano económico causado ás familias mariscadoras e ás da pesca de artes menores de Pontedeume.

A ausencia dun plan integral de compensación e de recuperación produtiva da ría, a falta de protocolos claros e acordados co sector para episodios de baixada extrema de salinidade e a negativa da Xunta a asumir explicitamente as súas competencias e responsabilidades agravan a vulnerabilidade dun colectivo esencial para a economía local e para o mantemento dun modelo de pesca e marisqueo artesanal sustentábel, con forte arraigamento social e territorial.

Ante unha situación que combina unha crise ambiental, derivada da xestión da bacía e da entrada masiva de auga doce, cunha crise social e económica para decenas de familias que levan meses sen ingresos, resulta imprescindible que o Parlamento de Galicia se pronuncie e que a Xunta adopte medidas urxentes, proporcionadas e xustas co sector de marisqueo a flote e co conxunto do marisqueo e das artes menores de Pontedeume.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a

1. Recoñecer expresamente a situación de emerxencia social e económica que atravesa o sector do marisqueo a flote, o marisqueo a pé e a pesca de artes menores de





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pontedeume como consecuencia da paralización da súa actividade desde o 20 de xaneiro, e a considerala como prioridade na acción da Consellería do Mar.

2. Pór en marcha, con carácter inmediato, unha liña de axudas directas extraordinarias por lucro cesante dirixida especificamente ao marisqueo a flote de Pontedeume, así como ás persoas do marisqueo a pé e da pesca de artes menores do municipio, que compense a totalidade do período no que a actividade estivo parada por orde ou recomendación da Xunta ou por seguir indicacións desta.

3. Garantir que ningunha das persoas profesionais afectadas quede sen cobertura económica mentres dure a paralización, articulando mecanismos áxiles de tramitación e pagamento das axudas, e complementando, de ser o caso, as prestacións que poidan corresponder por cese de actividade doutros réximes de protección social, sen trasladar a outras administracións a responsabilidade principal derivada das decisións e recomendacións da Xunta.

4. Constituír, nun prazo máximo dun mes, unha mesa de negociación específica para o sector marisqueiro e da pesca de artes menores de Pontedeume, coa participación da Confraría de Pescadores «Virxe do Carme», das organizacións representativas do sector e do propio Concello, co obxecto de definir as medidas de apoio económico necesarias para garantir a viabilidade das explotacións e a continuidade das familias no sector; así como deseñar un plan de recuperación produtiva do banco marisqueiro afectado, con base en informes técnicos independentes e na participación activa das persoas profesionais.

5. Elaborar e aprobar, en diálogo coa mesa de negociación, un plan integral de recuperación ambiental e produtiva da ría de Pontedeume que inclúa a análise das causas da entrada masiva de auga doce ligada á xestión da bacía do Eume e da infraestrutura hidráulica que regula o seu caudal na ría e as medidas correctoras necesarias para evitar a repetición de episodios de salinidade que poñan en risco o recurso marisqueiro.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6. Elaborar un programa de seguimento científico continuado do estado da ría e dos bancos marisqueiros, con participación dos colectivos profesionais.

7. Establecer protocolos claros, transparentes e vinculantes para a xestión de futuros episodios de risco por baixada extrema da salinidade nas rías galegas, que definan os criterios técnicos obxectivos para a adopción de medidas de peche ou recomendación de parada da actividade.

8. Revisar a clasificación das zonas de marisqueo con criterios científicos obxectivos e transparentes, diante dos cambios estacionais que se veñen aplicando ultimamente.

9. Garantir o acceso de oficio e inmediato as análises realizadas nas augas, enviando copia á confraría.

10. Incrementar a prorroga de libre marisqueo para a explotación da Ostra”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 10/04/2026 13:44:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/04/2026 13:44:18

Rosana Pérez Fernández na data 10/04/2026 13:44:29





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 13:46:23

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de cubrir as vacantes do persoal facultativo na atención primaria da Costa da Morte.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Costa da Morte leva xa demasiados anos esperando a que a Xunta de Galiza solucione os problemas de falla de persoal na atención primaria. Non é a primeira vez que este grupo parlamentario reclama neste parlamento a necesidade de cubrir as prazas de facultativos no servizo de pediatría comarcal, ao que se suman nos últimos tempos a nefasta xestión para cubrir algunhas prazas de médicos de cabeceira, como no concello de Zas.

No último procedemento extraordinario convocado polo SERGAS para cubrir prazas de difícil cobertura, volveu quedar vacante a praza de pediatría no concello de Fisterra, que leva xa sete anos vacante. Os pais e nais de Fisterra teñen que levar aos rapaces ao centro médico de Cee, ao igual que os proxenitores de Dumbría e Muxía, pois estes tamén teñen sen cubrir a praza de pediatría que atendía aos seus fillos. En igual situación se atopan en Carnota, que xa suman dous anos sen este servizo, tendo que desprazarse a Muros, co agravante de que tamén no centro médico de Muros, está sen cubrir unha das dúas prazas existente de pediatra.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Idéntica situación teñen na bisbarra de Soneira, onde só existe un facultativo de pediatría no concello de Vimianzo, que centraliza o servizo para Zas, que segue coa praza vacante. En Camariñas o servizo cubrírono cun médico puericultor, e ao respecto xa temos advertido que esta non é unha solución satisfactoria, pois estes profesionais encargasen de previr enfermidades na infancia a través dos coidados e a crianza, en cambio, o pediatra é o profesional médico que ofrece o tratamento e a curación das enfermidades que teñen lugar na infancia. Dáse a circunstancia que os veciños de Zas teñen que desprazarse ata Camariñas, cando non se ofrece o servizo en Vimianzo, porque tampouco se substitúe esa praza.

Esta ordenación da xerencia da área Sanitaria Coruña-Cee, non é máis que un parche ante a desidia por atopar unha solución efectiva, e non fai máis que provocar unha saturación do servizo no centro de Cee, de Vimianzo e de Muros, retrasándose as citas e as revisións dos rapaces e rapazas, así como as vacinacións e sobrecargando o traballo dun só pediatra. Ademais de provocar desprazamentos innecesarios en coche aos pais e nais, que de cubrirse as prazas vacantes, non terían que facelos.

Non hai moito que os veciños e veciñas de Carnota recollían sinaturas pedindo unha solución inmediata e que foron entregadas á consellería de Sanidade. Onte foi a veciñanza de Zas, que a través do seu alcalde entregou no rexistro da consellería 1.135 sinaturas esixindo a cobertura inminente da praza de pediatría e pedindo a estabilidade da praza de medicina interna, porque levan meses esperando a que a praza dun dos dous médicos de cabeceira se cubra de forma definitiva. No consultorio de Zas, os veciños e veciñas adscritas á esa praza vacante sofren as consecuencias de retrasos nas citas que piden ou de ter un médico distinto cando cadra que vén un substituto.

A xestión da Xunta co servizo de pediatría na comarca deixa moito que desexar e é vergoñenta, as políticas do PP o único que provocan é que os pais e nais opten por acudir á sanidade privada, ante a falla dunha solución definitiva ás demandas da





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comarca para cubrir as vacantes dos facultativos médicos, tanto de pediatras como de médicos de familia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a proveer as prazas de pediatría nos centros de saúde de Fisterra, Carnota, Camariñas, Dumbría-Muxía e Zas de forma urxente cun profesional médico especialista e a praza vacante de médico de familia no centro de atención primaria no concello de Zas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 10/04/2026 14:12:37

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2026 14:12:46

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2026 14:12:55



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55021**  
Data envío: 10/04/2026 14:13:54.688

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/04/2026 14:13:55

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a data de realización da dragaxe do Porto do concello de Foz.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de setembro a Xunta de Galicia anunciaba o proxecto para a dragaxe do Porto de Foz para o que investiría arredor de un millón de euros. Nese mesmo tempo, o goberno galego prometía que esta obra tan reclamada durante moitos anos tanto por asociacións como pola Confraría de Foz, comezaría neste ano 2026.

Pola contra, e pese a estar xa no mes de abril, os e as veciñas de Foz seguen sen saber e, sobre todo, sen ver nin un só avance nesta actuación tan necesaria. Por esta razón, desde o Bloque Nacionalista Galego non comprendemos este escurantismo por parte do Partido Popular que segue retrasando unha obra que debería levar xa anos realizada.

Por todo isto, desde o BNG reclamamos o comezo inmediato das obras de dragaxe do Porto de Foz, para que dunha vez por todas a veciñanza focense poida contar cun porto nunhas condicións dignas e asumibles no ano 2026.

Asinado o día 13/04/2026 ás  
10:13  
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 13/04/2026 ás  
10:13  
Por Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comezar de inmediato das obras de dragaxe do Porto de Foz.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/04/2026 10:13:38

Rosana Pérez Fernández na data 13/04/2026 10:13:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 10:14:33



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 10:14:31  
**Nº Rexistro: 55039**  
Data envío: 13/04/2026 10:14:31.288

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/04/2026 10:59:09  
Nº Rexistro: 55044  
Data envío: 13/04/2026 10:59:09.357

Asinado o día 13/04/26  
10:43  
Por Carmela González

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Brais Ruanova Vilas-Boas, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Saleta Chao Rivas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a execución orzamentaria de 2025 da Consellería de Economía e Industria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galiza (OXG) para o ano 2025 foi presentada polo Goberno do PP como un instrumento clave para a reactivación económica, a transición enerxética e o fortalecemento do tecido industrial galego. Non obstante, o informe de execución orzamentaria a 31 de decembro de 2025 desmonta ese relato oficial e revela unha realidade moi distinta: a da improvisación, os recortes encubertos e a falta de vontade política para dotar de recursos reais ás políticas estratéxicas.

A análise detallada dos datos de execución e modificación de créditos pon de manifesto que a Consellería de Economía e Industria foi a grande penalizada durante o exercicio. Esta sección orzamentaria sufriu unha redución do 32,2% nos seus créditos iniciais, o que supón un recorte líquido de 118,9 millóns de euros. Esta cifra non é un dato menor; é a maior diminución porcentual entre todas as consellarías, superando incluso a seccións como Medio Ambiente ou Medio Rural. Este desmantelamento orzamentario prodúcese nun contexto onde a industria galega afronta desafíos estruturais graves: o peche de plantas produtivas, a falta de relevo xeracional, os altos

Asinado o día 13/04/2026 ás  
10:43  
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 13/04/2026 ás  
10:43  
Por Brais Ruanova Vilas-Boas



custos enerxéticos e a dependencia de decisións externas que debilitan a nosa soberanía económica.

Ao desagregar a execución por programas dentro da área de Economía e Industria, atopamos incoherencias que denotan unha xestión errática:

**1.Eficiencia Enerxética e Renovables (Programa 733A):** Nun momento crítico de crise climática e de prezos da enerxía que asfixia ás pemes industriais, este programa executouse só nun 66,4%, deixando sen gastar 24,7 millóns de euros. Ademais, os seus créditos iniciais foron recortados nun 18,7% durante o ano. Isto evidencia que a transición enerxética en Galiza segue a ser un *slogan* publicitario e non unha realidade orzamentaria.

**2.Fomento da Minaría (Programa 734A):** Con unha execución do 60,5% e un recorte do 27,2% sobre o crédito inicial, amosa a falta de planificación nun sector que require estabilidade normativa e financeira para garantir a sostibilidade ambiental e o interese público nos recursos.

**3.Apoio á Competitividade Empresarial (Programa 741A):** Este é o caso máis paradigmático da hipocrisía do Goberno. Trátase dun programa que se executou case na súa totalidade (**98,9%**), o que demostra que existía demanda real das empresas galegas por estas axudas. Porén, o Goberno decidiu recortar 90,4 millóns de euros (un 46,2% menos do inicialmente previsto) a medio exercicio. Isto deixa a moitas pemes sen o apoio prometido para modernización e internacionalización.

A situación actual da industria en Galiza non permite a dependencia dun orzamento que se modifica á baixa a medio ano e que non se executa, porque ese é un orzamento que abandona ás empresas e ás traballadoras galegas.



Non se pode gobernar modificando orzamentos sen xustificación técnica pública, nin deixar sen executar millóns de euros en políticas clave para o futuro económico de Galiza. A incerteza xerada por estes recortes e pola falta de execución lastra a capacidade de planificación de moitas empresas galegas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento da Galiza insta o Goberno galego a:

1. Crear mesas sectoriais permanentes naqueles sectores declarados estratéxicos, con presenza dos clústers ou agrupacións de empresas máis representativas, os tres sindicatos con maior representación na Galiza, os centros tecnolóxicos correspondentes a cada sector, as universidades, a autoridade laboral e a propia administración galega, co obxectivo, entre outros, de facer de xeito participativo un deseño dos orzamentos da Consellería de Economía e Industria adecuado e dimensionado ás necesidades do sector industrial do país que garanta a máxima execución dos fondos de tódalas galegas e galegos.

2. Impulsar a Creación dunha oficina orzamentaria no Parlamento galego como ferramenta de consulta e transparencia ao servizo dos grupos parlamentarios e da sociedade galega.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/04/2026 10:43:01

José Manuel Golpe Acuña na data 13/04/2026 10:43:11

Carmela González Iglesias na data 13/04/2026 10:43:17

Saleta Chao Rivas na data 13/04/2026 10:43:23,13/04/2026 10:43:31

Ana Pontón Mondelo na data 13/04/2026 10:43:38



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 10:59:10



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 10:59:09  
**Nº Rexistro: 55044**  
Data envío: 13/04/2026 10:59:09.357

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font, Julio Torrado Quintela e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

## Exposición de motivos

A Xunta de Galicia iniciou as obras de humanización da Travesía de Palmeira, no concello de Ribeira, cun investimento próximo aos 3 millóns de euros. Esta actuación abrangue aproximadamente un quilómetro da estrada AC-305 ao seu paso por Palmeira, e ten como obxectivo prioritario a mellora do espazo público, dando preferencia ao tránsito peonil, incorporando novo mobiliario urbano e habilitando zonas verdes.

Segundo a información pública dispoñible, o contrato administrativo foi adxudicado á empresa ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES con data do 16 de decembro de 2024, establecéndose nos pregos un prazo de execución de 15 meses, polo que as obras deberían estar finalizadas arredor de marzo de 2026.

Porén, veciños e veciñas da zona levan semanas alertando da aparente paralización das obras, sinalando que non se observan avances nin presenza de persoal traballando na zona, o que está a xerar preocupación e incerteza sobre o estado real da actuación.





Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta a importancia da obra para a mellora da seguridade viaria, da accesibilidade e da calidade de vida da veciñanza, así como polo volume de investimento público comprometido.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitir, no prazo máximo dun mes, un informe detallado ao Parlamento de Galicia sobre o estado das obras de humanización da Travesía de Palmeira, no concello de Ribeira, que inclúa: o grao de execución actual da obra; o cumprimento do cronograma previsto; as posibles incidencias, modificacións ou suspensións do contrato; as causas da eventual paralización denunciada pola veciñanza e as previsións actualizadas de finalización.
2. Adoptar as medidas necesarias para garantir a reanudación inmediata das obras, no caso de estaren paralizadas, e asegurar o cumprimento dos prazos contractuais.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/04/2026 11:25:45

Carlos López Font na data 13/04/2026 11:25:50

Julio Torrado Quintela na data 13/04/2026 11:25:59

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 11:26:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 11:26:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 11:30:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 11:30:06  
**Nº Rexistro: 55050**  
Data envío: 13/04/2026 11:30:06.682

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font, Julio Torrado Quintela e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos.**

## Exposición de motivos

A Xunta de Galicia iniciou as obras de humanización da Travesía de Palmeira, no concello de Ribeira, cun investimento próximo aos 3 millóns de euros. Esta actuación abrangue aproximadamente un quilómetro da estrada AC-305 ao seu paso por Palmeira, e ten como obxectivo prioritario a mellora do espazo público, dando preferencia ao tránsito peonil, incorporando novo mobiliario urbano e habilitando zonas verdes.

Segundo a información pública dispoñible, o contrato administrativo foi adxudicado á empresa ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES con data do 16 de decembro de 2024, establecéndose nos pregos un prazo de execución de 15 meses, polo que as obras deberían estar finalizadas arredor de marzo de 2026.

Porén, veciños e veciñas da zona levan semanas alertando da aparente paralización das obras, sinalando que non se observan avances nin presenza de persoal traballando na zona, o que está a xerar preocupación e incerteza sobre o estado real da actuación.





Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta a importancia da obra para a mellora da seguridade viaria, da accesibilidade e da calidade de vida da veciñanza, así como polo volume de investimento público comprometido.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitir, no prazo máximo dun mes, un informe detallado ao Parlamento de Galicia sobre o estado das obras de humanización da Travesía de Palmeira, no concello de Ribeira, que inclúa: o grao de execución actual da obra; o cumprimento do cronograma previsto; as posibles incidencias, modificacións ou suspensións do contrato; as causas da eventual paralización denunciada pola veciñanza e as previsións actualizadas de finalización.
2. Adoptar as medidas necesarias para garantir a reanudación inmediata das obras, no caso de estaren paralizadas, e asegurar o cumprimento dos prazos contractuais.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/04/2026 11:26:24

Carlos López Font na data 13/04/2026 11:26:40

Julio Torrado Quintela na data 13/04/2026 11:26:46

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 11:26:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 11:27:04



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 11:30:22  
**Nº Rexistro: 55051**  
Data envío: 13/04/2026 11:30:22.035

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 11:30:22

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Nazareth Cendán Gayoso, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A situación actual do Grupo Losán constitúe un dos principais desafíos industriais e sociais para a comarca natural de Curtis e a área de influencia do Grupo onde esta empresa desempeña un papel fundamental como xeradora de emprego e dinamizadora da actividade económica.

Nos últimos meses, as dificultades financeiras da compañía, os impagos aos traballadores e a incerteza sobre a súa continuidade teñen provocado unha fonda preocupación social, afectando directamente a centos de familias e, de maneira indirecta, a todo o tecido produtivo vinculado ao sector forestal, ao transporte e aos servizos asociados.

Neste contexto, cómpre salientar a resposta dos 8 concellos da comarca e da área de influencia do Grupo Losán que, con independencia da súa cor política, foron quen de artellar unha posición común en defensa da viabilidade da empresa e do mantemento dos postos de traballo. Esta unidade institucional, liderada de maneira destacada polo Concello de Curtis, representa un exemplo de responsabilidade, altura de miras e compromiso co territorio e coa súa xente.

Fronte a esta mobilización conxunta, resulta especialmente chamativo o silencio mantido durante estes meses polo Concello da Coruña, cidade na que a empresa ten o seu domicilio social e fiscal e onde tamén existen traballadores afectados pola situación. A ausencia dun posicionamento público por parte do goberno





municipal contrasta coa implicación do resto de administracións locais e debilita a necesaria unidade institucional para facer fronte a unha crise de gran impacto económico e social.

A defensa do emprego e da actividade industrial require dunha resposta coordinada e decidida por parte de todas as administracións. Neste sentido, a construción dun fronte común que aglutine a todos os concellos implicados resulta clave para reforzar as demandas dirixidas ás instancias competentes, especialmente ao Goberno do Estado, co obxectivo de garantir a viabilidade da empresa e a continuidade dos postos de traballo.

Resulta necesario promover a implicación de todas as institucións, sen excepción, en defensa dos intereses dos traballadores e do futuro industrial das comarcas afectadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello da Coruña para que se una á fronte común promovida polos 8 concellos da comarca natural e da área de influencia do Grupo Losán, en defensa da viabilidade da empresa e do mantemento dos postos de traballo”.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2026 11:56:59



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 11:57:11  
**Nº Rexistro: 55057**  
Data envío: 13/04/2026 11:57:11.239

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 11:57:12

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/04/2026 13:03:23  
Nº Rexistro: 55064

Data envío: 13/04/2026 13:03:23.764

Asinado o día 13/04/2026 ás 13:02  
Por Rosana Pérez Fe

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Brais Ruanova Vilas-Boas, Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre a execución orzamentaria de 2025 da Consellería de Economía e Industria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galiza (OXG) para o ano 2025 foi presentada polo Goberno do PP como un instrumento clave para a reactivación económica, a transición enerxética e o fortalecemento do tecido industrial galego. Non obstante, o informe de execución orzamentaria a 31 de decembro de 2025 desmonta ese relato oficial e revela unha realidade moi distinta: a da improvisación, os recortes encubertos e a falta de vontade política para dotar de recursos reais ás políticas estratéxicas.

A análise detallada dos datos de execución e modificación de créditos pon de manifesto que a Consellería de Economía e Industria foi a grande penalizada durante o exercicio. Esta sección orzamentaria sufriu unha redución do 32,2% nos seus créditos iniciais, o que supón un recorte líquido de 118,9 millóns de euros. Esta cifra non é un dato menor; é a maior diminución porcentual entre todas as consellarías, superando incluso a seccións como Medio Ambiente ou Medio Rural. Este dismantelamento orzamentario prodúcese nun contexto onde a industria galega afronta desafíos estruturais graves: o peche de plantas produtivas, a falta de relevo xeracional, os altos custos enerxéticos e a dependencia de decisións externas que debilitan a nosa soberanía económica.

Asinado o día 13/04/2026 ás 13:02  
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 13/04/2026 ás 13:02  
Por Brais Ruanova Vilas-Boas



Ao desagregar a execución por programas dentro da área de Economía e Industria, atopamos incoherencias que denotan unha xestión errática:

**1.Eficiencia Enerxética e Renovables (Programa 733A):** Nun momento crítico de crise climática e de prezos da enerxía que asfixia ás pemes industriais, este programa executouse só nun 66,4%, deixando sen gastar 24,7 millóns de euros. Ademais, os seus créditos iniciais foron recortados nun 18,7% durante o ano. Isto evidencia que a transición enerxética en Galiza segue a ser un *slogan* publicitario e non unha realidade orzamentaria.

**2.Fomento da Minaría (Programa 734A):** Con unha execución do 60,5% e un recorte do 27,2% sobre o crédito inicial, amosa a falta de planificación nun sector que require estabilidade normativa e financeira para garantir a sostibilidade ambiental e o interese público nos recursos.

**3.Apoio á Competitividade Empresarial (Programa 741A):** Este é o caso máis paradigmático da hipocrísia do Goberno. Trátase dun programa que se executou case na súa totalidade (**98,9%**), o que demostra que existía demanda real das empresas galegas por estas axudas. Porén, o Goberno decidiu recortar 90,4 millóns de euros (un 46,2% menos do inicialmente previsto) a medio exercicio. Isto deixa a moitas pemes sen o apoio prometido para modernización e internacionalización.

A situación actual da industria en Galiza non permite a dependencia dun orzamento que se modifica á baixa a medio ano e que non se executa, porque ese é un orzamento que abandona ás empresas e ás traballadoras galegas.

Non se pode gobernar modificando orzamentos sen xustificación técnica pública, nin deixar sen executar millóns de euros en políticas clave para o futuro económico de Galiza. A incerteza xerada por estes recortes e pola falta de execución lastra a capacidade de planificación de moitas empresas galegas.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 13:03:23  
**Nº Rexistro: 55064**  
Data envío: 13/04/2026 13:03:23.764

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento da Galiza insta o Goberno galego a:

1. Crear mesas sectoriais permanentes naqueles sectores declarados estratéxicos, con presenza dos clústers ou agrupacións de empresas máis representativas, os tres sindicatos con maior representación na Galiza, os centros tecnolóxicos correspondentes a cada sector, as universidades, a autoridade laboral e a propia administración galega, co obxectivo, entre outros, de facer de xeito participativo un deseño dos orzamentos da Consellería de Economía e Industria adecuado e dimensionado ás necesidades do sector industrial do país que garanta a máxima execución dos fondos de tódalas galegas e galegos.

2. Impulsar a Creación dunha oficina orzamentaria no Parlamento galego como ferramenta de consulta e transparencia ao servizo dos grupos parlamentarios e da sociedade galega.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/04/2026 13:02:33

Noa Presas Bergantiños na data 13/04/2026 13:02:41

Rosana Pérez Fernández na data 13/04/2026 13:02:49



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 13:03:23  
**Nº Rexistro: 55064**  
Data envío: 13/04/2026 13:03:23.764

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 13:03:24

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Paula Prado del Río, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

*Renovación integral das pistas de atletismo de Balaídos.*

### Exposición de motivos

As pistas de atletismo de Balaídos constitúen unha infraestrutura deportiva esencial para a cidade de Vigo e para o conxunto do atletismo galego. Porén, levan anos inmersas nun proceso continuado de deterioro e falta de actuación estrutural que está a prexudicar gravemente a centos de deportistas.

Lonxe de avanzar cara a súa renovación integral, nos últimos anos o que se ten producido é unha sucesión de actuacións parciais e insuficientes. Así, as intervencións máis recentes foron cualificadas polos propios usuarios como auténticas “chapuzas”, denunciando a presenza de zonas resbaladizas, charcos, liñas mal trazadas que mesmo provocan caídas durante a práctica deportiva.

Esta situación acadou un punto especialmente grave coa perda da homologación oficial das pistas, o que impide a celebración de competicións válidas e obriga a desprazar probas a outras cidades, prexudicando directamente aos clubs e atletas vigueses.

A maiores, o peche periódico das instalacións para realizar novos “parches” evidencia a falta dun proxecto serio e definitivo, sendo cualificada esta xestión como unha mostra de “improvisación” e desatención continuada ás instalacións deportivas municipais.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia leva anos amosando a súa disposición a colaborar economicamente na reforma destas instalacións, chegando a comprometer investimentos millonarios e mesmo a aceptar acordos de financiamento compartido co Concello de Vigo.





De feito, ambas administracións chegaron a anunciar acordos para cofinanciar ao 50% as obras das pistas, o que facía prever o desbloqueo dunha infraestrutura longamente demandada. Non obstante, a realidade é que, a día de hoxe, a actuación segue sen materializarse.

Resulta especialmente rechamante que, unha vez superados obstáculos urbanísticos como a aprobación do novo plan xeral, a situación continúe paralizada sen explicacións convincentes, perpetuando unha situación de abandono que afecta directamente ao deporte base e ao alto rendemento.

En consecuencia, a falta de compromiso e impulso por parte do Concello de Vigo está a converterse nun freo evidente para a execución dun proxecto considerado prioritario, mentres os deportistas seguen sufrindo as consecuencias dunha infraestrutura obsoleta e deficiente.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Concello de Vigo as seguintes demandas:

1. Poñer fin á situación de bloqueo e a asumir, con carácter inmediato, as súas responsabilidades como titular das instalacións, impulsando a renovación integral das pistas de atletismo de Balaídos.
2. Abandonar a política de actuacións parciais e solucións provisionais (“parches”) que non resollen os problemas estruturais da instalación.
3. Establecer un calendario claro, público e verificable para a execución das obras, garantindo a recuperación da homologación e unhas condicións dignas para a práctica deportiva.
4. Colaborar lealmente coa Xunta de Galicia para materializar os acordos de financiamento xa comprometidos e desbloquear definitivamente este proxecto.

Asemade, insta Xunta de Galicia a continuar ofrecendo colaboración institucional e económica, reiterando o carácter prioritario desta actuación para o deporte galego.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2026 13:28:35





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 13:29:08



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego para revertir os deterioro estrutural do tecido produtivo galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Consello da Xunta do pasado 3 de marzo o presidente Rueda gabouse dos datos en materia de industria de Galiza mais a realidade, lonxe dos anuncios, é ben distinta.

Os datos oficiais do IGE e do INE referidos ao período 2023-2025 evidencian un deterioro estrutural do noso tecido industrial que esixe unha resposta política decidida e transformadora:

- O peso da industria no PIB galego caeu do 16,2% en 2023 ao 15,6% en 2025 (-0,6 puntos porcentuais).
- Na industria manufacturera, a caída foi do 12,1% ao 11,9% no mesmo período.
- O Índice de Producción Industrial (IPI) galego en manufactura sitúase en 90,332, por debaixo da media estatal (92,522).
- Aínda que o IPI xeral de decembro de 2025 (97,326) supera a media estatal, non acadamos aínda os niveis de produción de 2021 (ano base = 100), a pesar de ter creado ad hoc unha sociedade público-privada (Impulsa Galicia) para captar fondos europeos de recuperación para revertir a perda de capacidade industrial.



- Nove comunidades autónomas presentan mellores índices de produción industrial que Galiza (Andalucía, Aragón, Balears, Canarias, Castela e León, Castela A Mancha, Extremadura, Madrid e Murcia )
- O emprego industrial, aínda que creceu un 1,9%, perdeu peso relativo no total da ocupación: do 14,16% ao 14,07%.

Estes indicadores confirman que o modelo económico impulsado pola Xunta do PP afonda na dependencia extractivista, na terciarización precaria e na perda de capacidade produtiva propia.

Aínda que no peche de 2025 o IPI xeral de Galiza supere o da media estatal, non supón unha posición consolidada, pois en 2024, só un ano antes o IPI galego estaba por debaixo da media estatal.

Se atendemos ao subsector da manufactura o IPI galego está por debaixo do estatal: 90,332 fronte ao 92,522 que é un dado negativo.

Outro dado negativo é que o IPI galego supera en 2025 a o estatal en fornecemento de enerxía eléctrica, un dado representativo da nosa posición como nación produtora e exportadora de electricidade, sen contrapartidas e dependente das necesidade da produción industrial e do consumo de comunidades como Madrid.

No sector de industria extractivas to IPI galego tamén superou ao estatal nos dous primeiros exercicios deste período, outra demostración do papel dependente e de espolio de recursos que temos asignado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento da Galiza insta o Goberno galego a:



1. Deseñar e poñer en marcha en colaboración co CES un Plan de Fomento da Actividade Tecnolóxica e Industrial que marque o obxectivo de chegar ao 20% do PIB industrial no horizonte do 2032.

O Plan consistirá nun conxunto de políticas públicas coordinadas para a promoción dun tecido industrial orientado á creación de valor engadido e emprego de calidade no longo prazo, e contará cun sistema de medidas de fomento do investimento e unha programación orzamentaria plurianual de varios departamentos, dirixida a financiar o desenvolvemento, transformación e innovación dos diferentes sectores estratéxicos da economía galega priorizando as sinerxías que existan entre eles e o afianzamento dos seus centros de traballo no territorio.

2. Crear instrumentos propios de crédito que pulen polo sector industrial. A comezar pola posta en marcha do Instituto Galego de Crédito, como primeiro chanzo cara unha banca pública galega, que permita promover e reter os investimentos da Xunta de Galiza na economía produtiva e, como mecanismo de acción directa que cree músculo financeiro, crear un Fondo Soberano para os Investimentos Estratéxicos dotado con 400 millóns de euros iniciais, coa previsión de chegar aos 1.200 millóns até o 2030.

Este fondo priorizará o investimento público na consolidación e fortalecemento dos sectores estratéxicos (enerxético, alimentario, forestal, naval, automoción, téxtil, biotecnolóxico, datos, ...), na defensa da galegitude e o enraizamento das empresas, e no desenvolvemento de sectores emerxentes e con grande capacidade de crecemento.

3. Crear mesas sectoriais permanentes en tódolos sectores declarados estratéxicos con presenza, como mínimo, da administración, os clústers, os sindicatos, as universidades, os centros tecnolóxicos (de ser o caso) e a autoridade laboral que funcione como un espazo de diálogo, análise e proposta de medidas.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 13:40:14  
**Nº Rexistro: 55070**  
Data envío: 13/04/2026 13:40:14.532

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/04/2026 13:38:02

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/04/2026 13:38:16

Ana Pontón Mondelo na data 13/04/2026 13:38:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 13:40:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 13:40:14  
**Nº Rexistro: 55070**  
Data envío: 13/04/2026 13:40:14.532

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición no de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

### Exposición de motivos

A educación universitaria constitúe un dos piares fundamentais para o desenvolvemento social, económico e territorial de Galicia.

Neste sentido, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo unha política activa de apoio ao acceso á universidade, destacando especialmente a gratuidade da matrícula universitaria nos estudos de grao, a extensión desta medida ás ensinanzas artísticas superiores e a conxelación das taxas académicas.

Estas medidas sitúan a Galicia entre as comunidades autónomas con prezos universitarios máis baixos de España, facilitando o acceso á educación superior e reducindo as barreiras económicas para as familias.

Ademais, Galicia avanza cara a un modelo de financiamento sólido, acadando un investimento público nas universidades equivalente ao 1% do PIB, en liña cos obxectivos establecidos na Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) para 2030.

Este compromiso permite garantir: a estabilidade do sistema universitario, a calidade da docencia e da investigación e a igualdade de oportunidades.

Fronte a isto, cómpre lembrar que outras administracións seguen sen adoptar medidas equivalentes, mantendo diferenzas significativas no acceso á universidade no conxunto do Estado.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia:

- 1.- Recoñece e valora positivamente as políticas da Xunta de Galicia en materia de acceso á educación universitaria, en particular a gratuidade da matrícula de grao.
- 2.- Destaca o esforzo da Xunta en financiamento universitario, acadando niveis próximos ao 1% do PIB.
- 3.- Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para avanzar nun modelo de financiamento universitario máis equitativo, que permita garantir a igualdade real de oportunidades en todo o territorio.
- 4.- Anima á Xunta de Galicia a continuar reforzando estas políticas, ampliando medidas de apoio ao alumnado”.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2026 13:40:40





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 13:40:53



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Na comarca do Ortegal vense rexistrando de maneira reiterada importantes deficiencias na cobertura do servizo de pediatría, cunha falta estrutural de profesionais que impide garantir unha atención sanitaria adecuada á poboación infantil.

Esta situación tradúcese en consultas sen cubrir, desprazamentos obrigados das familias a outros centros sanitarios, acumulación de pacientes noutros profesionais e unha atención intermitente e insuficiente, que xera incerteza e preocupación nas familias. Ademais, a falta de estabilidade na cobertura





pediátrica dificulta o seguimento continuado da saúde infantil, algo esencial nas primeiras etapas da vida.

As áreas rurais como a comarcal do Ortegal sofren con maior intensidade os efectos dunha planificación sanitaria deficiente, evidenciando unha desigualdade territorial no acceso aos servizos públicos básicos que resulta inaceptable. A ausencia de incentivos, a falta de planificación e a non cobertura das prazas vacantes agravan unha problemática que require dunha resposta inmediata por parte da Xunta de Galicia.

Non se trata dun problema puntual, senón dunha situación estrutural que demanda medidas urxentes e unha planificación a medio e longo prazo que garanta a presenza estable de profesionais de pediatría en todos os concellos da comarca.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e executar de maneira urxente un plan específico de cobertura pediátrica para a comarca do Ortegal que garanta a presenza estable e continuada de profesionais de pediatría en todos os centros de saúde da zona.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 15:33:28

Julio Torrado Quintela na data 13/04/2026 15:33:35

Silvia Longueira Castro na data 13/04/2026 15:33:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 15:33:47



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55087**  
Data envío: 13/04/2026 15:37:16.311

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 15:37:17

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Na comarca do Ortegal vense rexistrando de maneira reiterada importantes deficiencias na cobertura do servizo de pediatría, cunha falta estrutural de profesionais que impide garantir unha atención sanitaria adecuada á poboación infantil.

Esta situación tradúcese en consultas sen cubrir, desprazamentos obrigados das familias a outros centros sanitarios, acumulación de pacientes noutros profesionais e unha atención intermitente e insuficiente, que xera incerteza e preocupación nas familias. Ademais, a falta de estabilidade na cobertura





pediátrica dificulta o seguimento continuado da saúde infantil, algo esencial nas primeiras etapas da vida.

As áreas rurais como a comarcal do Ortegal sofren con maior intensidade os efectos dunha planificación sanitaria deficiente, evidenciando unha desigualdade territorial no acceso aos servizos públicos básicos que resulta inaceptable. A ausencia de incentivos, a falta de planificación e a non cobertura das prazas vacantes agravan unha problemática que require dunha resposta inmediata por parte da Xunta de Galicia.

Non se trata dun problema puntual, senón dunha situación estrutural que demanda medidas urxentes e unha planificación a medio e longo prazo que garanta a presenza estable de profesionais de pediatría en todos os concellos da comarca.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cubrir de forma inmediata todas as prazas vacantes de pediatría na comarca do Ortegal, evitando situacións de interinidade prolongada ou ausencia de profesionais.
2. Garantir a continuidade asistencial da poboación infantil, evitando desprazamentos innecesarios das familias a outros concellos ou áreas sanitarias.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 15:33:55

Julio Torrado Quintela na data 13/04/2026 15:34:02

Silvia Longueira Castro na data 13/04/2026 15:34:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 15:34:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 15:37:55



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55089**  
Data envío: 13/04/2026 15:37:55.135

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición no de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, lidera actualmente as actuacións para dar resposta ás necesidades de acceso á vivenda na cidade da Coruña co obxectivo de ampliar o seu parque público residencial.

A día de hoxe, existen máis de 1.000 vivendas de promoción pública en marcha na cidade, cun investimento que supera os 200 M€.

Destacan os proxectos de vivenda pública no barrios de Xuxán e noutras zonas residenciais, como as vivendas públicas na rúa Rei Abdullah; tamén os proxectos destinados preferentemente a fogares para mozos no barrio de Elviña, a creación de aloxamentos compartidos para menores de 36 anos ou as intervencións no centro histórico, como a rehabilitación de edificios para alugueiro accesible. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia está a promover o desenvolvemento de máis solo residencial en Monte Mero, un novo barrio, que, poderá acoller ata 4.397 vivendas, 3.521 delas protexidas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a Continuar a impulsar a construción de vivenda pública na Coruña e seguir a avanzar no impulso da





PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/04/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55101**  
Data envío: 13/04/2026 16:22:49.054

vivenda protexida nesta cidade, a través da mobilización de solo e da colaboración con outras administracións e de carácter público-privada”.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2026 16:22:29



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 16:22:49



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55101**  
Data envío: 13/04/2026 16:22:49.054

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A Xunta de Galicia está a implementar medidas orientadas a adecuar, de maneira progresiva, a demanda de emprego á oferta existente, co obxectivo de reducir o desemprego. Neste marco, estanse a potenciar as políticas activas de emprego mediante o fomento da educación por competencias, o impulso á formación das persoas traballadoras e a incorporación de novas ferramentas tecnolóxicas baseadas na intelixencia artificial e no big data.

Neste senso, a modernización da oficina virtual de empresas resulta esencial para que Galicia conte cun servizo público de emprego adaptado ás novas demandas do mercado laboral, cun reforzo das políticas activas de emprego e un uso eficaz das novas tecnoloxías, avanzando cara a unha maior autonomía e capacidade de autoxestión das entidades empregadoras.

A creación de 130 novas prazas da escala de orientación laboral nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, cuxa toma de posesión está prevista no primeiro semestre de 2026, constitúe unha oportunidade histórica para consolidar e profesionalizar a rede pública de orientación laboral en Galicia. Esta incorporación permitirá reforzar de maneira estrutural a capacidade de atención personalizada nas oficinas de emprego, complementando o modelo baseado na colaboración con entidades externas e apostando por un servizo público propio, estable e de calidade.





Desde o Grupo Popular traballamos para que os servizos públicos de emprego sexan máis accesibles, próximos e dinámicos tanto para as persoas demandantes de emprego como para o tecido empresarial galego, garantindo unha atención áxil e eficaz ás súas necesidades, ademais de avanzar no desenvolvemento do programa intensivo da demanda de emprego para garantir que, nas listas, figuren aquelas persoas que efectivamente son demandantes efectivos de emprego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir reforzando a calidade e a capacidade da rede de orientación laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia, aproveitando a incorporación das 130 novas prazas da escala de orientación laboral nas oficinas de emprego durante o primeiro semestre de 2026, para garantir a mellora do catálogo de servizos que se ofrecen ás persoas demandantes de emprego e ás entidades empregadoras, incluíndo un asesoramento integral e personalizado sobre as súas necesidades de persoal, a intermediación laboral e o acompañamento na inserción profesional”.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2026 16:41:22





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 16:41:35





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/04/2026 17:22:32  
Nº Rexistro: 55124  
Data envío: 13/04/2026 17:22:32.248

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a modificación orzamentaria no Programa 561A relativa ao Plan de I+D+i en 2025.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último informe remitido pola Xunta de Galiza ao Parlamento relativo ao grao de execución orzamentaria e as modificacións de crédito nos orzamentos de 2025 salienta unha redución do 43% do diñeiro inicialmente consignado ao Programa 561A relativo ao Plan de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Falamos dunha redución de 89 millóns de euros, case a metade do diñeiro inicialmente previsto, pasando de 206,6 millóns a 117, 6 millóns de euros.

Tendo en conta a importancia estratéxica que a xeración de coñecemento ten para o sistema produtivo e económico galego, cómpre que a Xunta de Galiza explique a que se debe esa mudanza. Máis aínda se temos en conta que do orzamento finalmente consignado (logo da modificación de crédito) a Xunta de Galiza deixou sen executar en 2025 o 10%, isto é, máis de 11 millóns de euros.

Cómpre lembrar que, entre 2019 e 2024 o goberno do Partido Popular na Xunta deixou sen executar máis de 220 millóns de euros do Plan galego de investigación (Programa 561A), case o 30% do orzamento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

Asinado o día 13/04/2026 ás  
17:21  
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 13/04/2026 ás  
17:21  
Por Olalla Rodil Fernández





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 17:22:32  
**Nº Rexistro: 55124**  
Data envío: 13/04/2026 17:22:32.248

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara un informe detallado dos investimentos realizados nos últimos cinco anos no marco do Programa 561A relativo ao Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica no que se inclúa tamén información referida ás partidas de destino daquelas modificacións de crédito que ocasionaran unha redución do crédito inicialmente previsto no devandito programa”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/04/2026 17:21:18

Noa Presas Bergantiños na data 13/04/2026 17:21:24



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 17:22:32  
**Nº Rexistro: 55124**  
Data envío: 13/04/2026 17:22:32.248

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 17:22:32

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **katherinie Varela Fernández, Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Moisés Rodríguez Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

### *Supresión pasos a nivel en Monforte de Lemos*

#### Exposición de motivos

O pasado mes de setembro de 2024 comezaron en Monforte de Lemos as obras relativas a supresión de dous pasos a nivel na cidade: P.K. 361/620 e 361/845, coñecidos como o Paso Nivel de Río e Paso Nivel de Xoan Montes.

Trátase dunhas importantes obras que afectarían positivamente a un entorno da cidade tradicionalmente abandonado polo actual goberno municipal, cunha inversión de 8.273.522 €.

O prazo de execución de esta obra era de 16 meses, sen embargo, cumprida a data comprometida, as obras levan meses completamente paradas, ocasionando un enorme dano a os veciños, que xa denunciaron a situación ante os medios de comunicación.

A vista de que parece que Adif abandona tamén esta parte da cidade sen proceder a conclusión das obras, deixando accesos cortados e molestando a os veciños sen comunicar a conclusión das mesmas, que ademais, polo aspecto que presenta todo parece indicar que aínda queda moito por facer: A explanación dos novos viais estaba avanzada pero ningún consta asfaltado, e a excavación do paso inferior, elemento central do proxecto, segue sen iniciarse.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión.





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Ministerio de Transportes e Movilidade Sostible e a Adif a seguinte demanda:

1. Concluir as obras de supresión dos pasos a nivel de Monforte de Lemos denominados Rio Seco e Xoan Montes.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2026 17:23:23



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 17:23:59



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 17:23:58  
**Nº Rexistro: 55129**  
Data envío: 13/04/2026 17:23:58.729

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A vertebración territorial e a cohesión social son principios fundamentais para garantir a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento equilibrado do conxunto de Galicia. Neste contexto, as infraestruturas viarias constitúen un elemento clave para asegurar a conectividade das comarcas, facilitar a mobilidade da cidadanía e impulsar a actividade económica.

A comarca do Ortegal leva décadas sufrindo unha situación de illamento progresivo derivado da falta de investimentos en infraestruturas estratéxicas, o que limita as súas posibilidades de desenvolvemento e agrava a perda de poboación. Un dos exemplos máis evidentes desta realidade é a ausencia de avances na construción da Vía de Alta Capacidade (VAC) da Costa Norte.

Esta infraestrutura foi planificada hai anos e figura reiteradamente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, pero a realidade é que non se produciu ningún avance significativo na súa execución desde os grandes avances iniciais realizados durante o goberno bipartito presidido por Emilio Pérez Touriño. A reiteración anual desta actuación nos orzamentos, sen execución real, evidencia unha falta de compromiso político e unha utilización meramente formal desta infraestrutura.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



A VAC da Costa Norte é unha actuación estratéxica imprescindible para garantir a conexión da comarca do Ortegal e a súa contorna co resto de Galicia, mellorar a seguridade viaria, reducir tempos de desprazamento e facilitar o acceso a servizos básicos, contribuíndo así a fixar poboación e dinamizar o tecido económico.

A falta de execución desta infraestrutura supón, na práctica, condenar a comarca ao illamento e á perda de oportunidades, perpetuando un desequilibrio territorial incompatible cun modelo de país cohesionado e igualitario.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia abandone a inacción e adopte medidas reais para facer efectiva esta infraestrutura estratéxica.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar de maneira inmediata a execución da Vía de Alta Capacidade (VAC) da Costa Norte, establecendo un calendario concreto, público e verificable para o inicio e desenvolvemento das obras.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 17:22:58

Carlos López Font na data 13/04/2026 17:23:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 17:23:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 17:28:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 17:28:20  
**Nº Rexistro: 55131**  
Data envío: 13/04/2026 17:28:20.260

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A vertebración territorial e a cohesión social son principios fundamentais para garantir a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento equilibrado do conxunto de Galicia. Neste contexto, as infraestruturas viarias constitúen un elemento clave para asegurar a conectividade das comarcas, facilitar a mobilidade da cidadanía e impulsar a actividade económica.

A comarca do Ortegal leva décadas sufrindo unha situación de illamento progresivo derivado da falta de investimentos en infraestruturas estratéxicas, o que limita as súas posibilidades de desenvolvemento e agrava a perda de poboación. Un dos exemplos máis evidentes desta realidade é a ausencia de avances na construción da Vía de Alta Capacidade (VAC) da Costa Norte.

Esta infraestrutura foi planificada hai anos e figura reiteradamente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, pero a realidade é que non se produciu ningún avance significativo na súa execución desde os grandes avances iniciais realizados durante o goberno bipartito presidido por Emilio Pérez Touriño. A reiteración anual desta actuación nos orzamentos, sen execución real, evidencia unha falta de compromiso político e unha utilización meramente formal desta infraestrutura.





A VAC da Costa Norte é unha actuación estratéxica imprescindible para garantir a conexión da comarca do Ortegal e a súa contorna co resto de Galicia, mellorar a seguridade viaria, reducir tempos de desprazamento e facilitar o acceso a servizos básicos, contribuíndo así a fixar poboación e dinamizar o tecido económico.

A falta de execución desta infraestrutura supón, na práctica, condenar a comarca ao illamento e á perda de oportunidades, perpetuando un desequilibrio territorial incompatible cun modelo de país cohesionado e igualitario.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia abandone a inacción e adopte medidas reais para facer efectiva esta infraestrutura estratéxica.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar ante Cámara galega, no prazo máximo de dous meses, un informe detallado sobre o estado actual do proxecto, incluíndo fases de planificación, tramitación administrativa e previsión de execución.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 17:23:18

Carlos López Font na data 13/04/2026 17:23:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 17:23:30



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 17:28:57



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 17:28:56  
**Nº Rexistro: 55133**  
Data envío: 13/04/2026 17:28:56.365

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

### Exposición de motivos

A vertebración territorial e a cohesión social son principios fundamentais para garantir a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento equilibrado do conxunto de Galicia. Neste contexto, as infraestruturas viarias constitúen un elemento clave para asegurar a conectividade das comarcas, facilitar a mobilidade da cidadanía e impulsar a actividade económica.

A comarca do Ortegal leva décadas sufrindo unha situación de illamento progresivo derivado da falta de investimentos en infraestruturas estratéxicas, o que limita as súas posibilidades de desenvolvemento e agrava a perda de poboación. Un dos exemplos máis evidentes desta realidade é a ausencia de avances na construción da Vía de Alta Capacidade (VAC) da Costa Norte.

Esta infraestrutura foi planificada hai anos e figura reiteradamente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, pero a realidade é que non se produciu ningún avance significativo na súa execución desde os grandes avances iniciais realizados durante o goberno bipartito presidido por Emilio Pérez Touriño. A reiteración anual desta actuación nos orzamentos, sen execución real, evidencia unha falta de compromiso político e unha utilización meramente formal desta infraestrutura.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



A VAC da Costa Norte é unha actuación estratéxica imprescindible para garantir a conexión da comarca do Ortegal e a súa contorna co resto de Galicia, mellorar a seguridade viaria, reducir tempos de desprazamento e facilitar o acceso a servizos básicos, contribuíndo así a fixar poboación e dinamizar o tecido económico.

A falta de execución desta infraestrutura supón, na práctica, condenar a comarca ao illamento e á perda de oportunidades, perpetuando un desequilibrio territorial incompatible cun modelo de país cohesionado e igualitario.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia abandone a inacción e adopte medidas reais para facer efectiva esta infraestrutura estratéxica.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a garantir unha dotación orzamentaria suficiente no presente exercicio orzamentario para a execución efectiva desta infraestrutura, evitando a súa inclusión meramente formal sen desenvolvemento real.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 17:23:37

Carlos López Font na data 13/04/2026 17:23:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 17:23:48



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 17:29:31



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 17:29:31  
**Nº Rexistro: 55135**  
Data envío: 13/04/2026 17:29:31.231

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font, Patricia Iglesias Rey e Julio Torrado Quintela**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

## Exposición de motivos

A vertebración territorial e a cohesión social son principios fundamentais para garantir a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento equilibrado do conxunto de Galicia. Neste contexto, as infraestruturas viarias constitúen un elemento clave para asegurar a conectividade das comarcas, facilitar a mobilidade da cidadanía e impulsar a actividade económica.

A comarca do Ortegal leva décadas sufrindo unha situación de illamento progresivo derivado da falta de investimentos en infraestruturas estratéxicas, o que limita as súas posibilidades de desenvolvemento e agrava a perda de poboación. Un dos exemplos máis evidentes desta realidade é a ausencia de avances na construción da Vía de Alta Capacidade (VAC) da Costa Norte.

Esta infraestrutura foi planificada hai anos e figura reiteradamente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, pero a realidade é que non se produciu ningún avance significativo na súa execución desde os grandes avances iniciais realizados durante o goberno bipartito presidido por Emilio Pérez Touriño. A reiteración anual desta actuación nos orzamentos, sen execución

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





real, evidencia unha falta de compromiso político e unha utilización meramente formal desta infraestrutura.

A VAC da Costa Norte é unha actuación estratéxica imprescindible para garantir a conexión da comarca do Ortegal e a súa contorna co resto de Galicia, mellorar a seguridade viaria, reducir tempos de desprazamento e facilitar o acceso a servizos básicos, contribuíndo así a fixar poboación e dinamizar o tecido económico.

A falta de execución desta infraestrutura supón, na práctica, condenar a comarca ao illamento e á perda de oportunidades, perpetuando un desequilibrio territorial incompatible cun modelo de país cohesionado e igualitario.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia abandone a inacción e adopte medidas reais para facer efectiva esta infraestrutura estratéxica.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir unha dotación orzamentaria suficiente no presente exercicio orzamentario para a execución efectiva desta infraestrutura, evitando a súa inclusión meramente formal sen desenvolvemento real.

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/04/2026 17:23:56

Carlos López Font na data 13/04/2026 17:24:04

Patricia Iglesias Rey na data 13/04/2026 17:24:11

Julio Torrado Quintela na data 13/04/2026 17:24:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 17:24:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 17:29:52



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/04/2026 17:29:51  
**Nº Rexistro: 55136**  
Data envío: 13/04/2026 17:29:51.856

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

## Exposición de motivos

Durante o debate de estado de autonomía 2026 o presidente da Xunta de Galicia Alfonso Rueda anunciou con notoria solemnidade a súa convicción de ter que intervir sobre o que consideraba o grave problema no sistema empresarial – laboral galego, as baixas de traballadores e traballadoras.

Máis alá das evidentes implicacións no mercado laboral que ten o feito de considerar este problema e non outros, que presentan datos realmente preocupantes, esta iniciativa ten implicacións directas sobre o sistema sanitario.

A intervención do propio presidente definiu a intención de “dar máis importancia ás mutuas aseguradoras no proceso de baixas e altas laborais”. Esta idea supón unha desfeita dun funcionamento ordenado que leva transcorrendo durante décadas. Sendo a baixa laboral por motivo de incapacidade por cuestión de saúde é un dereito laboral que vén sendo decidido e ditaminado polos profesionais do sistema público de saúde, *a priori* o colectivo máis indicado para facer unha avaliación obxectiva e non suxeita a intereses. Os problemas que poida derivar unha baixa nunha produción empresarial chocan co dereito laboral dunha persoa traballadora a non exercer un traballo que complique e dificulte a súa saúde. Esta dicotomía coloca aos profesionais do sistema público de saúde

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





nun labor de intermediación poñendo ao servizo dela os criterios sanitarios debidos, e dando a estes profesionais un labor mediador.

A intención anunciada polo titular do Goberno de Galicia é alterar este escenario por completo. Resulta difícil concretar con certeza ata onde chegará a medida, pois as propostas non concretaron situacións e decisións concretas, e o propio debate de propostas do debate do estado da autonomía contou cunha proposta deformada do Grupo Popular que pareceu non ser capaz de expresar realmente a súa intención. Con todo, as declaracións dos membros do Goberno galego, en particular do presidente, apuntan a unha vulneración das funcións dos profesionais facendo intervir ás mutuas (servizos de saúde laboral que son “de parte”, por estar financiadas e contratadas polas empresas).

O descrédito que se transmite sobre os profesionais sanitarios, así como outras implicacións evidentes sobre o seu labor xeran a evidente sensación dunha ruptura de confianza do Goberno de Galicia sobre o funcionamento do sistema sanitario público de Galicia e os seus profesionais.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Rectificar os seus anuncios sobre a intención de modificar os procedementos para o ditame das baixas laborais e das altas correspondentes.
2. Transmitir de maneira explícita e contundente a súa total confianza nos profesionais do sistema público de saúde para os labores relacionados con esta función.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



3. Reforzar os servizos de inspección cunha convocatoria extraordinaria de prazas para este servizo que permita ser máis efectivos nos procedementos.

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/04/2026 18:11:32

Silvia Longueira Castro na data 13/04/2026 18:11:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 18:11:46





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 18:14:38



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ao deficiente estado no que se atopan os portos do concello de Ribeira e á necesidade de investimentos nos mesmos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do BNG vén cuestionando dende hai anos, tamén en sede parlamentaria, a política de Portos de Galiza respecto do mal estado e da falta de mantemento e de conservación de moitos dos 122 portos titularidade do ente público.

Así, a deficiente xestión dos portos acumúlase dun extremo a outro do país e os seus usuarios padecen día a día as consecuencias, que contrastan dun xeito moi elocuente cos ingresos recadados por taxas e prestación de servizos portuarios por parte de Portos de Galiza.

E ese contraste refléxase dun xeito nítido na realidade diaria dos peiraos e no clamoroso descontento das persoas que os utilizan a diario para desenvolver a súa actividade, nas súas queixas pola falta de mantemento e de servizos nos portos e tamén pola falta dos subministrados máis básicos para realizala con normalidade.

É o caso das instalacións portuarias do concello de Ribeira, cuxo estado actual evidencia unha situación de abandono por parte do Goberno galego que está a afectar de maneira directa tanto á seguridade como á actividade diaria dos profesionais do mar e tamén da propia veciñanza que emprega os espazos portuarios.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nos distintos peiraos do concello veñen acumulándose deficiencias graves, entre as que destacan a falta de limpeza xeneralizada, o deterioro do pavimento das estradas no porto de Ribeira ou a presenza de elementos perigosos sen reparar, como a ausencia da tapa dun sumidoiro na contorna da lonxa vella, que tardou 13 días en sinalizarse correctamente, malia tratarse dun oco de varios metros de profundidade que supoñía un risco para a seguranza viaria e tamén para os viandantes.

No tocante á iluminación, recibimos queixas dos profesionais dos peiraos da Ameixida, Corrubedo e Castiñeiras, das que Portos é coñecedor dende hai meses e ás que aínda non atendeu. Do mesmo xeito, o estado de ramplas e escaleiras, elementos empregados diariamente polos mariñeiros, son tamén vellas deficiencias sen solucionar en Castiñeiras ou Aguiño. E en canto á falta de seguridade, en Corrubedo permanece danado un muro dende os últimos temporais, que supón un risco evidente para as persoas usuarias.

O abandono do porto comercial de Ribeira precisa dun capítulo a parte, tanto polo abandono que sofre como polo descenso no volume de descargas, constatado polos propios datos oficiais e alarmante no caso das de buques mercantes e atuneiros. Unha situación preocupante e que xa vén tendo repercusións negativas no número de empregos e de ingresos e ante a que os responsábeis de Portos e da Xunta de Galiza permanecen de brazos cruzados namentres esmorece un sector que é vital para a economía de Ribeira e de toda a comarca da Barbanza. Infelizmente, parece que o patrón é o mesmo que vén acontecendo coa perda de produtividade das rías, diante da que a Consellaría de Mar continúa sen acometer actuacións estruturais para remediala.

Por se todo este panorama fose pouco, debemos sumar a presenza de barcos abandonados como é o caso do barco Awadi, devastado por un incendio no mes de setembro, e doutro bo número deles que permanecen inactivos e que levan amarrados a porto moito tempo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estas son algunhas das eivas e problemas que presentan os peiraos de Ribeira que, a pesar de seren trasladados en múltiples ocasións, non recibiron ata agora ningunha actuación para a súa solución. De feito o Consello Sectorial de Pesca xa reflectía algunhas destas cuestións na reunión celebrada o 14 de marzo de 2025 e que lle foron notificadas a Portos daquela ao igual que un informe remitido polo Concello de Ribeira.

Diante da situación descrita, a necesidade de investimentos e da planificación necesaria para reverter o abandono nos portos do concello de Ribeira é máis clara ca nunca, xa que estamos a falar de infraestruturas fundamentais para un sector fundamental do que vive gran parte da poboación ribeirense.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1- Garantir, en cumprimento da normativa vixente, a prestación de servizos portuarios, nomeadamente os máis básicos, nos portos de titularidade autonómica.

2- Elaborar, tal e como solicitaba o Consello Sectorial de Pesca de Ribeira de marzo de 2025, un plan de actuación en materia de mantemento, iluminación, seguridade e dragaxe dos portos, cun orzamento detallado e un calendario concreto para garantir o seu seguimento.

3- Eximir das taxas e tarifas que abonan os usuarios dos portos de Ribeira naqueles casos onde os servizos non se presten ou sexan deficientes.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4- Estudar medidas que permitan paliar o declive da descarga de tónidos no porto comercial de Ribeira e avaliar alternativas que permitan manter o nivel de actividade nesta infraestrutura.

5- Manter contacto e diálogo permanente cos usuarios dos portos, nomeadamente cos profesionais do mar, á hora de tomar decisións que poidan afectar ao desenvolvemento da súa actividade, co obxectivo de buscar sempre alternativas viábeis e acaídas que palíen os prexuízos que se puideran ocasionar”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/04/2026 9:06:50

Carmela González Iglesias na data 14/04/2026 9:06:58

Daniel Castro García na data 14/04/2026 9:07:05

Óscar Insua Lema na data 14/04/2026 9:07:17

Paulo Ríos Santomé na data 14/04/2026 9:07:25





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 9:12:50



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á elaboración e presentación do Plan Xestión Integral da Auga.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 10 de abril de 2026 o Parlamento de Galiza no Debate de política xeral adoptou, por unanimidade, a proposta de resolución nº 31, que insta a Xunta de Galiza a elaborar e presentar, antes de rematar o ano 2026, un Plan de Xestión Integral da Auga. Trátase dun Plan que debe incluír a planificación hidrolóxica, a protección dos ecosistemas acuáticos e a adaptación ao cambio climático; impulsar a xestión pública e mancomunada, así como a corresponsabilidade e participación cidadá; e garantir o dereito humano á auga e ao saneamento con estándares mínimos de servizo en todo o territorio galego, acompañado dun programa de investimentos conxuntos 2026 2032 coa dotación mínima de 800 millóns de euros.

A resolución aprobada recolle a gravidade dos retos hídricos que afronta Galiza: agravación dos episodios de seca e de inundación, vulnerabilidade de ríos e liñas de auga fronte a cambios de caudal, presión da agricultura, do turismo, da poboación e da industria, así como déficits persistentes de infraestrutura en saneamento e abastecemento, particularmente en áreas rurais e periurbanas. A ausencia dun plan de xestión integral e interinstitucional supón un risco para a cohesión territorial, a garantía dos servizos públicos esenciais e a capacidade de adaptación do territorio ao cambio

Asinado o día 14/04/2026 ás  
12:16  
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 14/04/2026 ás  
12:16  
Por Montserrat Valcárcel Armesto





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

climático.

O compromiso de 800 millóns de euros, a participación cidadá e a xestión pública e mancomunada que a resolución establece son unha oportunidade para ordenar de xeito estratéxico as políticas hídricas, e ter coherencia os niveis autonómico, provincial e local, e axustar a infraestrutura e a xestión ás directrices da Unión Europea en materia da Directiva Marco de augas, Directiva de augas residuais e obxectivos de adaptación climática. A implementación temperá e transparente deste plan é, polo tanto, unha cuestión de gobernanza democrática, de eficacia orzamentaria e de dereitos sociais, máis que un simple exercicio técnico.

É neste contexto no que se presenta esta iniciativa parlamentaria, co fin de velar pola inmediata activación do proceso de elaboración do Plan de Xestión Integral da Auga, garantir a participación real da cidadanía e das administracións locais, establecer un calendario axeitado e un seguimento parlamentario rigoroso, e asegurar que a inversión comprometida se traduce en actuacións concretas que resolvan as carencias existentes e reforcen a resiliencia dos ecosistemas acuáticos e das comunidades que dependen deles.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

Primeiro. **Publicar, antes do 30 de xullo de 2026**, o calendario de elaboración do Plan de Xestión Integral da Auga previsto na resolución nº 31, aprobada por unanimidade o 10 de abril de 2026, incluíndo as datas das principais fases de anteproxecto, consultas públicas e participación institucional.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Segundo. Constituír un **grupo de traballo interconsellar e interinstitucional** en que participen representantes das consellerías competentes, as deputacións provinciais, os concellos significativos en materia hídrica e de saneamento, as confederacións hidrográficas afectadas e os principais colectivos socioambientais e territoriais, coa finalidade de garantir unha xestión pública, mancomunada e participada.

Terceiro. Presentar **trimestralmente ante a comisión competente do Parlamento** un informe de avances no proceso de elaboración do Plan, nos que se detalle:

- grado de participación obtida,
- as liñas de investimento 2026-2032 que se comezaron a desenrolar,
- e a conformidade co compromiso de dotación mínima de 800 millóns de euros.

Cuarto. Reclamar do Goberno de España a colaboración co Goberno galego na definición dun programa de investimentos conxuntos, encaixado na Planificación Hidrolóxica e na adaptación ao cambio climático, asegurando a coordinación cos Planes Hidrolóxicos das Confederacións Hidrográficas que afectan a Galiza”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/04/2026 12:16:04

Luis Bará Torres na data 14/04/2026 12:16:11



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/04/2026 12:17:45  
**Nº Rexistro: 55184**  
Data envío: 14/04/2026 12:17:45.669

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 12:17:46

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á situación do vertedoiro de Campomarzo (Silleda).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fronte á recente declaración de impacto ambiental desfavorable que ven de facerse pública verbo do proxecto de Bander Residuos S.L.U para a reapertura e ampliación do vertedoiro de Campomarzo en Silleda, o BNG considera necesario que a Xunta actúe con responsabilidade e de forma urxente para solicitar que se leven a cabo as medidas pertinentes sobre o terreo e rematar dunha vez co risco contaminante que supón dende fai anos. Con este procedemento para o que se solicitaba autorización ambiental que foi denegada, a empresa propietaria proxectaba un aumento da capacidade ata chegar ás 25.000t/ano, a admisión de novos códigos LER e unha vida útil de 22 anos máis para o uso do vertedoiro.

Este entrou en funcionamento en 2002, tras unha DIA que establecía unha serie de condicións necesarias para poder comezar a súa actividade e que quedaban recollidas na resolución do 26 de novembro do 2001 do Diario Oficial de Galiza. Co cumprimento destes requisitos, adicionais aos xa expostos no propio proxecto, tratábase de minguar os posibles impactos negativos nos cursos de auga, nos solos, na atmosfera, etc.

Segundo esas premisas, nas instalacións do vertedoiro, con capacidade para almacenar 395.000 TA de residuos, ampliables a 500.000TA, admitiríanse residuos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

inertes, principalmente terras e residuos de construción e de demolición. Para asegurar ese control na entrada, o promotor debería levar un rexistro no que se incluírían, como mínimo, datos como a procedencia ou o destino, a cantidade, a natureza ou o código de identificación (LER) destes. En calquera caso non podía tratarse de residuos solubles nin combustibles e tampouco ser materiais que en contacto con outros puidesen ocasionar danos á saúde e ao medio ambiente, feito que non se cumpriu e que dou lugar a multitude de denuncias por parte de colectivos veciñais, asociacións ambientais e mesmo da Asociación de Recicladores de Construción e Demolición. Esta última, puxo no 2016 enriba da mesa a existencia de presuntas irregularidades na xestión dos residuos nestas instalacións, referíndose ás mesmas como vertedoiro indiscriminado de residuos.

Anos despois da súa posta en funcionamento, xa no 2008, os veciños e veciñas presentaron alegacións en contra da solicitude de autorización ambiental integrada para a legalización da actividade de depósito de residuos de construción e demolición promovida por Explotación Minera de Campomarzo S.A. motivados, entre outros factores, pola posible afección sobre os cursos fluviais, hábitats prioritarios e especies protexidas, ou sobre a Rede Natura 2000. Malia a oposición veciñal, a autorización foi outorgada por parte da Xunta de Galiza no 2010, facendo pasar por un depósito de residuos inertes un vertedoiro no que entraban madeiras, cartóns, plásticos ou outros residuos sen cualificar, continuando así co incumprimento reiterado da normativa que xa comezara anos antes. Queda patente a existencia de residuos improprios cos dous incendios que se produciron nun intervalo de catro anos e que demostraron que se vertían materiais susceptibles de combustión nesa localización, provocando unha sanción de 25.000 euros para a concesionaria, que non realizou as labores de control, separación e xestión destes.

Coa entrada da empresa concesionaria en concurso de acredores, no 2016 cesou a actividade en Campomarzo e, finalmente, rematou en mans da empresa Bander S.L.U,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que agora ven de recibir o referido informe ambiental desfavorable por parte da Consellería de Medio Ambiente. Este, susténtase en informes negativos de Augas de Galicia, que recoñecen explicitamente o perigo de filtracións e lixiviados procedentes dos residuos depositados, cun impacto sobre as concas do Toxa e do Deza, feito que xa se denunciara no 2019 ante o SEPRONA por parte da Asociación Galicia Ambiental.

Hai que ter en conta que no momento de entrada en concurso de acredores, a administración concursal tiña autorización do xulgado para acometer as medidas de vixilancia ambiental que impoñía o plan de restauración, pero estas non foron levadas a cabo. Unha primeira adxudicación foi para a empresa Building Desarrollo que, non exercendo o seu dereito, dou paso a unha segunda adxudicación onde entrou en xogo Bander S.L.U , empresa de recente creación naquel momento.

Finalmente e tras todo o periplo citado, a Xunta de Galiza devolveu daquela de xeito sorprendente a fianza da antiga canteira de Campomarzo a petición da administración concursal e co vertedoiro xa vendido. Neste período foron varios os incidentes de desbordamentos da balsa de lixiviados con vertido directo ao río Toxa, xustificados por fallas nas equipas de bombeo e denunciados pola veciñanza e o BNG de Silleda sen resultado.

Que a Consellería de Medio Ambiente admita agora a través deste informe desfavorable a existencia de problemas ambientais e non asuma a súa obriga legal de xeito inmediato é unha situación seria, tendo en conta que durante todos estes anos dende o comezo da actividade do vertedoiro se produciron problemas que non deron lugar a interrupcións da actividade por vulnerar a normativa, coa connivencia polo tanto da administración. Pero a gravidade é aínda maior se lembramos que o vertedoiro está situado a escasos metros da Rede Natura e preto da captación de augas para o abastecemento humano de Merza, o que fai inxustificable a situación da ausencia de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

medidas para evitar o vertido de metais pesados ao medio e ás concas próximas, a liberación de gases, o risco de incendios ou a afección de hábitats prioritarios.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Actuar de xeito inmediato co obxecto de velar polo cumprimento da normativa vixente para que os propietarios procedan á eliminación dos residuos impropios do vertedoiro de Campomarzo e a súa restauración ambiental.

2. Instar por parte da Consellería de Medio Ambiente aos propietarios a proceder ao tratamento de lixiviados derivados do vertedoiro de Campomarzo, impedindo as filtracións cara as concas próximas, a escasos metros de distancia.

3. Levar a cabo unha avaliación dos terreos ocupados polo vertedoiro e circundantes para valorar a existencia de contaminación na zona.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/04/2026 12:48:31

Luis Bará Torres na data 14/04/2026 12:48:37

José Manuel Golpe Acuña na data 14/04/2026 12:48:47



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/04/2026 12:51:44  
**Nº Rexistro: 55189**  
Data envío: 14/04/2026 12:51:44.827

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 12:51:46

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Saleta Chao Rivas** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o centro xestor de valorización de residuos de Cacheiras.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de decembro de 2025 publicouse no DOG a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sustentabilidade, pola que se formulaba o informe de impacto ambiental do centro xestor de valorización de residuos non perigosos no termo municipal de Teo (A Coruña), promovido por Excavaciones Midón, SL.

A localización deste centro, moi próxima ás casas e a un centro educativo, é un aspecto que preocupa á veciñanza de Cacheiras e que derivou na creación da *Plataforma STOP planta de residuos de Cacheiras – Aldeas Limpas*.

Este asunto tratouse no pleno do Concello de Teo en varias ocasións, a última nun pleno extraordinario o xoves 9 de abril, no que a alcaldesa manifestou que “se fose por ela non emprazaría esa planta aí” e no que afirmou que a estratexia municipal foi “non contestar ao requirimento da Xunta” no que se solicitaba un informe de viabilidade urbanística da parcela, “co obxectivo de que se archivara o procedemento”.

A plataforma solicitou manter unha xuntanza coa Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, petición que non foi respondida pola conselleira. Segundo recollen distintos medios de comunicación, a conselleira defendeu o proxecto da planta de residuos da construción nesa localización e cuestionou que “se creen plataformas cada vez que se quere instalar algo no territorio”.

Asinado o día 14/04/2026 ás  
13:12  
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 14/04/2026 ás  
13:12  
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A veciñanza da zona xa se mobilizou en varias ocasións para chamar a atención sobre o ruído, pó en suspensión e o paso de camións, e tamén a limitación de acceso a camións de alta tonelaxe ata a entrada da planta.

De acordo coa resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o documento ambiental estivo a disposición pública mais non se presentaron alegacións ao respecto, tampouco por parte do Concello de Teo, aínda que a rexedora diga agora que agardaban que se arquivase o procedemento.

O centro xestor de valorización de residuos non perigosos de Cacheiras ten unha forte oposición social e institucional, contrastables tanto pola creación da *Plataforma STOP planta de residuos de Cacheiras – Aldeas Limpas* como polo manifestado polos distintos grupos políticos que integran a corporación municipal de Teo.

Desde o Grupo Parlamentario do BNG rexistramos unha petición de información ao abeiro do Artigo 9 na que só se nos facilitou acceso ao documento da resolución, non obtendo resposta á petición de acceso aos informes sectoriais emitidos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Establecer de forma inmediata canles de diálogo coa veciñanza afectada por este proxecto atendendo ás peticións de reunión e información que teñan dirixido á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

- Reiniciar o proceso para avaliar o impacto ambiental tendo en conta as demandas trasladadas pola Plataforma STOP planta de residuos de Cacheiras – Aldeas Limpas.”





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 14/04/2026 13:12:26

Luis Bará Torres na data 14/04/2026 13:12:33





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 13:15:11



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

## Exposición de motivos

Lamentablemente, o acoso escolar vai en aumento nas aulas e a Administración ten a obriga de reforzar todas as medidas necesarias para erradicalo.

Nenos e nenas, mozas e mozos arrastran un sufrimento insoportable en silencio, o que complica a súa detección e, polo tanto, en ocasións a intervención non chega a tempo. Os días, semanas ou meses que pasan, van en contra da saúde mental do menor e aínda detectándoo a tempo deixará inevitablemente secuelas.

En España impulsouse o primeiro programa de axente Titor pola FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) e o Plan Nacional sobre Drogas do Ministerio de Sanidade.

Este plan comezou a aplicarse de forma experimental nalgúns municipios españois en 2011-2012, consolidándose a nivel nacional en 2014 co Protocolo Marco do Programa Axente Titor. Posteriormente algunhas CC.AA seguiron este exemplo.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





En Galicia, moi poucos concellos contan con esta figura que entendemos esencial porque cumpre un papel chave na prevención, protección e acompañamento da infancia e da adolescencia.

En primeiro lugar, o axente titor actúa como unha ponte entre a comunidade educativa, as familias e as forzas de seguridade, o que facilita a detección temperá de situacións de risco como o absentismo escolar, o acoso, a violencia ou o consumo de substancias. Esta intervención precoz permite actuar antes de que os problemas se agraven.

Ademais, contribúe á educación en valores cívicos e á promoción da convivencia, desenvolvendo accións formativas en centros educativos sobre seguridade viaria, uso responsable das tecnoloxías ou prevención de condutas de risco. Isto reforza a confianza da mocidade nas institucións e fomenta unha relación máis próxima e positiva coa policía.

Por outra banda, o axente titor ofrece unha atención especializada e continuada a menores en situación de vulnerabilidade, coordinándose cos servizos sociais e educativos para garantir unha resposta integral e adaptada ás súas necesidades.

Finalmente, esta figura permite aos concellos avanzar cara a un modelo de seguridade máis preventivo, próximo e comunitario, no que a policía local non só actúa de maneira reactiva, senón tamén como un axente activo na protección e no benestar da cidadanía máis nova.

Por iso, resulta necesario que a Xunta lidere a implantación dun programa autonómico que:

- Estableza un marco común de actuación para os corpos de policía local.
- Impulse a adhesión dos concellos galegos mediante apoio técnico e institucional.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





- Favoreza a coordinación cos centros educativos, servizos sociais e demais profesionais implicados na protección de menores.

Así mesmo, considérase imprescindible que se habiliten accións formativas específicas para os axentes, garantindo unha preparación adecuada para o desempeño desta función especializada.

Na actualidade, Galicia conta con accións formativas específicas en materia de axente titor a través da Academia Galega de Seguridade Pública, o que supón un avance positivo na especialización das policía locais.

Porén, estas actuacións resultan insuficientes para asegurar unha implantación real desta figura no conxunto do territorio, xa que aínda é moi reducido o número de concellos que dispoñen dun servizo de axente titor plenamente operativo.

Faise necesario, polo tanto, dar un paso máis e **reforzar o modelo actual**, dotándoo de maior estrutura, coordinación e apoio institucional para que pase de ser unha iniciativa puntual a un recurso consolidado no ámbito local.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reforzar e ampliar as actuacións actuais poñendo en marcha un Programa Axente Titor de Galicia co fin de evolucionar cara a un modelo máis estruturado e operativo que sirva de referencia para os concellos. Así mesmo, promover activamente a adhesión das entidades locais a este programa, ampliando, a través da Academia Galega de Seguridade Pública, o plan de formación específico para policía locais e darlle publicidade a este recurso entre os concellos.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



**PSG**<sup>DE</sup>  
**PSOE**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/04/2026 13:23:21  
**Nº Rexistro: 55205**  
Data envío: 14/04/2026 13:23:21.647



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/04/2026 13:19:26

Patricia Iglesias Rey na data 14/04/2026 13:19:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/04/2026 13:19:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 13:23:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/04/2026 13:23:21  
**Nº Rexistro: 55205**  
Data envío: 14/04/2026 13:23:21.647

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

## Exposición de motivos

A situación da antiga piscifactoría de Meirás, no concello de Valdoviño, constitúe un exemplo paradigmático da falta de coordinación institucional e da ausencia de actuación eficaz por parte da Xunta de Galicia na xestión de espazos degradados con especial valor ambiental.

Neste contexto, resulta especialmente grave que a Xunta de Galicia optase por sancionar ao concello de Valdoviño cunha multa de 10.000 euros pola existencia de residuos no ámbito, a pesar de tratarse dunha propiedade privada e de que a administración local non dispón de capacidade de actuación directa sobre a mesma. Ademais, consta que o concello adoptou as medidas que estaban ao seu alcance, como a prohibición de acceso ao recinto e a solicitude de autorización á propia Xunta para poder actuar, sen obter resposta.

Ao mesmo tempo, non se ten constancia de que a Xunta de Galicia impulsase actuacións efectivas para esixir ao propietario a retirada dos residuos nin para promover a recuperación do espazo, a pesar de que desde a propia Administración autonómica se ten sinalado a necesidade de reposición ao estado natural da zona.





Esta actuación resulta contraditoria, xa que se produce unha sanción á administración local mentres non se adoptan medidas contra quen ostenta a responsabilidade directa sobre o terreo nin se facilita a intervención preventiva solicitada polo concello.

Ademais, a ausencia de coordinación institucional é evidente, xa que non se produciron reunións nin canles de colaboración efectivas entre a Xunta de Galicia e o concello de Valdoviño, malia as reiteradas solicitudes trasladadas pola administración local.

Todo isto leva a cuestionar se a actuación da Xunta responde exclusivamente a criterios técnicos ou se existen elementos de carácter político, tendo en conta que se está a trasladar á veciñanza o custo dunha sanción nun contexto no que non se teñen ofrecido solucións nin colaboración institucional.

Por último, cómpre lembrar que a recuperación de espazos degradados e a protección do medio natural deben ser unha prioridade das administracións públicas, especialmente en ámbitos de especial valor ambiental, garantindo actuacións coordinadas, eficaces e baseadas no interese xeral.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer, de maneira inmediata, un espazo de coordinación institucional co concello de Valdoviño para abordar de forma conxunta a situación da antiga piscifactoría de Meirás, garantindo unha resposta eficaz e consensuada.
2. Elaborar un informe técnico completo que determine o estado actual do ámbito, a natureza dos residuos existentes, as responsabilidades

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





correspondentes e as actuacións necesarias para a súa retirada e a rexeneración ambiental do espazo.

3. Esixir as responsabilidades correspondentes ás persoas titulares da propiedade polos residuos existentes e pola degradación do espazo, garantindo que non recaia sobre as administracións públicas nin sobre a veciñanza o custo da súa recuperación.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2026



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/04/2026 16:17:54

Carlos López Font na data 14/04/2026 16:18:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/04/2026 16:18:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 17:29:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/04/2026 17:29:02  
**Nº Rexistro: 55209**  
Data envío: 14/04/2026 17:29:02.885

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

## Exposición de motivos

A situación da antiga piscifactoría de Meirás, no concello de Valdoviño, constitúe un exemplo paradigmático da falta de coordinación institucional e da ausencia de actuación eficaz por parte da Xunta de Galicia na xestión de espazos degradados con especial valor ambiental.

Neste contexto, resulta especialmente grave que a Xunta de Galicia optase por sancionar ao concello de Valdoviño cunha multa de 10.000 euros pola existencia de residuos no ámbito, a pesar de tratarse dunha propiedade privada e de que a administración local non dispón de capacidade de actuación directa sobre a mesma. Ademais, consta que o concello adoptou as medidas que estaban ao seu alcance, como a prohibición de acceso ao recinto e a solicitude de autorización á propia Xunta para poder actuar, sen obter resposta.

Ao mesmo tempo, non se ten constancia de que a Xunta de Galicia impulsase actuacións efectivas para esixir ao propietario a retirada dos residuos nin para promover a recuperación do espazo, a pesar de que desde a propia Administración autonómica se ten sinalado a necesidade de reposición ao estado natural da zona.





Esta actuación resulta contraditoria, xa que se produce unha sanción á administración local mentres non se adoptan medidas contra quen ostenta a responsabilidade directa sobre o terreo nin se facilita a intervención preventiva solicitada polo concello.

Ademais, a ausencia de coordinación institucional é evidente, xa que non se produciron reunións nin canles de colaboración efectivas entre a Xunta de Galicia e o concello de Valdoviño, malia as reiteradas solicitudes trasladadas pola administración local.

Todo isto leva a cuestionar se a actuación da Xunta responde exclusivamente a criterios técnicos ou se existen elementos de carácter político, tendo en conta que se está a trasladar á veciñanza o custo dunha sanción nun contexto no que non se teñen ofrecido solucións nin colaboración institucional.

Por último, cómpre lembrar que a recuperación de espazos degradados e a protección do medio natural deben ser unha prioridade das administracións públicas, especialmente en ámbitos de especial valor ambiental, garantindo actuacións coordinadas, eficaces e baseadas no interese xeral.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facilitar de maneira efectiva a autorización e execución de medidas preventivas e correctoras por parte do concello de Valdoviño cando estas sexan solicitadas, evitando situacións de bloqueo administrativo.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/04/2026 16:18:14

Carlos López Font na data 14/04/2026 16:18:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/04/2026 16:18:27



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/04/2026 17:30:36  
**Nº Rexistro: 55211**  
Data envío: 14/04/2026 17:30:36.847

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 17:30:37

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, e do seu deputado, **María Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

## Exposición de motivos

No recente debate sobre o estado da autonomía, o presidente da Xunta de Galicia situou o incremento das incapacidades temporais como un dos principais problemas do mercado laboral na nosa comunidade, anunciando medidas orientadas fundamentalmente ao seu control, con especial incidencia nas patoloxías de saúde mental e musculoesqueléticas.

Esta análise resulta parcial e insuficiente, ao centrar o foco nas consecuencias sen abordar as causas estruturais que explican a duración destas situacións.

Temos que sinalar, en primeiro lugar, que a incapacidade temporal é unha situación xurídica regulada pola normativa da Seguridade Social, baseada en criterios clínicos e sometida a control sanitario, que responde á imposibilidade de desempeñar unha actividade laboral por razóns de saúde. Non pode, polo tanto, ser confundida co absentismo laboral, un concepto estatístico máis amplo que engloba realidades diversas, tanto xustificadas como inxustificadas.

En segundo lugar, resulta imprescindible analizar con rigor as causas que están a determinar a duración das incapacidades temporais en Galicia. Neste sentido, temos claro que unha parte significativa destas situacións está directamente





condicionada polos tempos de acceso ao sistema sanitario público. As demoras en probas diagnósticas, os atrasos nas consultas con especialistas, as listas de espera en atención especializada e, de maneira especialmente relevante, o acceso tardío a tratamentos de rehabilitación e fisioterapia están a provocar o agravamento e a cronificación de patoloxías que, de seren tratadas en tempo, terían unha evolución máis favorable.

Do mesmo xeito, a sobrecarga estrutural da Atención Primaria, derivada da insuficiencia de recursos humanos e da elevada presión asistencial, está a limitar a súa capacidade resolutiva, dificultando tanto o seguimento clínico das persoas en situación de incapacidade temporal como a derivación áxil aos niveis asistenciais correspondentes.

Desde unha perspectiva xurídica, o dereito á protección da saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución española, obriga aos poderes públicos a garantir unha asistencia sanitaria eficaz e en tempo adecuado. Así mesmo, o funcionamento anormal dos servizos públicos, cando xera danos efectivos ás persoas, pode dar lugar a responsabilidade patrimonial da Administración.

Neste contexto, pretender reducir a duración das incapacidades temporais mediante o reforzo dos mecanismos de control, sen actuar previamente sobre as causas sanitarias que as determinan, non só resulta ineficaz, senón que pode suscitar dúbidas desde o punto de vista da garantía dos dereitos das persoas traballadoras e da autonomía clínica dos profesionais sanitarios.

Ademais, as medidas anunciadas polo Goberno galego en relación coa creación de unidades especializadas e o reforzo dos mecanismos de control das incapacidades temporais suscitan serias dúbidas da súa adecuación ao modelo público de saúde. En particular, a proposta de que a inspección médica limite a

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





súa actuación, con carácter xeral, á ratificación das propostas de alta formuladas polas mutuas introduce un elemento de preocupación evidente.

Cómpre lembrar que as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social son entidades de natureza privada e que non poden, en ningún caso, substituír a función clínica e avaliadora dos profesionais do sistema público de saúde. Un modelo no que o control das incapacidades temporais se despraza progresivamente cara a estruturas alleas ao Servizo Galego de Saúde pode supoñer, *de facto*, unha externalización dunha función que debe permanecer no ámbito público, coa conseguinte perda de garantías para as persoas traballadoras e para a propia independencia clínica.

Cómpre, ademais, contextualizar este debate no marco dos acordos estatais de diálogo social, que permiten unha colaboración limitada coas mutuas en determinados supostos, fundamentalmente en patoloxías de carácter traumatolóxico, e sempre baixo condicións estritas: voluntariedade da persoa traballadora, control e supervisión do persoal médico do sistema público e ausencia de cesión de competencias en materia de alta e baixa.

Neste sentido, calquera desenvolvemento en Galicia debe respectar escrupulosamente estes límites. A colaboración coas mutuas non se pode converter nun mecanismo de substitución do sistema público nin nunha vía indirecta de externalización das funcións de control das incapacidades temporais. Pola contra, debe garantir en todo momento a primacía do sistema público, a independencia clínica e os dereitos das persoas traballadoras, así como a participación efectiva das organizacións sindicais nos órganos de seguimento.

Así mesmo, cómpre lembrar que a abordaxe das incapacidades temporais ten unha clara dimensión laboral e require, necesariamente, do diálogo cos axentes

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





sociais. O diálogo social non pode ser un mero trámite de validación de decisións previamente adoptadas, senón un espazo real de participación no que se analicen de maneira rigorosa as causas sanitarias e laborais que inciden nesta realidade.

Neste sentido, resulta imprescindible apostar polo reforzo do persoal do Servizo Galego de Saúde, tanto na Atención Primaria como na atención especializada e na rehabilitación, así como polo fortalecemento da inspección médica pública, dotándoa de medios suficientes para exercer as súas funcións con plena independencia e con base exclusivamente en criterios clínicos.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abordar calquera medida en materia de incapacidade temporal no marco do Diálogo Social e nos órganos os de participación institucional da Consellería de Emprego, garantindo a participación efectiva das organizacións sindicais e empresariais.
2. Garantir a participación efectiva das organizacións sindicais nas mesas de seguimento de calquera acordo ou protocolo coa participación das mutuas.
3. Garantir que calquera colaboración coas mutuas en Galicia se limite aos supostos previstos no marco estatal de diálogo social, respectando a voluntariedade das persoas traballadoras, a competencia exclusiva do persoal médico do sistema público na determinación da alta e baixa e a ausencia de cesión de funcións de control ou avaliación clínica.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



4. Diferenciar de maneira expresa, nas súas análises e comunicacións públicas, entre absentismo laboral e incapacidade temporal, evitando a súa utilización indistinta.
5. Recoñecer que a duración das incapacidades temporais en Galicia está condicionada, entre outros factores, polos tempos de acceso a diagnóstico, tratamento e rehabilitación no sistema sanitario público.
6. Establecer tempos máximos de acceso garantidos para as prestacións de rehabilitación e fisioterapia, especialmente nas patoloxías musculoesqueléticas.
7. Reforzar de maneira inmediata os recursos humanos da Atención Primaria, garantindo ratios adecuadas de profesionais por paciente e mellorando a súa capacidade resolutive.
8. Garantir que o control das incapacidades temporais se desenvolva desde o ámbito público, evitando procesos de externalización ou privatización de funcións propias do sistema sanitario.
9. Reforzar a inspección médica pública, incrementando os seus recursos humanos e materiais, co fin de garantir unha avaliación independente, rigorosa e baseada en criterios clínicos.
10. Incrementar os cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, especialmente en Atención Primaria, atención especializada, rehabilitación e saúde mental, como medida prioritaria para reducir a duración das incapacidades temporais.
11. Elaborar un informe público anual que analice a relación entre listas de espera e duración das incapacidades temporais en Galicia.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Santiago de Compostela, 14 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/04/2026 17:42:21

Julio Torrado Quintela na data 14/04/2026 17:42:32

Silvia Longueira Castro na data 14/04/2026 17:42:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/04/2026 17:42:48



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/04/2026 17:47:14  
**Nº Rexistro: 55228**  
Data envío: 14/04/2026 17:47:14.011

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2026 17:47:14

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Luis Bará Torres** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á regulación pendente de plantas de biogás.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O biogás e o biometano son fontes de enerxía renovábel obtidas a partir da descomposición de materia orgánica, como xurros gandeiros, esterco, residuos agrícolas, ou mesmo restos da industria alimentaria.

Estas plantas ofrecen unha serie de oportunidades como:

- Son unha fonte de enerxía renovable
- Apoian a redución de gases de efecto invernadoiro
- Poden permitir unha xestión de excedentes de xurros en explotacións con elevadas cargas gandeiras e, ao mesmo tempo, un aproveitamento enerxético de autoabastecemento.

Pero tamén supoñen problemas e riscos potenciais:

- Alto investimento inicial
- Loxística do aporte de materia prima
- Aceptación social
- Incerta viabilidade económica





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## - Posibles problemas ambientais e contaminantes

Así pois, as plantas de biogás poden ser unha oportunidade, pero tamén unha ameaza.

Ameaza especialmente cando nos referimos á Macroplantas, ligadas exclusivamente a un obxecto puramente especulativo e comercial.

Oportunidade cando nos referimos ao aproveitamento no ámbito local, e para autoconsumo, de pequenas plantas ligadas a un reducido número de explotacións gandeiras.

Unha vez aclaradas estas xeneralidades, vaíamos coa información da que dispoñemos ao respecto da planta que a empresa Aratel pretende implantar no lugar de Vista Alegre, na parroquia de Soandres no concello da Laracha:

### Principais datos do proxecto

- A planta ocuparía máis de 95.070 m<sup>2</sup> de solo rústico nas proximidades do río Anllóns.
- Prevese o tratamento de 65.000 toneladas anuais de residuos, boa parte deles considerados SANDACH de categoría 2, procedentes de matadoiros e subprodutos animais.
- O proxecto contempla a circulación de 13 camiións diarios, o que representa un impacto evidente na mobilidade e no tráfico rodado da zona.
- Estímase un consumo anual de 1,5 millóns de litros de auga, extraídos do principal regato que conforma o río Anllóns
- O proxecto admite unha previsión máxima de 10 empregos directos.



- Producirá máis de 30.000 t/ano de efluentes líquidos.
- Xerará case 20.000 t/ano de disextato sólido, ao que non se lle aplica tratamento algún.
- Producirá importantes niveis de intensidade de ruído nos núcleos máis achegados á planta de procesado.
- Os cheiros producidos non se calculan nin se modelan, aspecto grave tendo en conta que hai un núcleo de vivendas a menos de 300 metros.

Así pois, destes datos podemos concluír que se trata dunha Macroplanta de produción de Biogás ou Biometano. Isto implica unha dimensión exclusivamente comercial, sen que permita supoñer moito beneficio para a comarca, e especialmente para os pobos e veciñanza directamente afectada.

O pasado venres 13 de abril tivo lugar unha xuntanza de veciñas e veciños afectados na que se nos transmitiu as seguintes inquiredanzas:

- Posible desvalorización das vivendas e fincas da contorna.
- Impacto nos recursos hídricos e na calidade do aire.
- Incerteza sobre o destino das augas residuais e do dixestato, o subproduto que queda tras a produción de biogás, a día de hoxe sen regulación específica en Galiza.
- Dubidas sobre a viabilidade económica real do proxecto e os beneficios para o municipio.
- Temor a que a planta abra a porta á chegada de máis macroproxectos similares, como xa pasou noutras zonas da provincia.
- Afección directa dos cheiros e ruídos no núcleo diseminado de Vista Alegre.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Non existe un problema de xestión de residuos metanizables na contorna da planta.

- Non existe gasoducto nas proximidades da planta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Denegar a autorización ambiental polas graves afeccións ambientais e sociais que presenta o proxecto, recoñecidas polo promotor na documentación da avaliación ambiental.

- Non declarar o proxecto da planta de Biogás Coruña como proxecto de interese estratéxico, ou calquera outra figura de aceleración de trámites, diante das dúbidas que presenta a localización elixida e o modelo de negocio que presenta o proxecto.

- Elaborar de forma inmediata unha normativa reguladora das plantas biogás e a súa implantación en Galiza (ao igual que se ten feito en outras CC.AA.), e mentres esta non está en vigor, se proceda a paralización da tramitación administrativa do actual proxecto”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 15/04/2026 9:00:24

Luis Bará Torres na data 15/04/2026 9:00:30

José Manuel Golpe Acuña na data 15/04/2026 9:00:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 9:03:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 55248**  
Data envío: 15/04/2026 09:03:58.029

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Luis Bará Torres** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á regulación pendente de plantas de biogás.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O biogás e o biometano son fontes de enerxía renovábel obtidas a partir da descomposición de materia orgánica, como xurros gandeiros, esterco, residuos agrícolas, ou mesmo restos da industria alimentaria.

Estas plantas ofrecen unha serie de oportunidades como:

- Son unha fonte de enerxía renovable
- Apoian a redución de gases de efecto invernadoiro
- Poden permitir unha xestión de excedentes de xurros en explotacións con elevadas cargas gandeiras e, ao mesmo tempo, un aproveitamento enerxético de autoabastecemento.

Pero tamén supoñen problemas e riscos potenciais:

- Alto investimento inicial
- Loxística do aporte de materia prima
- Aceptación social
- Incerta viabilidade económica





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## - Posibles problemas ambientais e contaminantes

Así pois, as plantas de biogás poden ser unha oportunidade, pero tamén unha ameaza.

Ameaza especialmente cando nos referimos á Macroplantas, ligadas exclusivamente a un obxecto puramente especulativo e comercial.

Oportunidade cando nos referimos ao aproveitamento no ámbito local, e para autoconsumo, de pequenas plantas ligadas a un reducido número de explotacións gandeiras.

Unha vez aclaradas estas xeneralidades, vaíamos coa información da que dispoñemos ao respecto da planta que a empresa Aratel pretende implantar no lugar de Vista Alegre, na parroquia de Soandres no concello da Laracha:

### Principais datos do proxecto

- A planta ocuparía máis de 95.070 m<sup>2</sup> de solo rústico nas proximidades do río Anllóns.
- Prevese o tratamento de 65.000 toneladas anuais de residuos, boa parte deles considerados SANDACH de categoría 2, procedentes de matadoiros e subprodutos animais.
- O proxecto contempla a circulación de 13 camiións diarios, o que representa un impacto evidente na mobilidade e no tráfico rodado da zona.
- Estímase un consumo anual de 1,5 millóns de litros de auga, extraídos do principal regato que conforma o río Anllóns
- O proxecto admite unha previsión máxima de 10 empregos directos.



- Producirá máis de 30.000 t/ano de efluentes líquidos.
- Xerará case 20.000 t/ano de disextato sólido, ao que non se lle aplica tratamento algún.
- Producirá importantes niveis de intensidade de ruído nos núcleos máis achegados á planta de procesado.
- Os cheiros producidos non se calculan nin se modelan, aspecto grave tendo en conta que hai un núcleo de vivendas a menos de 300 metros.

Así pois, destes datos podemos concluír que se trata dunha Macroplanta de produción de Biogás ou Biometano. Isto implica unha dimensión exclusivamente comercial, sen que permita supoñer moito beneficio para a comarca, e especialmente para os pobos e veciñanza directamente afectada.

O pasado venres 13 de abril tivo lugar unha xuntanza de veciñas e veciños afectados na que se nos transmitiu as seguintes inquiredanzas:

- Posible desvalorización das vivendas e fincas da contorna.
- Impacto nos recursos hídricos e na calidade do aire.
- Incerteza sobre o destino das augas residuais e do dixestato, o subproduto que queda tras a produción de biogás, a día de hoxe sen regulación específica en Galiza.
- Dubidas sobre a viabilidade económica real do proxecto e os beneficios para o municipio.
- Temor a que a planta abra a porta á chegada de máis macroproxectos similares, como xa pasou noutras zonas da provincia.
- Afección directa dos cheiros e rúidos no núcleo diseminado de Vista Alegre.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Non existe un problema de xestión de residuos metanizables na contorna da planta.

- Non existe gasoducto nas proximidades da planta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Non declarar o proxecto da planta de Biogás Coruña como proxecto de interese estratéxico, ou calquera outra figura de aceleración de trámites, diante das dúbidas que presenta a localización elixida e o modelo de negocio que presenta o proxecto.

2. Denegar a autorización ambiental polas graves afeccións ambientais e sociais que presenta o proxecto, recoñecidas polo promotor na documentación da avaliación ambiental.

3. Elaborar de maneira inmediata unha normativa reguladora das plantas biogás e a súa implantación en Galiza (ao igual que se ten feito en outras CC.AA.), e mentres esta non está en vigor, se proceda a paralización da tramitación administrativa do actual proxecto”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 15/04/2026 9:01:46

Luis Bará Torres na data 15/04/2026 9:01:52

José Manuel Golpe Acuña na data 15/04/2026 9:01:59





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 9:04:13





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asinado o día 15/04/2026 ás 09:39  
Por Ariadna Fernández

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa ás axudas da Xunta de Galiza diante do encarecemento dos prezos do plástico de uso agrogandeiro a raíz da agresión imperialista de EEUU e Israel en Oriente Medio.

Asinado o día 15/04/2026 ás 09:39  
Por Sonia Vidal Lamas

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de febreiro os EEUU e Israel atacaron a Irán cunha serie de bombardeos aéreos sobre varias cidades de Irán levados a cabo por sorpresa, mentres estaban en curso negociacións diplomáticas entre os Estados Unidos e Irán.

Este ataque totalmente ilexítimo, imperialista e contrario ao dereito internacional, de EEUU e Israel sobre Irán, provocou un grave desastre humano con miles de mortos e tamén a destrución de múltiples infraestruturas de uso civil que levarán o sufrimento a unha grande parte da poboación das zonas afectadas. Ademais do desastre que sofren fundamentalmente as persoas desta parte do planeta, en Galiza tamén nos vemos afectados pola situación provocada por esta agresión imperialista.

Se falamos do sector agrogandeiro, o incremento de prezo do petróleo e do gas natural trae consigo un encarecemento dos insumos que necesitan as nosas explotacións agrogandeiras, e isto implica graves perdas nas explotacións por unha guerra que non provocaron e que incluso pon en perigo a súa viabilidade. Ante esta suba desbocada dos combustíbeis e fertilizantes, o Estado español sacou unhas axudas para dalgunha forma compensar parte do enorme custo que implica para as explotacións agrarias.

Asinado o día 15/04/2026 ás 09:39  
Por Secundino Fernández Fernández





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ese incremento de custos, como consecuencia da suba dos prezos do petróleo e do gas, tamén afecta aos plásticos de uso agrogandeiro, que subiron o prezo até un 50% respecto ás datas anteriores á agresión dos EEUU e Israel.

Convén lembrar que nestes momentos é cando se comezan a utilizar os plásticos para ensilar a herba ou tamén en producións agrarias polo que este gasto se está a trasladar directamente aos petos das mulleres e homes titulares das explotacións agrarias galegas.

Ante esta situación tan grave para as nosas explotacións, a Xunta de Galiza anuncia a traveso dos medios de comunicación que o sector agrario recibirá 19,4 millóns de euros para a modernización das explotacións mediante a incorporación de tecnoloxías de agricultura de precisión, así como de maquinaria e produtivos orientados á mellora da eficiencia etc.

Pero unha vez máis, trátase dun anuncio propagandístico da Xunta de Galiza para dicir que se fai, mais realmente nada fai, pois non hai nin unha axuda directa para paliar esta grave crise que teñen encima os nosos produtores agrarios, nin tampouco unha soa medida para paliar este grave problema de incremento de custes dos plásticos de uso agrario.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG pensamos que nunha situación crítica como a que sufrimos hai que por todas as medidas para salvagardar as nosas explotacións agrarias e actuar para poder paliar dalgunha maneira o importante encarecemento deste produto tan utilizado e tan necesario para as nosas explotacións nestes momentos como é o plástico de uso agrario.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar e publicar, no prazo de un mes, unha liña de axudas para compensar o forte encarecemento dos prezos dos plásticos de uso agrario e que supoñen un grave prexuízo as explotacións agrarias galegas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 15/04/2026 9:39:28

Sonia Vidal Lamas na data 15/04/2026 9:39:35

Ariadna Fernández González na data 15/04/2026 9:39:43

Luis Bará Torres na data 15/04/2026 9:39:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 9:44:14



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 09:44:14  
**Nº Rexistro: 55256**  
Data envío: 15/04/2026 09:44:14.101

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luís Bará Torres** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas para mellorar a calidade do transporte público por estrada no concello de Marín.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas de Marín sofren diariamente as consecuencias dunha xestión deficiente que compromete a súa mobilidade, o seu acceso á educación e a súa calidade de vida.

A liña de autobús que conecta Marín con Pontevedra, operada por Monbus, vive unha situación de colapso crónico nas horas punta. Os usuarios denuncian constantemente que os vehículos circulan a plena capacidade na primeira hora da mañá e ao mediodía, momentos nos que se concentran os desprazamentos ao traballo e aos centros educativos. O horario das quince e trinta e cinco horas destaca especialmente pola súa irregularidade, sendo unha das tres frecuencias diarias máis afectadas polo colapso e provocando atrasos significativos que se arrastran ao longo do día. O BNG xa presentou denuncias formais sobre esta situación, mais a resposta da Xunta foi nula.

Os servizos que conectan Cangas con Marín presentan irregularidades graves que afectan directamente aos horarios establecidos. Os horarios oficiais establecen saídas aproximadas ás oito, ás catorce e quince, ás quince e cincuenta e cinco e ás

Asinado o día 15/04/2026 ás  
09:43  
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 15/04/2026 ás  
09:42  
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

dezaoito e cinco horas, mais non se cumpren consistentemente os horarios de entrada aos institutos pola mañá.

As parroquias marinenses sofren o mesmo abandono que o resto do rural galego. Aínda que existe unha liña urbana identificada como XG628 que conecta as parroquias co casco urbano, o servizo é claramente insuficiente.

Un dos problemas máis visibles é a falta de información accesible para os usuarios. Non todas as paradas conteñen horarios actualizados e visibles, a información está fragmentada entre diferentes plataformas e os cambios de horario non sempre se comunican con antelación. Ninguén debería ter que adiviñar cando pasa o autobús, pois a información é un dereito básico dos cidadáns.

O Bloque Nacionalista Galego considera que a mobilidade é un dereito fundamental que afecta á calidade de vida, á educación e á economía local. Un servizo de transporte eficiente e fiable é esencial para o desenvolvemento sostible do Concello de Marín e para evitar o despoboamento do rural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Reforzar o servizo de transporte por estrada entre Marín e Pontevedra para garantir a suficiencia de prazas e a accesibilidade ao servizo.
2. Esixir á empresa concesionaria o cumprimento estrito dos horarios establecidos nos servizos que conectan Cangas con Marín, especialmente nos horarios matinais destinados ao acceso aos centros educativos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Ampliar o servizo de transporte entre as parroquias marinenses e o casco urbano, incrementando o número de frecuencias diarias máis alá dos servizos actualmente dispoñibles.

4. Instalar paneis informativos actualizados en todas as paradas de autobús do Concello de Marín, con horarios claros e información de contacto para reclamacións.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 15/04/2026 9:42:58

Luis Bará Torres na data 15/04/2026 9:43:06



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 9:45:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 09:45:14  
**Nº Rexistro: 55261**  
Data envío: 15/04/2026 09:45:14.463

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Paulo Ríos Santomé** e **Olalla Rodil Fernández** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas a adoptar polo Goberno galego para mellorar a atención das persoas maiores e dependentes no concello de Marín, e a dar explicacións polos atrasos na obra de reforma do centro de maiores.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O envellecemento da poboación é unha realidade demográfica estrutural en Galiza que esixe respostas públicas firmes, ben dotadas e con clara perspectiva social e de coidado das persoas maiores e dependentes do noso país. Un sistema público de coidados forte non é un gasto, senón un investimento social imprescindible e un pilar irrenunciábel na construción dunha sociedade máis xusta, onde as necesidades e os intereses dos galegos e das galegas fiquen por enriba dos intereses e os lucros das grandes empresas.

As persoas maiores merecen atención especializada, próxima e de calidade, e ese dereito só se garante con políticas públicas, financiamento sostible e xestión transparente, é dicir, cun sistema público de coidados robusto que non deixe a ninguén atrás.

Neste contexto, a reforma do centro de maiores de Marín é un proxecto necesario, que se ben deba ter chegado antes, mellorará a calidade de vida das persoas que alí residen, como non podería ser doutro xeito.

Asinado o día 15/04/2026 ás  
09:57  
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 15/04/2026 ás  
09:57  
Por Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Con todo, resulta incomprensible e socialmente inaceptable que esta intervención, licitada pola Xunta de Galicia en maio de 2025 cun prazo de execución contractual de oito meses, non estea aínda rematada nin ofrezga información pública e verificable sobre os motivos do atraso.

Segundo o calendario inicial, a obra debería terse concluído en xaneiro de 2026. Hoxe, en abril, a Xunta do PP garda silencio, deixando ás veciñas e veciños de Marín na incerteza, co centro sen as melloras prometidas e co servizo público lastrado pola falta de previsión.

A opacidade na xestión non só vulnera o dereito á información pública, senón que erosiona a confianza cidadá nun servizo esencial. Non se pode permitir que a mala planificación, os imprevistos non comunicados ou as prioridades políticas queden por riba das necesidades reais das persoas que máis necesitan o amparo das institucións.

A reforma do centro de maiores de Marín non é a única infraestrutura que precisa investimentos e atención, xa que unha vila como esta precisa dun novo centro de maiores público para dar cabida ás necesidades das persoas maiores e dependentes e das súas familias.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Dar explicacións en relación aos atrasos na obra de reforma do centro de maiores de Marín





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Presentar un cronograma realista coa data de finalización da obra e a posta en marcha da totalidade do servizo.

3. Mobilizar os recursos necesarios para poñer en marcha a construción dunha nova infraestrutura dedicada ao coidado de persoas maiores e dependentes de xeito 100% público.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 15/04/2026 9:57:48

Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2026 9:57:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 9:59:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 09:59:12  
**Nº Rexistro: 55265**  
Data envío: 15/04/2026 09:59:12.469

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 10:17:36  
**Nº Rexistro: 55270**

Data envío: 15/04/2026 10:17:36.052

Asinado o día 15/04/2026 ás 10:16  
Por Olalla Rodil Ferné

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á concentración das urxencias os sábados pola mañá nos PACs, nomeadamente na comarca de Muros e Noia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O SERGAS ten anunciada a modificación do Decreto 172/1995 do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de Urxencias Extrahospitalarias de Galiza, e que establece as directrices para a organización e funcionamento dos puntos de atención continuada (PACs).

Unha modificación que supoñería que os sábados pola mañá, a diferenza do que está a pasar ata o de agora, as urxencias na Atención Primaria serían atendidas nos PACs, cambio que está a ser rexeitado tanto polos profesionais como polos usuarios da sanidade pública, que xa teñen solicitado á Consellaría a supresión do anunciado proxecto de Decreto.

Aínda así, dende primeiros destes mes de abril, sen norma ningunha que o avale, a Xerencia da área sanitaria de Santiago-Barbanza decidiu poñer en marcha de xeito unilateral a ampliación do horario dos PAC á mañá dos sábados, sen ter informado apenas con antelación e cunha falta absoluta de planificación, o que trouxo consigo retrasos considerábeis na atención e outras importantes incidencias.

Na comarca de Muros e Noia, os usuarios dos centros de saúde de Porto do Son, Outes e Mazaricos xa están sendo obrigados a acudir aos PACs de Ribeira, Noia e Santa Comba, respectivamente, e a realizar un maior desprazamento para recibir unha asistencia sanitaria que xa viña sendo insuficiente por falta de persoal.

Asinado o día 15/04/2026 ás 10:15  
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 15/04/2026 ás 10:15  
Por Rosana Pérez Fernández



É evidente que a medida que pretende aprobar a Consellaría de Sanidade vai supoñer, xa o está a facer, un deterioro aínda maior na calidade asistencial, que se suma á que xa existe na actualidade e que alonxa cada vez máis o acceso da poboación á sanidade pública en zonas, ademais, eminentemente rurais e con falta de servizos, entre eles o dun transporte público acaído que o Goberno galego tampouco é quen de establecer.

Nestas circunstancias, e coa oposición rotunda da inmensa maioría do persoal e da poboación afectada ás novas medidas que se están a impoñer, é evidente que a administración sanitaria galega debera reverter canto antes a súa aplicación e, pola contra, optar por aquelas outras que signifiquen avances e non retrocesos e unha mellora clara das condicións laborais actuais dos profesionais e, sobre todo, das que permitan unha atención sanitaria de proximidade e de calidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galicia á retirada inmediata da aplicación da medida unilateral de concentración da atención sanitaria urxente nos PACs os sábados pola mañá, á negociación de calquera reforma que se pretenda levar a cabo cos representantes dos traballadores e traballadoras e á reposición da totalidade do cadro de persoal dos centros de saúde, nomeadamente os pertencentes á comarca de Muros e Noia”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2026 10:15:15

María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2026 10:15:22

Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2026 10:16:22





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 10:17:37

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no **artigo 160** e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

*Sobre as medidas que adoptará a Xunta de Galicia para que todas as vivendas que se están a construír sexan máis accesibles para as persoas traballadoras.*

## Exposición de motivos

A vivenda está a ser un obxectivo constante e irrenunciable ao longo desta lexislatura e un compromiso político prioritario para o Goberno que preside Alfonso Rueda, sensible ante unha demanda social crecente, que require a disposición de máis inmobles en venda ou aluguer a prezos accesibles.

Nese contexto, hai que entender o obxectivo ambicioso establecido polo presidente da Xunta de Galicia de duplicar nesta lexislatura o número de vivendas públicas, pasando de 4.000 a 8.000, unha meta realista tendo en conta que, neste momento, todas elas xa están en marcha ou en construción.

Nun ámbito tan sensible para a sociedade actual e no que os prezos elevados son unha preocupación central para moitos galegos, as distintas administracións e opcións políticas non están dando unha resposta idéntica. Mentres a Xunta de Galicia desenvolve unha política efectiva de impulso, constatable e obxectiva, desde a esquerda promoveron a cuestionada e polémica Lei estatal de vivenda, que levou a que desapareza en menos dun ano máis da metade da oferta de inmobles, como sucede na única zona tensionada que está vixente en Galicia, na cidade da Coruña.

Fronte a iso, a Xunta de Galicia traballa en múltiples frontes para mitigar esta crise de vivenda: con máis obras en marcha, menos impostos, menos burocracia, máis axudas para reformar e máis propostas novidasas para poñer en valor espazos desaproveitados, como os edificios inacabados ou os locais comerciais. En Galicia, estamos avanzando na boa dirección: na da vivenda de calidade.





Outra decisión orientada na boa dirección foi a avanzada polo Presidente Rueda no transcurso do debate de política xeral para que todas as vivendas que se están a construír sexan máis accesibles para as persoas traballadoras con rendas medias, xa que o mercado actual, moitas veces, ven complicado o acceso a un piso, aínda cando ingresan un soldo fixo e digno.

Se en 2025 a Xunta de Galicia incrementou o teito máximo de renda para acceder a unha vivenda pública, agora o Goberno galego volve a elevar este limiar máximo de renda ata catro veces o Iprem. Esta decisión significa, por poñer un exemplo, que unha parella cun fillo, que ata agora tiña un teito de ingresos de 2.250 euros brutos mensuais, agora pasa a máis de 3.500 euros. E ademais, favorecerase ás familias numerosas para as que o teito elevarase a 4,5 veces o Iprem.

O segundo anuncio tamén está vinculado a unha medida anterior. Se no seu momento da Xunta de Galicia estableceu unha reserva para as persoas de menos de 36 anos o 25% destes pisos públicos en venda e o 40% dos que se ofrecen en alugueiro, agora a decisión do Goberno galego será reservar o 30% das vivendas públicas en venda para as persoas de entre 36 e 45 anos, especialmente cando son nais ou pais de nenos pequenos e que, polo tanto, teñen menor mobilidade xeográfica que as persoas máis novas.

Ambas decisións parten do convencemento dos populares galegos, con toda a seguridade compartido pola gran maioría da sociedade galega, de que a vivenda pública e protexida debe estar ao alcance de capas da poboación canto máis amplas mellor, tamén da clase media que en moitos casos se vira excluída doutras axudas públicas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión.

“O Parlamento de Galicia acorda como resolución recoñecer e valorar positivamente as políticas da Xunta de Galicia dirixidas a ampliar o número de potenciais beneficiarios de vivendas públicas e protexidas, en particular, a redución dos limiares de renda máxima para acceder a un inmovible e a ampliación da reserva ao 30% das vivendas públicas en venda para as persoas de entre 36 e 45 anos”.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/04/2026 10:18:28



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 10:20:04



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 10:20:03  
**Nº Rexistro: 55274**  
Data envío: 15/04/2026 10:20:03.138

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e do deputado **Noa Presas Bergantiños** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a valoración por parte do goberno galego do impacto na economía da evolución do IPC rexistrada en abril de 2026.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o pasado 15 de abril de 2026 coñecemos o informe máis recente do Instituto Galego de Estatística verbo da evolución do Índice de Prezos ao Consumo con datos correspondentes a marzo de 2026. Neste sentido, cómpre lembrar que, como xa advertiu o Bloque Nacionalista Galego no debate orzamentario e no Debate do Estado da Nación, a crise de prezos, lonxe de se resolver, está a ser cronificada e especialmente impactante no que ten que ver co prezo de elementos esenciais como os alimentos e dos combustíbeis, agora incrementados tamén polas consecuencias económicas da guerra imperialista e criminal dos Estados Unidos.

Así as cousas, cos últimos datos enriba da mesa, o Índice de Prezos ao Consumo volve aumentar en Galiza e volve facelo con máis intensidade do que no conxunto do Estado español, o que debe levar ao goberno a saír da abstracción de promesas de axilización de axudas e de plans sen apenas financiamento económico e baseados nos préstamos a medidas máis ambiciosas. Así mesmo, cómpre que o goberno galego monitorice o impacto na economía e a necesidade de revisión da planificación orzamentaria.

Segundo os datos publicados, o IPC de Galiza aumentou o 3,8% en taxa interanual, catro décimas máis que o Estado español (3,4%). Por outra banda, respecto a

Asinado o día 15/04/2026 ás  
10:23  
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 15/04/2026 ás  
10:23  
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

febreiro, o mes anterior, os prezos aumentaron o 1,3% no noso país, unha décima máis que no conxunto de do Estado español (1,2%). Canto á inflación subxacente, que afecta con meirande intensidade á clase traballadora, cómpre observar que a variación interanual galega (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi do 3%, unha décima máis que a nivel estatal (2,9%).

Así mesmo, en todos os grupos aumentan os prezos respecto ao mesmo mes do ano anterior. As maiores subidas rexístranse en “Transporte” (5,4%) e “Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles” (5,3%) e cómpre observar, por exemplo, o enorme diferencial no ámbito da alimentación. Malia ser Galiza unha potencia da produción alimentaria, nótase que no noso país o medre interanual é do 3,6 mentres no Estado é dun 2,7. Outro elemento fundamental para a vida das persoas como é o ámbito da Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles temos un 5,3 fronte ao 3 estatal.

Ademais, como xa temos sinalado noutras ocasións, cómpre ver a evolución de forma máis ampla, xa que é o que nos permite afondar nas repercusións para a clase traballadora desta situación e tamén para os sectores máis vulnerables e empobrecidos. Así, se por exemplo atendemos á evolución da cesta da compra sufriu un encarecemento incesante nos últimos once anos, cunha suba acumulada que roza o 50% desde 2014.

Por outra banda, outro elemento vital para a vida das persoas como é a vivenda, segundo un informe recente do IDEGA elaborado a instancias do BNG certifica que entre 2020 e 2025, tanto os prezos de compra como os de aluguer en Galiza, creceron a un ritmo superior ao dos salarios. Nese periodo o aluguer rexistrou a maior subida relativa: de 7,5 €/m<sup>2</sup> a 9,5 €/m<sup>2</sup> (+27%). Isto é un factor fundamental de empobrecemento, realidade que recolle o 15º Informe EAPN-ES (2025) de que a problemática da vivenda é xa un dos principais factores que xeran pobreza e exclusión social no noso país.

Por todos estes motivos, é necesario que a Xunta de Galiza saia da súa pasividade e se active na avaliación desta situación e na posta en marcha de medidas acordadas e





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

extraordinarias. Esta situación debe ser obxecto de atención e preocupación do goberno galego para impulsar medidas paliativas naqueles ámbitos máis vulnerables e para facer seguimento das consecuencias que esta situación poida ter no debilitamento do conxunto da economía galega.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas novas diante da evolución da crise de prezos e do impacto socioeconómico da escalada bélica e planificar unha reorientación orzamentaria para o que desenvolverá, en colaboración co Consello Económico e Social, unha mesa de traballo para o impulso de medidas ante a ralentización da economía galega, a perda de competitividade e a cronificación da desigualdade social. Dito grupo de traballo remitirá ao Parlamento Galego unha proposta de medidas para a súa posta en común, debate e aprobación, referentes, cando menos á actualización do Plan Estratégico da Xunta e á aprobación dun paquete de medidas urxentes ante a crise de prezos cunha vixencia mínima do primeiro semestre de 2026.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2026 10:23:11

Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2026 10:23:19





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 10:24:58





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asinado o día 15/04/26  
10:48  
Por Rosana Pérez Fe

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza dos datos de execución orzamentaria do Goberno galego respecto do exercicio 2025.

Asinado o día 15/04/2026 ás  
10:47  
Por Ramón Fernández Alfonso

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra recorrentes eivas que podemos comprobar tanto á luz da información de execución como á luz das distintas observacións que recorrentemente fai o Consello de Contas referidos á Conta Xeral. Así, coñecidos os datos referidos ao exercicio de 2025 que veñen de remitirse ao Parlamento galego constatamos outra volta eivas similares ás de anos precedentes.

Segundo os estados de execución dos orzamentos de 2025 publicados pola Xunta de Galiza, o nivel global de execución a 31/12/2025 foi dun 95%, ficando sen executar 790 millóns de euros no total de seccións. Entre as seccións con menor nivel de execución relativo aos seus respectivos créditos vixentes están, como en exercicios precedentes, as consellarías de Comercio, Emprego e Emigración; Medio Ambiente e Cambio Climático; a do Mar; Vivenda e Infraestruturas, Economía e Industria e a de Medio Rural. Desta maneira, en termos absolutos podemos destacar a falta de execución de, por exemplo, 222 M€ en Comercio, Emprego e Emigración; 112 M€ en Política Social; 82 M€ en Medio Rural ou 52 M€ en Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Asinado o día 15/04/2026 ás  
10:47  
Por Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta situación, malia as desculpas habituais do goberno galego, denotan unha enorme falta de planificación e de resolución, pois as eivas son constantes en programas similares, vendo un ano concreto ou vendo períodos máis amplos.

Así, no tocante ao pasado exercicio salientan negativamente outra volta a baixa execución relativa dos capítulos de Transferencias de capital e de Investimentos reais, fundamentais para a dinamización económica, ou o feito de que malia rexistrar Galiza a crise de lumes máis grave da súa historia ou os efectos da crise mundial desatada polo belicismo non se executaran os 50 millóns consignados para o fondo de continxencia. Na mesma liña, sorprende a falta de execución de case 300 millóns de euros no capítulo de transferencias correntes.

Canto á execución por programas, podemos observar que non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados coa formación profesional de persoas ocupadas e desempregadas, programas de solidariedade ou infraestruturas pesqueiras malia a situación crítica que vive no noso país o sector do mar e malia as necesidades no ámbito do emprego, con numerosos indicadores con peor evolución en Galiza respecto da media do Estado. Por outra banda, entre o 50% e o 75% de execución volvemos atopar programas diversos e necesarios como os relacionados con distintos ámbitos agrario, de vivenda, de dependencia, pesca, violencia machista, ordenación forestal, economía social e un longo etcétera.

Para alén destas cuestións, é mesmo distópico que en varios programas a Xunta realice modificacións orzamentarias á alza para despois non executalas ou, tamén, que aproveite as modificacións orzamentarias para recortar programas que promoveu politicamente no debate público e orzamentario, constituíndo unha especie de trampa á cidadanía. As modificacións de crédito, sendo legais, seguen a ser un elemento usado perniciosamente polo goberno galego, con falta de transparencia e dación de contas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país. Máis aínda, nun contexto marcado polas consecuencias socioeconómicas dunha guerra criminal e imperialista que provoca efectos no día a día dos galegos e galegas para alén das súas irreparables consecuencias humanas e que acrecentan a inestabilidade política e de prezos e precisa dun goberno con capacidade de reacción económica.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a impulsar unha actualización normativa e da súa planificación orzamentaria na que se inclúan os seguintes aspectos:

a) calendario de aplicación e impulso das recomendacións en materia orzamentaria emitidas polo Consello de Contas.

b) obriga de render contas ao Parlamento galego, mediante un informe fundamentado, cada vez que unha partida de gasto non acade o 75% de execución orzamentaria.

c) unha ampliación da información referente ás modificacións orzamentarias, singularmente cando supoñan un cambio no tipo de gasto, no que se expliquen con máis detalle os fundamentos para tal decisión e se informe adecuadamente do novo destino de gasto concretando a súa finalidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

d) maior transparencia do uso do fondo de continxencia, remitindo un informe anual no que se concreten os usos finalmente consignados

e) información detallada da planificación plurianual daqueles programas de gasto que exceden o ano orzamentario, de cara a poder avaliar adecuadamente se está xustificada a demora na execución”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2026 10:47:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/04/2026 10:47:45

Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2026 10:48:09



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 10:49:31  
**Nº Rexistro: 55283**  
Data envío: 15/04/2026 10:49:31.408

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 10:49:32

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Julio Torrado Quintela e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

## Exposición de motivos

O patrón de riqueza do conxunto de España fai un debuxo bastante nítido dunha división en dúas metades, norte e sur, que apunta a que as CCAA do norte presentan mellores datos tanto absolutos como relativos e as CCAA do sur sofren situacións máis axustadas e de menores capacidades. Neste escenario, Galicia amosa unha situación particular pois resulta ser a CA con datos menos sólidos de entre todas as do norte e, de maneira específica nalgúns cuestións de desigualdade, destaca en termos negativos.

O Atlas da riqueza de España (publicado en 2025) presenta algúns datos de interese sobre a riqueza, que permite desagregar por CC.AA e obter unha visión de Galicia e a distribución desta riqueza. En termos absolutos, a media de riqueza por fogar en España estímase en 382.000 €. A media de Galicia está por debaixo, en 325.000 €, situándose á par que Asturias e por debaixo de todas as demais CC.AA do norte (ademais de Madrid e Illes Balears).

Este deficitario punto de partida, que evidencia que Galicia ten dificultades para equipararse ao seu contexto, e sinala directamente á xestión económica do país. Máis alá de visionar unha cuestión das medias, a distribución desta riqueza amosa máis graves problemas para Galicia. O noso país presenta elevados niveles de desigualdade debido á concentración da riqueza. En Galicia o 1 % da

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





poboación con maior riqueza acumula o 29 % do total. Á excepción de Madrid, non hai outra comunidade autónoma que presente tal nivel de acumulación. É máis de 10 puntos superior da acumulación que presenta Asturias (17 %) ou Castela e León (16 %). A comparación tamén presenta problemas se avaliamos en termos do índice de Gini, onde Galicia non mellora os datos das comunidades da súa contorna xeográfica e de similitude en termos sociodemográficos.

Así que en Galicia se presenta unha riqueza menor que a media e unha distribución máis desigual, o que supón unha moi grave acumulación de factores que evidencia unha enorme desigualdade.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Elaborar un informe a presentar no Parlamento de Galicia, nun prazo de 3 meses, de valoración sobre a situación de desigualdade económica en termos de riqueza e desequilibrio da riqueza en Galicia, coa estimación do impacto das políticas económicas e orzamentarias na dita situación nos últimos anos.
2. Presentar unha proposta de actuación en termos de políticas de redistribución da riqueza en Galicia para reducir o volume de desigualdade presente na actualidade.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/04/2026 11:00:53

Patricia Iglesias Rey na data 15/04/2026 11:01:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 11:01:11



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 11:06:51  
**Nº Rexistro: 55290**  
Data envío: 15/04/2026 11:06:51.777

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 11:06:52

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

## Exposición de motivos

As esperas para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica ou unha consulta con especialista hospitalario levan sendo, dende hai anos, unha das principais queixas da cidadanía galega respecto do seu sistema sanitario. Estas queixas fundamentadas no incremento continuado das esperas sitúan un grave problema que ten que ver coa demora tanto na diagnose como no tratamento ou intervención de ser o caso. Así, e a pesares do excelente nivel profesional existente, poden detectarse problemas de ineficiencias no sistema, froito da imposibilidade de dar resposta con total eficacia aos problemas xurdidos, dada a saturación crecente dun sistema que durante a última década veu recortada a súa capacidade asistencial.

No entanto, o Goberno de Galicia vén presumindo de maneira sistemática dunhas listas de espera que, collendo datos oficiais, avanza progresivamente na mellora continua. A pesares desta versión oficial, tanto profesionais como colectivos de pacientes, e a cidadanía en xeral, perciben que os datos formais existentes sobre listas de espera non se corresponden coas experiencias propias e próximas que amosan realidades moi distintas, e con maiores esperas das que o Goberno de Galicia pretende recoñecer.





O sistema de cómputo das listas de espera sanitarias en Galicia ten a responsabilidade da discrepancia profunda entre a versión oficial e a realidade existente e coñecida. O proceso polo que unha persoa espera por unha cita non é computado de maneira íntegra, senón que apenas é computado o tempo dende que é marcada unha data en axenda. Así, ante a situación extremadamente habitual de estar en espera durante semanas (ou meses) por unha consulta, proba ou intervención cirúrxica, esta non contabiliza como tal se a cita non está explicitamente marcada. Isto tende a ser o habitual, xa que os usuarios en espera non teñen cita concreta senón que están á espera de chamada do propio Sergas para marcala. Este tempo antes de fixar horario concreto non é contabilizado, e así o cómputo das esperas non reflicte en ningún caso a realidade. Este sistema xa foi contestado por membros do Consello Consultivo de Galicia en diversos informes, e configura a existencia de dous tipos de listas de espera: a que agrupa a aquelas persoas que están a espera de chamada e a que conforman os que teñen cita concreta marcada. As segundas son as que se utilizan para os datos oficiais.

Avaliar correctamente supón un elemento imprescindible para a implantación, desenvolvemento e mellora das políticas públicas. No entanto, as listas de espera sanitarias supoñen un autoengano permanente, xa que non son públicas as listas de espera non estruturais (que amosarían a realidade moito máis clara) e apenas é recoñecido por parte do Goberno o sistema de cómputo que minora as demoras.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a cambiar o sistema de cómputo das esperas dos usuarios do sistema público de saúde para permitir coñecer os tempos reais completos dende que é solicitada a cita para consulta / proba diagnóstica / intervención, e que sexan publicados de maneira

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





transparente a través dos mesmos medios (recursos, publicidade, difusión...)  
que se fai ata o de agora co sistema actual.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/04/2026 11:12:05

Silvia Longueira Castro na data 15/04/2026 11:12:12

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 11:12:22



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 11:15:09  
**Nº Rexistro: 55296**  
Data envío: 15/04/2026 11:15:09.421

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 11:15:10

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/04/2026 11:58:45  
Nº Rexistro: 55305  
Data envío: 15/04/2026 11:58:45.844

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a explicación por parte do goberno da falta de execución orzamentaria do programa 313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero no exercicio 2025.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita contra a violencia machista debera ser unha prioridade económica e orzamentaria do goberno da Xunta. Porén, ademais de continuar negándose a orzar o 1% do orzamento para este fin e de vir de aplicar no Orzamento de 2026 un tesoirazo de máis dun millón de euros, non executou o comprometido no ano 2025.

Así, coñecidos os datos referidos ao exercicio de 2025 que veñen de remitirse ao Parlamento Galego constatamos que o programa 313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero atópase entre as prioridades de gasto que ficaron entre o 50% e o 75% de execución, neste caso cunha execución do 72,5%, deixando sen executar 7.273.000 euros despois de se lle aplicar previamente unha modificación de crédito á baixa por un importe de -45.000 euros.

Segundo os estados de execución dos orzamentos de 2025 publicados pola Xunta de Galiza, o nivel global de execución a 31/12/2025 foi dun 95%, ficando sen executar 790 millóns de euros no total de seccións. Entre as seccións con menor nivel de execución relativo aos seus respectivos créditos vixentes están, como en exercicios precedentes, as consellarías de Comercio, Emprego e Emigración; Medio Ambiente e Cambio Climático; a do Mar; Vivenda e Infraestruturas, Economía e Industria e a de Medio Rural. Así mesmo, en termos absolutos podemos destacar a falta de execución de 112 M€ na

Asinado o día 15/04/2026 ás  
11:56  
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 15/04/2026 ás  
11:56  
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 11:58:45  
**Nº Rexistro: 55305**  
Data envío: 15/04/2026 11:58:45.844

consellaría de Política Social e Igualdade, responsable máxima das políticas contra a violencia machista.

Esta situación é dunha enorme gravidade e debe ser explicada nun contexto no que son manifestos os incumprimentos do goberno galego que, por exemplo, négase a activar unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual, a rescatar para o público os centros de crise 24 horas, ampliar a atención psicolóxica ás vítimas, incrementar acorde co IPC as axudas de violencia, etc. Ao contrario, é necesario garantir que as vítimas de violencia machista non sexan un dos colectivos que máis sofre o impacto nas políticas públicas da limitación de recursos económicos e financeiros, como xa pasou en crises anteriores.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a abandonar a súa deriva de recortes, falta de execución e privatización das políticas públicas destinadas á loita contra a violencia machista en Galiza a comezar por:

1. Remitir á Cámara galega un informe detallado sobre as causas e consecuencias das súas modificacións de crédito e falta de execución do programa 313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero no exercicio 2025.

2. Reverter o recorte de máis dun millón de euros previsto para o exercicio económico 2026 de cara a garantir, entre outras medidas, a compensación nos recursos existentes da escalada de prezos de forma que as vítimas de violencia machista non sexan un dos colectivos que máis sofre o impacto nas políticas públicas da limitación de recursos económicos e financeiros, como xa pasou en crises anteriores.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2026 11:56:00

Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2026 11:56:12





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 11:58:46

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

## Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención. Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crueza, e obsérvase como a perda de investimento e de persoal (aínda hoxe hai menos profesionais sanitarios en atención primaria que en 2009, segundo o propio volume de persoal recoñecido nos orzamentos da Xunta) repercuten agora nun sistema saturado e con profesionais precarizados que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O fabuloso traballo dos profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos dirixentes dun sistema que continúan a manter unha das peores condicións laborais de toda España, provocando que os profesionais e médicos en formación eviten a Atención Primaria dadas as súas condicións. De aí se deriva que algunhas das prazas de Atención Primaria en Galicia queden sen reclamar por parte dos profesionais, porque as condicións son peores e de menores posibilidades que noutros puntos.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





En termos de formación de novos profesionais, dende o ano 2009 Galicia renunciou a formar a 180 profesionais médicos para Atención Primaria que tiña oportunidade, e hoxe bota en falta todos e cada un deles. Hoxe o volume de prazas habilitadas polo Goberno do Estado para novos profesionais sanitarios en 2026 é o maior da historia, co maior número de prazas MIR (Médico/a Interno Residente), EIR (Enfermeira Interna Residente) ou outras especialidades para poder convocar, superando as 700 só para a nosa Comunidade Autónoma. No entanto o Goberno de Galicia ten anunciado a súa convocatoria e quédase en 676, deixando arredor dun centenar de prazas sen convocar. Isto sucede nalgunhas especialidades de primaria (enfermería familiar e comunitaria) máis ocorre tamén noutras onde non se convocan todas as prazas posibles.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema, que se notan especialmente en Atención Primaria e nas urxencias hospitalarias: 1) nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estean totalmente cubertos na medida en que o necesitan; 2) nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polo funcionamento ineficiente dos centros de saúde e dos PAC.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así, os sanitarios do propio sistema público discrepan da xestión do goberno autonómico no sistema sanitario, o que se vén traducindo en problemas constantes e folgas polas condicións da Atención Primaria.

Dende a cidadanía véñense sucedendo mobilizacións e protestas que percorren o territorio galego, que tanto en termos comarcais como en enormes manifestacións galegas durante os últimos anos, amosan unha contestación crecente e un malestar que dende o Goberno de Galicia non se quere escoitar.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, asumindo a realidade amosada polo estudo “*Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*”, e partindo das eivas e necesidades detectadas, afronte as decisións estratéxicas necesarias para acadar os obxectivos marcados, priorizando de maneira clara as seguintes liñas:

1. Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.
2. A incorporación ao sistema de Atención Primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte.
3. A mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira discontinúa, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais de continuidade dotándoos de maior estabilidade e menor variabilidade espacial.
4. Implementar a figura do profesional ou equipa de distribución da demanda nos centros de saúde, comezando por aqueles máis grandes onde o volume asistencial fai máis axeitado incorporala.
5. Promover a conexión entre os servizos de Saúde Mental e a Atención Primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



equipos de Atención Primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/04/2026 12:20:37

Silvia Longueira Castro na data 15/04/2026 12:20:44

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 12:20:52



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 12:22:00  
**Nº Rexistro: 55315**  
Data envío: 15/04/2026 12:22:00.122

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 12:22:01

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asinado o día 15/04/2026 ás 12:34  
Por Ariadna Fernández

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa ás axudas da Xunta de Galiza ante o forte incremento dos custos para o sector apícola a raíz da agresión imperialista de EEUU e Israel en oriente medio.

Asinado o día 15/04/2026 ás 12:34  
Por Sonia Vidal Lamas

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de febreiro os EEUU de América xunto con Israel atacaron a Irán cunha serie de bombardeos aéreos sobre varias cidades de Irán levados a cabo por sorpresa, mentres estaban en curso negociacións diplomáticas entre Estados Unidos e Irán.

Este ataque totalmente ilexítimo, imperialista e contrario ao dereito internacional de EEUU e Israel sobre Irán, trae consigo un grave desastre humano con miles de mortos e a destrución de múltiples infraestruturas de uso civil que levarán o sufrimento a unha grande parte da poboación das zonas afectadas. A parte deste desastre que sofren fundamentalmente as persoas desta parte do planeta en Galiza tamén nos vemos afectados pola situación provocada por esta agresión imperialista.

Se falamos do sector apícola o encarecemento da enerxía concretamente o petróleo e o gas natural trae consigo un encarecemento dos insumos que necesitan as nosas explotacións. Ante esta situación de suba de prezos xeneralizado que provoca graves perdas nestas explotacións por unha guerra que non provocaron e que pode facer perigar a súa viabilidade.

Asinado o día 15/04/2026 ás 12:34  
Por Secundino Fernández





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ante esta suba desbocada dos combustíbeis o estado español sacou unhas axudas para dalgunha forma compensar parte deste enorme custe que lles trae as nosas explotacións agrarias. Estas axudas non están adaptadas as explotacións apícolas xa que non consumen gasóleo agrícola. As explotacións apícolas utilizan vehículos todo terreos para poder acceder aos apiarios ou para trasladar as colmeas, polo tanto non poden utilizar gasóleo bonificado tipo agrícola; isto supón un grave incremento de custes para o que non teñen ningún tipo de axuda. O resto dos incrementos dos custes relacionados coa produción apícola e derivados do suba dos prezos pola agresión imperialista tampouco tivo ningún tipo de axuda nin a cargo do goberno central nin da Xunta de Galiza

Ante esta situación tan grave para as nosas explotacións, a Xunta de Galiza lanza a traveso dos medios de comunicación unha nova de que o sector agrario recibirá 19,4 M€ para a modernización das explotacións mediante a incorporación de tecnoloxías de agricultura de precisión, así como de maquinaria e produtivos orientados á mellora da eficiencia, etc.

Pero unha vez máis, trátase dun anuncio propagandístico da Xunta de Galiza para dicir que se fai, mais realmente nada fai, pois non hai nin unha axuda directa para paliar esta grave crise que teñen encima os nosos produtores agrarios, nin tampouco unha soa medida para paliar este grave problema de incremento de custes nas explotacións apícolas.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG pensamos que nunha situación crítica como a que sufrimos hai que por todas as medidas para salvagardar as nosas explotacións apícolas que permiten vivir a moitas mulleres e homes e seguir mantendo o noso rural. Son, ademais, explotacións que axudan a fixar poboación nas nosas parroquias, sobre todo en zonas de montaña e á súa vez producen alimentos de excelente calidade.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar e publicar, no prazo dun mes, unha liña de axudas para compensar as explotacións apícolas polo forte incremento dos gastos a raíz da agresión imperialista de EEUU e Israel en Oriente Medio”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 15/04/2026 12:34:05

Sonia Vidal Lamas na data 15/04/2026 12:34:11

Ariadna Fernández González na data 15/04/2026 12:34:23

Luis Bará Torres na data 15/04/2026 12:34:29





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 12:36:14

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A situación da antiga piscifactoría de Meirás, no concello de Valdoviño, constitúe un exemplo paradigmático da falta de coordinación institucional e da ausencia de actuación eficaz por parte da Xunta de Galicia na xestión de espazos degradados con especial valor ambiental.

Neste contexto, resulta especialmente grave que a Xunta de Galicia optase por sancionar ao concello de Valdoviño cunha multa de 10.000 euros pola existencia de residuos no ámbito, a pesar de tratarse dunha propiedade privada e de que a administración local non dispón de capacidade de actuación directa sobre a mesma. Ademais, consta que o concello adoptou as medidas que estaban ao seu alcance, como a prohibición de acceso ao recinto e a solicitude de autorización á propia Xunta para poder actuar, sen obter resposta.

Ao mesmo tempo, non se ten constancia de que a Xunta de Galicia impulsase actuacións efectivas para esixir ao propietario a retirada dos residuos nin para promover a recuperación do espazo, a pesar de que desde a propia Administración autonómica se ten sinalado a necesidade de reposición ao estado natural da zona.





Esta actuación resulta contraditoria, xa que se produce unha sanción á administración local mentres non se adoptan medidas contra quen ostenta a responsabilidade directa sobre o terreo nin se facilita a intervención preventiva solicitada polo concello.

Ademais, a ausencia de coordinación institucional é evidente, xa que non se produciron reunións nin canles de colaboración efectivas entre a Xunta de Galicia e o concello de Valdoviño, malia as reiteradas solicitudes trasladadas pola administración local.

Todo isto leva a cuestionar se a actuación da Xunta responde exclusivamente a criterios técnicos ou se existen elementos de carácter político, tendo en conta que se está a trasladar á veciñanza o custo dunha sanción nun contexto no que non se teñen ofrecido solucións nin colaboración institucional.

Por último, cómpre lembrar que a recuperación de espazos degradados e a protección do medio natural deben ser unha prioridade das administracións públicas, especialmente en ámbitos de especial valor ambiental, garantindo actuacións coordinadas, eficaces e baseadas no interese xeral.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer, de maneira inmediata, un espazo de coordinación institucional co concello de Valdoviño para abordar de forma conxunta a situación da antiga piscifactoría de Meirás, garantindo unha resposta eficaz e consensuada.
2. Elaborar un informe técnico completo que determine o estado actual do ámbito, a natureza dos residuos existentes, as responsabilidades

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





correspondentes e as actuacións necesarias para a súa retirada e a rexeneración ambiental do espazo.

3. Esixir as responsabilidades correspondentes ás persoas titulares da propiedade polos residuos existentes e pola degradación do espazo, garantindo que non recaia sobre as administracións públicas nin sobre a veciñanza o custo da súa recuperación.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2026



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 15/04/2026 13:25:20

Carlos López Font na data 15/04/2026 13:25:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 13:25:38



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 13:29:38  
**Nº Rexistro: 55328**  
Data envío: 15/04/2026 13:29:38.230

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 13:29:38

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A situación da antiga piscifactoría de Meirás, no concello de Valdoviño, constitúe un exemplo paradigmático da falta de coordinación institucional e da ausencia de actuación eficaz por parte da Xunta de Galicia na xestión de espazos degradados con especial valor ambiental.

Neste contexto, resulta especialmente grave que a Xunta de Galicia optase por sancionar ao concello de Valdoviño cunha multa de 10.000 euros pola existencia de residuos no ámbito, a pesar de tratarse dunha propiedade privada e de que a administración local non dispón de capacidade de actuación directa sobre a mesma. Ademais, consta que o concello adoptou as medidas que estaban ao seu alcance, como a prohibición de acceso ao recinto e a solicitude de autorización á propia Xunta para poder actuar, sen obter resposta.

Ao mesmo tempo, non se ten constancia de que a Xunta de Galicia impulsase actuacións efectivas para esixir ao propietario a retirada dos residuos nin para promover a recuperación do espazo, a pesar de que desde a propia Administración autonómica se ten sinalado a necesidade de reposición ao estado natural da zona.





Esta actuación resulta contraditoria, xa que se produce unha sanción á administración local mentres non se adoptan medidas contra quen ostenta a responsabilidade directa sobre o terreo nin se facilita a intervención preventiva solicitada polo concello.

Ademais, a ausencia de coordinación institucional é evidente, xa que non se produciron reunións nin canles de colaboración efectivas entre a Xunta de Galicia e o concello de Valdoviño, malia as reiteradas solicitudes trasladadas pola administración local.

Todo isto leva a cuestionar se a actuación da Xunta responde exclusivamente a criterios técnicos ou se existen elementos de carácter político, tendo en conta que se está a trasladar á veciñanza o custo dunha sanción nun contexto no que non se teñen ofrecido solucións nin colaboración institucional.

Por último, cómpre lembrar que a recuperación de espazos degradados e a protección do medio natural deben ser unha prioridade das administracións públicas, especialmente en ámbitos de especial valor ambiental, garantindo actuacións coordinadas, eficaces e baseadas no interese xeral.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facilitar de maneira efectiva a autorización e execución de medidas preventivas e correctoras por parte do concello de Valdoviño cando estas sexan solicitadas, evitando situacións de bloqueo administrativo.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 15/04/2026 13:25:47

Carlos López Font na data 15/04/2026 13:25:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 13:26:00





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 13:30:04

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa, da súa deputada e dos seus deputados, **Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

## Exposición de motivos

A estrada PO-224, que conecta o núcleo de Bora co de San Amaro (Barro), atravesando as parroquias pontevedresas de Bora, Santo André de Xeve, Santa María e Verducido, converteuse nos últimos anos nunha arteria fundamental para a mobilidade transversal do norte do noso concello.

O que orixinalmente era unha estrada de servizo local, hoxe funciona *de facto* como unha variante de circunvalación para o tráfico que transcorre entre a N-541 e N-550 e que evita que entre no centro urbano. Porén, esta infraestrutura presenta deficiencias graves que poñen en risco a integridade de condutores e dos veciños, así como aos usuarios das instalacións do centro David Cal do Pontillón do Castro.

A vía mantén un deseño de media montaña con curvas de radio reducido e cambios de rasante que non corresponden co volume de tráfico actual, especialmente tras o auxe do Polígono de Barro-Meis, o que fai o actual trazado inadecuado xa que gran parte do percorrido carece de beirarrúas ou sendas seguras, tendo algunhas zonas unha alta densidade de vivendas dispersas, obrigando así aos veciños a camiñar polas marxes dunha calzada estreita.





Este viario é o principal acceso ao complexo deportivo e recreativo da zona, polo que soporta un incremento de tráfico os fins de semana que satura a vía e xera situacións de perigo entre ciclistas e vehículos pesados.

Debido á densidade media alta que soporta esta estrada e o paso constante de transporte de madeira, de áridos e camións pesados estase a acelerar o desgaste do asfalto, creando fochancas e perdas de adherencia perigosas en días de choiva. Resulta especialmente sensible nalgunhas curvas, incrementando o perigo de saída de vía.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Elaborar e presentar de forma urxente un proxecto de reforma integral da PO-224, que prevea o ensanche da plataforma en puntos críticos e a rectificación de curvas de baixa visibilidade.
2. Executar un plan de humanización e sendas peonís que garanta a continuidade de paso seguro para a veciñanza de Xeve, que una o os núcleos de poboación cos equipamentos públicos.
3. Mellorar a sinalización e iluminación, así como a seguranza nos accesos ao encoro do Pontillón do Castro xa que, a día de hoxe, non existe nin un só paso de peóns.
4. Mellorar o trazado, mediante a eliminación de curvas e outros elementos perigosos, ademais de elaborar, de común acordo coa veciñanza, unha ampliación da sección da estrada e mellorar a conexión entre as parroquias do norte do concello de Pontevedra (N-550 e N-541).

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Santiago de Compostela, 15 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/04/2026 13:29:15

Carlos López Font na data 15/04/2026 13:29:24

Aitor Bouza Manso na data 15/04/2026 13:29:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 13:29:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 13:32:53



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 13:32:52  
**Nº Rexistro: 55331**  
Data envío: 15/04/2026 13:32:52.688

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

## Exposición de motivos

Nos últimos tempos, os centros de saúde de Cerdedo, Carballedo e Forcarei veñen sufrindo unha grave carencia asistencial ao carecer do servizo de matrona, o que supón un claro exemplo de desigualdade territorial no acceso á sanidade pública.

As mulleres destes municipios vense obrigadas a se desprazaren ata o centro de saúde de Tenorio para recibir atención, a cal se presta unicamente dous días ao mes e durante un número moi limitado de horas. Esta situación resulta claramente insuficiente e inxusta, especialmente para as mulleres dunha poboación maioritariamente rural e dispersa.

A ausencia deste servizo non só afecta ao seguimento do embarazo e ao posparto, senón tamén a aspectos fundamentais como a educación sexual, a prevención e a detección precoz de enfermidades, incluídas probas tan relevantes como as citoloxías. A falta de acceso á matrona pode provocar atrasos ou a perda de controis esenciais para a saúde das mulleres.

Este abandono sanitario evidencia unha fenda entre o medio rural e o urbano, xerando cidadanía de primeira e de segunda en función do lugar de residencia. A

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





sanidade pública debe garantir a igualdade real no acceso aos servizos básicos en todo o territorio galego.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas inmediatas para garantir unha atención sanitaria digna, continua e de calidade tamén no rural, por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a restituír de maneira inmediata o servizo de matrona nos centros de saúde de Cerdedo, Carballedo e Forcarei, garantindo unha presenza estable e suficiente, co fin de garantir a igualdade no acceso á atención sanitaria das mulleres no medio rural..

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/04/2026 13:43:20

Julio Torrado Quintela na data 15/04/2026 13:43:30

Silvia Longueira Castro na data 15/04/2026 13:43:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 13:43:47



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 13:46:48  
**Nº Rexistro: 55339**  
Data envío: 15/04/2026 13:46:48.556

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 13:46:49

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/04/2026 16:44:41  
Nº Rexistro: 55346  
Data envío: 15/04/2026 16:44:41.070

Asinado o día 15/04/2026 ás 16:43  
Por Ana Pontón Monte

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre o proxecto para a instalación dunha planta de acumulación de enerxía na parroquia de Pesqueiras (Chantada).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos a veciñanza da parroquia de Pesqueiras, no concello de Chantada, alzou a voz de alarma ante un proxecto que preocupa moito as persoas que habitan esta freguesía e toda a bisbarra de Chantada. Trátase dunha planta de acumulación de enerxía, impulsada pola empresa Grenergy e algunha das súas filiais, que ocuparía un terreo de polo menos catro hectáreas ás beiras de territorio catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC) e que tería un impacto visual enorme ao proxectarse tamén a instalación de dúas subestacións eléctricas.

A documentación do proxecto que se coñece por agora apunta a que se prevé a instalación de até 144 baterías, cunha subestación para evacuar esta enerxía (cuxas liñas irían soterradas) e outra subestación dun proxecto diferente, para evacuar a enerxía que chegue dos parques situados nos concellos de Becerreá, Baralla e Cervantes. Segundo puido saber o Grupo Parlamentar do BNG, a empresa promotora xa iniciou os contactos e as negociacións coa veciñanza para a adquisición dos terreos.

Sendo esta a situación actual, a veciñanza de Pesqueiras xa mostrou de modo claro o seu rexeitamento a este proxecto que pode ter afectacións serias á saúde das persoas a

Asinado o día 15/04/2026 ás 16:43  
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 15/04/2026 ás 16:42  
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

través de encontros parroquiais e da preparación de alegacións que se presentarán na Delegación Territorial da Xunta de Galiza en Lugo.

Perante esta conxuntura, desde o Grupo Parlamentar do BNG consideramos que o Goberno galego debe pronunciarse a respecto deste proxecto, máis aínda coñecendo a oposición que as veciñas e veciños xa están a mostrar. Toda a información que o Goberno galego teña, debe ser posta a disposición da poboación e coñecida publicamente. É por iso que instamos á Xunta de Galiza a que faga un exercicio de transparencia á maior celeridade posíbel e non só dea a información requirida, senón que tamén opine abertamente acerca deste proxecto que pode chegar a ser altamente prexudicial para a saúde das veciñas e veciños de Pesqueiras e, por tanto, de Chantada e a comarca homónima.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Entregar aos grupos Parlamentares no prazo dun mes toda a información coa que o Goberno galego conte a respecto do proxecto de instalación dunha planta de acumulación de enerxía na freguesía chantadesa de Pesqueiras.
2. Informar periodicamente a veciñanza da parroquia de Pesqueiras, no formato que se considerar, do estado de tramitación do devandito proxecto.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 15/04/2026 16:42:53

José Manuel Golpe Acuña na data 15/04/2026 16:43:02

Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2026 16:43:09





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 16:44:41





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 17:03:12  
**Nº Rexistro: 55350**  
Data envío: 15/04/2026 17:03:12.361

Asinado o día 15/04/2026 ás 17:02  
Por Luis Bará Torres

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Saleta Chao Rivas, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o saneamento nas parroquias de Tapia e Piñeiro (Ames).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tapia e Piñeiro son dúas parroquias do concello de Ames, nas que viven por volta de 330 persoas, ás que en abril de 2026 aínda non chegou o saneamento. O que leva sendo unha reivindicación da veciñanza desta zona desde hai moitos anos, chegou a ter a atención das administracións local e galega e a materializarse nun proxecto que, despois dunha longa espera, quedou metido nun caixón. Esta parálise na prestación do servizo de saneamento engádese á listaxe de discriminacións que sofren estas dúas parroquias que denuncian non recibir servizos básicos en igualdade co resto do territorio.

No ano 2013 o Concello de Ames solicitou a Augas de Galiza a redacción dun proxecto de saneamento conxunto para os núcleos de Tapia, Piñeiro e Troitosende, incluíndo tamén o Concello da Baña.

No ano 2015, o director de Augas de Galiza confirmou que se procedería á redacción do proxecto, que finalmente foi entregado ao Concello de Ames en 2020 cun orzamento superior a 3,6 millóns de euros e que contemplaba unha actuación integral de recollida, transporte e tratamento de augas residuais para uns 500 veciños e veciñas dos concellos de Ames e A Baña.

Asinado o día 15/04/2026 ás 17:01  
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 15/04/2026 ás 17:01  
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Con todo, no ano 2024 Augas de Galiza comunicou que o proxecto era excesivamente custoso, excluíu o concello da Baña e propuxo para Ames unha alternativa baseada en estudos individualizados por núcleos mediante fosas sépticas, a través dunha modificación do proxecto. Finalmente, o 5 de febreiro de 2025 descartou definitivamente a licitación.

Neste punto, Augas de Galiza suxeriu que o Concello de Ames podería solicitar a subvención destinada a concellos para a instalación de sistemas de depuración autónomos na demarcación hidrográfica de Galiza-Costa, mais estas axudas están restrinxidas a núcleos rurais illados de quince ou menos vivendas, que non é o caso de Tapia e Piñeiro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a retomar os traballos para licitar e executar o proxecto de saneamento nas parroquias de Tapia e Piñeiro, do concello de Ames, tal e como se comprometera Augas de Galiza en 2020.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 15/04/2026 17:01:47

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2026 17:01:54

Luis Bará Torres na data 15/04/2026 17:02:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 17:03:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 17:03:12  
**Nº Rexistro: 55350**  
Data envío: 15/04/2026 17:03:12.361

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

## Exposición de motivos

O pasado 10 de abril de 2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) a transferencia por parte da Xunta ao Consello da Avogacía Galega e ao Consello Galego de Procuradores da contía para atender os gastos de funcionamento e infraestrutura derivados da prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta. Segundo o art.45 do decreto autonómico que regula a quenda de oficio, a contía destinada aos gastos operativos dos servizos colexiais fíxase nun 8 % do importe total certificado polos colexios profesionais en concepto de asistencia letrada e defensa gratuíta.

Esta achega súmase ao orzamento destinado a quenda de oficio, que ascende a 18,5 millóns de euros.

As cantidades antes sinaladas que está a destinar o goberno da Xunta a este servizo público atopan un alto nivel de malestar expresado de forma reiterada polo conxunto da avogacía galega e polos colexios profesionais, que denuncian que as cantidades destinadas non cobren o custo real do servizo prestado. Así mesmo, sinalan que as retribucións asignadas aos profesionais da quenda de oficio resultan claramente insuficientes e non inclúen numerosos conceptos que forman parte do traballo efectivo desenvolvido.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.socialistas.gal)





Cómpre salientar, ademais, que a Orde do 12 de febreiro de 2026 prorroga —de maneira unilateral por parte da Administración autonómica— o acordo de compensación económica entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega correspondente ao baremo da quenda de oficio e gardas. Esta prórroga abrangue o cuarto trimestre de 2025 e os tres primeiros trimestres de 2026, malia que o acordo anterior caducara no verán de 2025.

Segundo denuncia o sector, esta decisión non responde a un proceso de negociación real, senón que se limita a aplicar un incremento orzamentario de tres millóns de euros previamente fixado pola Xunta, sen incorporar as reivindicacións e propostas formuladas polos profesionais.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta constitúe un pilar fundamental do Estado de dereito, ao garantir o acceso á Xustiza en condicións de igualdade. Por este motivo, resulta imprescindible asegurar non só a súa sustentabilidade, senón tamén a dignificación das condicións laborais e económicas das persoas profesionais que o fan posible.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, de forma urxente, abrir un proceso de negociación real e efectivo co Consello da Avogacía Galega e da Procuraduría, e cos colexios profesionais para a actualización do baremo da quenda de oficio e das gardas, co fin de atender as súas xustas reivindicacións, r revisando as contías económicas destinadas á asistencia xurídica gratuíta, e incorporando ao sistema de compensación todos os conceptos de traballo efectivo actualmente non remunerados ou insuficientemente cubertos.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/04/2026 17:08:51

Patricia Iglesias Rey na data 15/04/2026 17:09:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 17:09:09





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 17:11:30



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**.

## Exposición de motivos

O sector pesqueiro galego constitúe un dos piares fundamentais da nosa economía, do emprego e da cohesión social nas zonas costeiras. Neste ámbito, as confrarías de pescadores desempeñan un papel clave non só na organización da actividade extractiva, senón tamén na recollida de información técnica esencial para a toma de decisións en materia de xestión dos recursos mariños.

Os técnicos e técnicas das confrarías realizan de maneira periódica a recollida e envío de mostras biolóxicas e ambientais, que son posteriormente analizadas polos organismos competentes. Estes datos resultan determinantes para a adopción de decisións que afectan directamente á actividade pesqueira, como vedas, cotas, campañas extractivas ou medidas de conservación.

Porén, na actualidade estase a producir unha situación de falta de retorno da información, na que as e os profesionais que recollen e envían estas mostras non reciben os resultados das análises realizadas nin teñen acceso sistemático á información que se xera a partir do seu propio traballo. Esta situación supón unha carencia importante en termos de transparencia, coordinación e eficiencia, ademais de dificultar a correcta comprensión e aceptación das decisións adoptadas pola Administración.



Resulta, polo tanto, imprescindible avanzar cara a un modelo de maior transparencia e colaboración co sector, garantindo que os datos obtidos co esforzo das e dos profesionais sexan accesibles tanto para os propios técnicos como para o conxunto do sector pesqueiro, reforzando así a confianza e mellorando a toma de decisións baseada en evidencia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer mecanismos que garantan a remisión periódica aos técnicos e técnicas das confrarías de pescadores dos resultados das análises realizadas a partir das mostras que eles mesmos envían.
2. Mellorar a coordinación entre a Administración autonómica e as confrarías de pescadores no intercambio de información científica e técnica, asegurando que os datos obtidos revertan de maneira efectiva no sector.

Santiago de Compostela, 15 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 15/04/2026 17:49:48

Paloma Castro Rey na data 15/04/2026 17:49:57

Carlos López Font na data 15/04/2026 17:50:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 17:50:09



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2026 17:57:12  
**Nº Rexistro: 55361**  
Data envío: 15/04/2026 17:57:12.444

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 17:57:13

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**.

## Exposición de motivos

O sector pesqueiro galego constitúe un dos piares fundamentais da nosa economía, do emprego e da cohesión social nas zonas costeiras. Neste ámbito, as confrarías de pescadores desempeñan un papel clave non só na organización da actividade extractiva, senón tamén na recollida de información técnica esencial para a toma de decisións en materia de xestión dos recursos mariños.

Os técnicos e técnicas das confrarías realizan de maneira periódica a recollida e envío de mostras biolóxicas e ambientais, que son posteriormente analizadas polos organismos competentes. Estes datos resultan determinantes para a adopción de decisións que afectan directamente á actividade pesqueira, como vedas, cotas, campañas extractivas ou medidas de conservación.

Porén, na actualidade estase a producir unha situación de falta de retorno da información, na que as e os profesionais que recollen e envían estas mostras non reciben os resultados das análises realizadas nin teñen acceso sistemático á información que se xera a partir do seu propio traballo. Esta situación supón unha carencia importante en termos de transparencia, coordinación e eficiencia, ademais de dificultar a correcta comprensión e aceptación das decisións adoptadas pola Administración.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Resulta, polo tanto, imprescindible avanzar cara a un modelo de maior transparencia e colaboración co sector, garantindo que os datos obtidos co esforzo das e dos profesionais sexan accesibles tanto para os propios técnicos como para o conxunto do sector pesqueiro, reforzando así a confianza e mellorando a toma de decisións baseada en evidencia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear un sistema público, accesible e actualizado de publicación dos resultados das mostras recollidas no ámbito pesqueiro, garantindo a transparencia e o acceso á información por parte do sector.

Santiago de Compostela, 15 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 15/04/2026 17:50:16

Paloma Castro Rey na data 15/04/2026 17:50:22

Carlos López Font na data 15/04/2026 17:50:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2026 17:50:34





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2026 17:57:53



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

## Exposición de motivos

A comarca de Valdeorras constitúe, desde hai décadas, un dos territorios do Estado con maior incidencia de silicose, enfermidade profesional directamente vinculada á exposición prolongada ao po de sílice cristalina, especialmente presente na industria extractiva da lousa, actividade económica central neste territorio.

Esta realidade non só afecta a colectivos profesionais concretos, senón que, segundo datos dispoñibles, presenta unha extensión anómala ao conxunto da poboación. Un estudo realizado no ano 2022 nos concellos de Rubiá e Vilamartín, situados fóra do principal núcleo extractivo da comarca, xa situaba a prevalenza da silicose na poboación xeral no 1,91 %, unha cifra practicamente equivalente á media galega rexistrada en traballadores directamente expostos ao risco. Este dato evidencia unha situación de excepcionalidade sanitaria que require unha resposta pública proporcionada á súa magnitude.

A silicose é unha enfermidade crónica, progresiva e sen cura, cunha latencia media de entre 12 e 15 anos entre a exposición e o diagnóstico, e cunha idade media dos pacientes na provincia de Ourense de 74,8 anos. Estas características





fan imprescindible un seguimento clínico continuado, especializado e próximo ao paciente.

Neste contexto, a Asociación de Afectados pola Silicose de Valdeorras (Asilival), que agrupa actualmente 227 persoas, leva máis dun ano desenvolvendo mobilizacións semanais diante do Hospital Público de Valdeorras reclamando a presenza estable dun especialista en pneumoloxía no centro. Esta reivindicación conta cun amplo apoio social, como evidencia a manifestación celebrada no Barco de Valdeorras no mes de marzo de 2026.

Non obstante, a resposta da Administración sanitaria mantense nun modelo baseado en desprazamentos periódicos de especialistas desde o Hospital Universitario de Ourense que, segundo trasladan tanto o colectivo como profesionais sanitarios, non garante un seguimento clínico axeitado para unha patoloxía destas características.

A maiores, resulta especialmente preocupante a ausencia de planificación epidemiolóxica. O Goberno galego se nega a realización dun estudo observacional de prevalenza da silicose no conxunto do distrito sanitario.

Do mesmo xeito, o colectivo de afectados ten denunciado dificultades para manter un diálogo institucional normalizado coa Administración sanitaria.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar o Hospital Público de Valdeorras dun especialista en pneumoloxía con presenza estable e continuada no centro.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



2. Realizar, con carácter urxente, un estudo epidemiolóxico de prevalenza da silicose en todos as cotas médicas do Distrito Sanitario de Valdeorras.
3. Establecer unha canle estable de diálogo coa Asociación de Afectados pola Silicose de Valdeorras (Asilival).
4. Reforzar os medios diagnósticos e de seguimento no Hospital Público de Valdeorras para a atención das enfermidades respiratorias de orixe profesional.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**





Asinado dixitalmente por:

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2026 10:57:50**

**Julio Torrado Quintela na data 16/04/2026 10:58:03**

**Silvia Longueira Castro na data 16/04/2026 10:58:11**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 10:58:21**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2026 11:01:47  
**Nº Rexistro: 55377**  
Data envío: 16/04/2026 11:01:47.786

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 11:01:48**

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**.

## Exposición de motivos

O sector do marisqueo de Pontedeume, tanto a pé como a flote, así como o sector de artes menores, está a atravesar unha situación de extrema gravidade, derivada da paralización da súa actividade durante semanas por recomendacións emitidas pola propia Xunta de Galicia.

Esta paralización, asumida con responsabilidade polas persoas traballadoras co obxectivo de preservar o futuro produtivo da ría, non foi acompañada de medidas suficientes de apoio económico nin dun plan integral de compensación por parte da administración autonómica.

No caso do marisqueo a flote, a situación resulta especialmente preocupante, ao non terse previsto inicialmente ningún mecanismo específico de apoio. Pola súa banda, no marisqueo a pé, as indemnizacións habilitadas resultan claramente insuficientes para compensar as perdas reais sufridas polas persoas traballadoras, agravando así a situación de precariedade do conxunto do sector.





Pola súa parte, o sector de artes menores leva máis de dous meses sen poder desenvolver a súa actividade, sen que ata o momento se teña habilitado ningún tipo de axuda específica, o que sitúa a estas persoas traballadoras nunha situación de especial vulnerabilidade e desprotección.

Tras a reunión mantida coa Consellería do Mar, o conxunto do sector atopouse cunha resposta claramente insuficiente, recoñecéndose explicitamente a inexistencia de medidas específicas, especialmente no caso do marisqueo a flote e das artes menores.

Resulta especialmente grave que a Xunta de Galicia, sendo a administración competente en materia de xestión destas actividades, derive agora a responsabilidade cara ao Estado, instando ao sector a acudir ao Instituto Social da Mariña (ISM) para solicitar o cese de actividade.

Esta actuación supón un claro desleixo de funcións e un traslado inxustificado de responsabilidades, xerando unha situación de indefensión para as familias que dependen directamente destas actividades.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades e adopte medidas urxentes, suficientes e equitativas para garantir a supervivencia do sector do marisqueo e das artes menores de Pontedeume no seu conxunto.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Constituír de maneira inmediata unha mesa de negociación real e específica cos sectores do marisqueo (a pé e a flote) e das artes menores

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



de Pontedeume, garantindo a súa participación directa na toma de decisións. Garantir un trato equitativo entre o marisqueo a pé, o marisqueo a flote e o sector de artes menores, adoptando medidas que atendan de maneira xusta e equilibrada ássoas traballadoras tras seguir as recomendacións da propia Consellería do Mar.

2. Revisar de maneira urxente as indemnizacións destinadas ao marisqueo a pé, incrementando as súas contías para que resulten suficientes e acordes coas perdas reais sufridas polas persoas traballadoras do sector.
3. Habilitar de maneira inmediata liñas de apoio específicas para o sector de artes menores, garantindo que reciban compensacións económicas tras máis de dous meses de inactividade.
4. Asumir plenamente as súas competencias e responsabilidades, evitando derivar a outras administracións solucións que lle corresponden, e poñendo fin á situación de incerteza e desprotección do conxunto do sector.
5. Garantir un trato equitativo entre o marisqueo a pé, o marisqueo a flote e o sector de artes menores, adoptando medidas que atendan de maneira xusta e equilibrada ás necesidades de todos eles.

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 16/04/2026 11:44:32

Paloma Castro Rey na data 16/04/2026 11:44:39

Carlos López Font na data 16/04/2026 11:44:45

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 11:44:51



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2026 11:51:35  
**Nº Rexistro: 55387**  
Data envío: 16/04/2026 11:51:35.110

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 11:51:35**

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación do sistema de protección de menores galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación da Estatística de Protección de Menores do 2023, ademais de amosar un atraso claro na xestión dos datos do sistema e a opacidade presente nestes, revela información preocupante relativa aos nosos nenos, nenas e adolescentes. A estatística ven a demostrar que a sobreocupación recoñecida pola Consellería de Política Social no 2025 como escusa para rexeitar o acollemento dos nenos e nenas migrantes que chegan sos, é un problema endémico do sistema, cunha saturación que nos acompaña fai anos sen ser resolta.

A falla de recursos económicos e humanos que poñan fin a esta circunstancia e garantan unha correcta atención dos menores, condúcenos a un colapso no sistema en todos os seus recursos, que non garante unha correcta atención dos nenos e nenas, unhas condicións de traballo adecuadas das equipas do menor ou dos traballadores e traballadoras dos centros residenciais, nin unha atención eficiente ás familias de acollemento, entre outras eivas.

Así, no relativo a estas, tanto nas alleas coma nas extensas, os datos son dun menor número en ámbolos dous casos. Podendo pensar que se trata dunha boa nova pola ausencia de necesidade deste recurso por parte dos menores, a realidade non é esa,

Asinado o día 16/04/2026 ás  
11:50  
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 16/04/2026 ás  
11:50  
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xa que os nenos e nenas susceptibles de seren acollidos nun fogar son máis no 2023 que no ano anterior. Disto podemos deducir que, habendo familias dispostas a facer esta labor e necesidade delas, moitas marchan do sistema, reducíndose o banco de familias mentres o número de nenos e nenas institucionalizados aumenta exponencialmente segundo as cifras do informe.

No referido ao acollemento residencial, o número de centros públicos e privados non variou dende o 2022 ao 2023, mais si o número de prazas destes, que no caso dos de xestión directa sufriu a diminución de 26 prazas a dispor. Mentres, o número de menores nesta situación aumentaron en 500 se comparamos os dous exercicios, feito sorprendente e alarmante, que indica que a cantidade de nenos do sistema de protección medra, proba de que a prevención non está a ter o efecto agardado, feito que as propias profesionais das equipas de menores puxeron enriba da mesa meses atrás.

Efectivamente o goberno ten a razón cando fala de sobreocupación, que queda demostrada nas estatísticas con datos de menores institucionalizados que superan en centos as prazas existentes para a súa atención, sen que coñezamos en que condicións viven eses rapaces. Mais, malia a esas cifras alarmantes, o investimento e esforzo por parte do goberno non é acorde coas necesidades existentes, condenando a unha atención deficiente a todos e todas as que precisan da axuda do sistema para deixar de vivir desprotección, vulneración dos seus dereitos, falla de cobertura de necesidades básicas, abusos, etc.

Debido á responsabilidade de todas as galegas e galegos sobre esas crianzas e adolescentes consideramos necesario que se actúe pensando no interese superior do menor por parte do goberno, con medidas transversais que resolvan a situación actual e que como se demostra ano a ano nas estatísticas, se ven perpetuando.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Achegar a estatística de menores do 2024 e o 2025, que permita saber os datos oficiais do sistema de protección de menores galego que indique as idades dos nenos institucionalizados.

2. Reforzar o sistema de protección de menores, co aumento de equipas técnicas en todas as provincias, a creación de prazas residenciais de menores de xestión pública e o reforzo do banco de familias acolledoras existente.

3. Reverter a situación dos nenos, nenas e adolescentes migrantes que chegaron sos, creando as prazas precisas para que non estean separados do resto dos menores do sistema de protección galego por razóns de orixe.

4. Levar a cabo unha análise oficial dos recursos do sistema de protección de menores galego sinalando as eivas existentes e as medidas para palialas que se prevén tomar por parte do goberno, creando unha listaxe que sexa actualizada trimestralmente na que se faga a relación dos menores que están agardando por algún recurso do sistema, para sermos conscientes das necesidades existentes en cada momento”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 16/04/2026 11:50:22

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2026 11:50:30



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 11:51:38



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2026 11:51:38  
**Nº Rexistro: 55388**  
Data envío: 16/04/2026 11:51:38.064

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as necesidades de melloras nos centros de saúde de Arteixo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Arteixo ten máis de 34.000 habitantes, e o aumento da poboación de Meicende e Vilarrodís fai que sexa preciso dotar de servizo de tarde os centros de saúde destas dúas localidades, con recursos humanos suficientes, tanto de medicina como de pediatría.

Alén disto, o PAC de Arteixo dispón dunha sala de radioloxía que está plomada desde hai anos, mais nunca foi aberta. É preciso abrir esta sala, e dotala do equipamento e de persoal especializado, xa que a cantidade de poboación coa que conta Arteixo o xustifica. Isto redundaría nunha mellora da atención sanitaria, ademais de desconxestionar outros servizos do CHUAC e de simplificar a mobilidade dos e das pacientes de Arteixo.

Nos últimos meses, coñecemos queixas da poboación a respecto do mal funcionamento e da saturación do servizo de atención primaria en Arteixo. A atención sanitaria é un servizo fundamental para a cidadanía, e neste esquema a atención primaria representa un primeiro punto de chegada dos e das pacientes, polo que debe estar adecuadamente dotada, e adaptada ás realidades da poboación.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Abrir en horario de tarde os centros de saúde de Vilarrodís e de Meicende, en Arteixo.

- Abrir a sala de radioloxía do PAC de Arteixo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 16/04/2026 12:48:53

María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2026 12:49:00

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2026 12:49:24





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 12:50:12

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

## Exposición de motivos

A Casa-Torre da Tinería, tamén coñecida como o antigo Hospital de San Miguel, constitúe un dos inmobles históricos máis singulares da cidade de Lugo, cun alto valor patrimonial e un enorme potencial como elemento dinamizador do barrio da Tinería.

Porén, a súa situación actual evidencia, unha vez máis, a falta de compromiso da Xunta de Galicia coa cidade de Lugo e coa posta en valor do seu patrimonio histórico. Desde hai anos, o Goberno galego vén anunciando reiteradamente proxectos para a súa rehabilitación e posta en uso, sen que ningún deles chegase a materializarse.

Xa no ano 2019, a Xunta anunciou a súa transformación nun centro de promoción do turismo enogastronómico, con espazos para formación, actividades e información turística, así como a cesión do inmovible á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo. Este anuncio incluía mesmo a inminente licitación das obras, que nunca chegou a executarse.

Non foi este un feito illado. Ao longo dos anos sucedéronse diferentes compromisos e declaracións públicas sobre a rehabilitación da Casa-Torre,

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





sempre presentadas como actuacións prioritarias para a dinamización do barrio da Tinería, sen que na práctica se producisen avances reais. Mentres tanto, o inmoble permanece pechado, sen uso e sometido a un progresivo deterioro.

Esta reiteración de anuncios incumplidos evidencia unha política baseada na propaganda e non na execución, e supón unha falta de respecto cara á cidade de Lugo, ao seu patrimonio e á súa veciñanza. A situación da Casa-Torre da Tinería é un exemplo máis da parálise de proxectos estratéxicos na cidade, que ven como infraestruturas clave permanecen abandonadas sen unha vontade real de actuación por parte da Xunta de Galicia.

A administración local concedeu a correspondente licenza urbanística o 2 de outubro de 2024, polo que se cumpren xa 15 meses sen que se teñan iniciado actuacións sobre o terreo, a pesar de ter completado toda a tramitación necesaria para facilitar o inicio das obras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir de maneira inmediata cos compromisos adquiridos en relación coa rehabilitación da Casa-Torre da Tinería, procedendo á execución das obras necesarias para a súa recuperación, definindo un uso público claro e útil para a cidadanía, e impulsando de forma efectiva a dinamización do barrio da Tinería, garantindo así unha actuación real e non meros anuncios reiterados sen execución para a cidade de Lugo.

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 16/04/2026 13:40:17

Patricia Iglesias Rey na data 16/04/2026 13:40:25

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2026 13:40:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 13:40:37





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 13:47:49

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## Exposición de motivos

A Casa-Torre da Tinería, tamén coñecida como o antigo Hospital de San Miguel, constitúe un dos inmobles históricos máis singulares da cidade de Lugo, cun alto valor patrimonial e un enorme potencial como elemento dinamizador do barrio da Tinería.

Porén, a súa situación actual evidencia, unha vez máis, a falta de compromiso da Xunta de Galicia coa cidade de Lugo e coa posta en valor do seu patrimonio histórico. Desde hai anos, o Goberno galego vén anunciando reiteradamente proxectos para a súa rehabilitación e posta en uso, sen que ningún deles chegase a materializarse.

Xa no ano 2019, a Xunta anunciou a súa transformación nun centro de promoción do turismo enogastronómico, con espazos para formación, actividades e información turística, así como a cesión do inmovible á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo. Este anuncio incluía mesmo a inminente licitación das obras, que nunca chegou a executarse.

Non foi este un feito illado. Ao longo dos anos sucedéronse diferentes compromisos e declaracións públicas sobre a rehabilitación da Casa-Torre,

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





sempre presentadas como actuacións prioritarias para a dinamización do barrio da Tinería, sen que na práctica se producisen avances reais. Mentres tanto, o inmoble permanece pechado, sen uso e sometido a un progresivo deterioro.

Esta reiteración de anuncios incumplidos evidencia unha política baseada na propaganda e non na execución, e supón unha falta de respecto cara á cidade de Lugo, ao seu patrimonio e á súa veciñanza. A situación da Casa-Torre da Tinería é un exemplo máis da parálise de proxectos estratéxicos na cidade, que ven como infraestruturas clave permanecen abandonadas sen unha vontade real de actuación por parte da Xunta de Galicia.

A administración local concedeu a correspondente licenza urbanística o 2 de outubro de 2024, polo que se cumpren xa 15 meses sen que se teñan iniciado actuacións sobre o terreo, a pesar de ter completado toda a tramitación necesaria para facilitar o inicio das obras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir de maneira inmediata cos compromisos adquiridos en relación coa rehabilitación da Casa-Torre da Tinería, procedendo á execución das obras necesarias para a súa recuperación, definindo un uso público claro e útil para a cidadanía, e impulsando de forma efectiva a dinamización do barrio da Tinería, garantindo así unha actuación real e non meros anuncios reiterados sen execución para a cidade de Lugo.

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 16/04/2026 13:40:46

Patricia Iglesias Rey na data 16/04/2026 13:40:53

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2026 13:40:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 13:41:04



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2026 13:48:06  
**Nº Rexistro: 55437**  
Data envío: 16/04/2026 13:48:06.050

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 13:48:06

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

## Exposición de motivos

A recuperación do Pazo de Dona Urraca e do conxunto do barrio da Tinería constitúe unha actuación estratéxica para o casco histórico de Lugo, tanto desde o punto de vista patrimonial como social, urbanístico e económico. Trátase dun ámbito clave chamado a desempeñar un papel fundamental na revitalización da cidade.

Nos últimos anos, este proxecto estivo acompañado de numerosos anuncios por parte da Xunta de Galicia, que non se viron correspondidos cun avance real na súa execución. A pesar de fitos como a sinatura do convenio urbanístico en setembro de 2024, a convocatoria do concurso de ideas en marzo de 2025 e a presentación do proxecto gañador en outubro de 2025, o certo é que, seis meses despois, non se produciu ningún avance material sobre o terreo.

Resulta especialmente preocupante que nin sequera se teña formalizado o contrato para a redacción do Plan Especial, un trámite imprescindible para poder continuar co desenvolvemento da actuación. Esta parálise evidencia, unha vez máis, a falta de dilixencia da Xunta de Galicia na execución de proxectos fundamentais para a cidade de Lugo.



Fronte a esta inacción, o Concello de Lugo cumpriu cos compromisos asumidos no convenio, desbloqueando a tramitación urbanística e facilitando os pasos necesarios para facer viable a intervención. Porén, este esforzo institucional contrasta coa ausencia de avances por parte da Administración autonómica.

Esta situación non é un feito illado, senón que responde a unha dinámica reiterada de anuncios que non se materializan, prolongando no tempo a recuperación de espazos públicos de gran valor e privando á cidadanía de Lugo do seu uso e aproveitamento. A falta de execución real supón unha clara mostra do escaso compromiso da Xunta co patrimonio histórico, coa revitalización urbana e coa veciñanza da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a activar de maneira inmediata todos os trámites pendentes para a execución do proxecto de recuperación do Pazo de Dona Urraca e do barrio da Tinería, formalizando sen máis demora o contrato para a redacción do Plan Especial, establecendo un calendario público e detallado de actuacións, e impulsando con carácter urxente a execución efectiva das obras comprometidas, garantindo así o cumprimento dos compromisos adquiridos coa cidade de Lugo e coa súa cidadanía.

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 16/04/2026 14:20:27

Patricia Iglesias Rey na data 16/04/2026 14:20:34

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2026 14:20:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 14:20:46



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55444**  
Data envío: 16/04/2026 14:22:30.218

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 14:22:30

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## Exposición de motivos

A recuperación do Pazo de Dona Urraca e do conxunto do barrio da Tinería constitúe unha actuación estratéxica para o casco histórico de Lugo, tanto desde o punto de vista patrimonial como social, urbanístico e económico. Trátase dun ámbito clave chamado a desempeñar un papel fundamental na revitalización da cidade.

Nos últimos anos, este proxecto estivo acompañado de numerosos anuncios por parte da Xunta de Galicia, que non se viron correspondidos cun avance real na súa execución. A pesar de fitos como a sinatura do convenio urbanístico en setembro de 2024, a convocatoria do concurso de ideas en marzo de 2025 e a presentación do proxecto gañador en outubro de 2025, o certo é que, seis meses despois, non se produciu ningún avance material sobre o terreo.

Resulta especialmente preocupante que nin sequera se teña formalizado o contrato para a redacción do Plan Especial, un trámite imprescindible para poder continuar co desenvolvemento da actuación. Esta parálise evidencia, unha vez máis, a falta de dilixencia da Xunta de Galicia na execución de proxectos fundamentais para a cidade de Lugo.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Fronte a esta inacción, o Concello de Lugo cumpriu cos compromisos asumidos no convenio, desbloqueando a tramitación urbanística e facilitando os pasos necesarios para facer viable a intervención. Porén, este esforzo institucional contrasta coa ausencia de avances por parte da Administración autonómica.

Esta situación non é un feito illado, senón que responde a unha dinámica reiterada de anuncios que non se materializan, prolongando no tempo a recuperación de espazos públicos de gran valor e privando á cidadanía de Lugo do seu uso e aproveitamento. A falta de execución real supón unha clara mostra do escaso compromiso da Xunta co patrimonio histórico, coa revitalización urbana e coa veciñanza da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a activar de maneira inmediata todos os trámites pendentes para a execución do proxecto de recuperación do Pazo de Dona Urraca e do barrio da Tinería, formalizando sen máis demora o contrato para a redacción do Plan Especial, establecendo un calendario público e detallado de actuacións, e impulsando con carácter urxente a execución efectiva das obras comprometidas, garantindo así o cumprimento dos compromisos adquiridos coa cidade de Lugo e coa súa cidadanía.

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 16/04/2026 14:20:53

Patricia Iglesias Rey na data 16/04/2026 14:21:00

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2026 14:21:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 14:21:13





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 14:22:45

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A conexión ferroviaria entre Vigo e Ourense a través do tramo Redondela–Guillarei constitúe unha infraestrutura estratéxica para Galicia, tanto pola súa función na vertebración territorial como pola súa relevancia na conexión internacional con Portugal e no transporte de mercadorías.

Neste contexto, as obras impulsadas polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, a través de Adif, no citado tramo, supoñen a interrupción total do tráfico ferroviario durante un período estimado dun ano, obrigando á substitución dos servizos ferroviarios por transporte alternativo por estrada.

Esta situación implica, na práctica, unha grave alteración do servizo público ferroviario, afectando a milleiros de usuarios, reducindo a competitividade do tren fronte a outros medios de transporte e xerando un impacto negativo na mobilidade diaria, na actividade económica e na cohesión territorial do sur de Galicia.

Aínda que as obras teñen como obxectivo a modernización da liña, incluíndo a súa adaptación a estándares de electrificación e capacidade vinculados ao Corredor Atlántico, o certo é que a súa execución evidencia importantes carencias na planificación das actuacións por parte do Goberno central, ao non prever





PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2026 16:30:00  
Nº Rexistro: 55453  
Data envío: 16/04/2026 16:05:04.427

alternativas ferroviarias que permitan manter un servizo axeitado durante o período de obras.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ademais, resulta especialmente preocupante que estas actuacións non se limiten ao tramo actualmente en execución, senón que existan fases posteriores pendentes entre Guillarei e Ourense, o que podería prolongar no tempo as afeccións ao servizo e consolidar unha situación de deterioro da conexión ferroviaria nesta área estratéxica de Galicia.

Por todo o exposto, resulta necesario que o Goberno de España adopte medidas urxentes que minimicen o impacto destas obras, garantan a adecuada prestación do servizo ferroviario e ofrezan certezas á cidadanía e aos sectores económicos afectados.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Garantir, durante o período de obras no tramo Redondela–Guillarei, un nivel axeitado de servizo ferroviario, minimizando na medida do posible a substitución por transporte por estrada e asegurando frecuencias suficientes e tempos de viaxe competitivos.
- 2.- Elaborar e facer público un plan integral de mobilidade alternativo que inclúa solucións coordinadas e eficaces para os usuarios afectados, tanto nos servizos rexionais como nas conexións internacionais con Portugal.
- 3.- Presentar un calendario detallado, actualizado e transparente das obras na liña Vigo–Ourense, incluíndo todas as fases previstas entre Guillarei e Ourense, así como os prazos estimados de execución.
- 4.- Avaliar e facer público o impacto económico e social derivado da interrupción do tráfico ferroviario, especialmente na área de Vigo e na súa contorna.





5.- Adoptar as medidas necesarias para acelerar a redacción e execución dos proxectos pendentes no tramo Guillarei-Ourense, co obxectivo de evitar novas interrupcións prolongadas no futuro”.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2026 16:04:50





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 16:05:05

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e Julio Torrado Quintela**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego.**

## Exposición de motivos

A antiga sede de Aspnaís, situada na Rampa de Claudio López en Lugo, permanece pechada e sen uso desde o ano 2020, o que está a provocar un progresivo deterioro dun inmovible público que debería estar ao servizo da cidadanía.

Ao longo destes anos, a Xunta de Galicia realizou diversos anuncios sobre o futuro uso do edificio, chegando mesmo a comprometer a súa conversión nun centro de carácter asistencial e social. Porén, estes compromisos foron reiteradamente incumpridos ou adiados, sen que se materializase ningunha actuación concreta.

Xa no ano 2020 se anunciou un acordo para destinar o inmovible a entidades sociais, iniciativa que finalmente non prosperou. Posteriormente, volveuse anunciar a súa transformación nun Centro de Atención Integral á Saúde Mental, un proxecto necesario e positivo, pero que continúa acumulando atrasos e permanece en fase administrativa, sen avances efectivos nin prazos claros de execución.





Esta situación constitúe un novo exemplo da falta de dilixencia da Xunta de Galicia en relación con proxectos estratéxicos para a cidade de Lugo, mantendo infraestruturas públicas en desuso durante anos mentres se retrasan solucións necesarias para a cidadanía, especialmente nun ámbito tan sensible como a saúde mental.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a informar de maneira detallada e transparente sobre o estado actual do proxecto de transformación da antiga sede de Aspnaís nun Centro de Atención Integral á Saúde Mental, incluíndo prazos concretos de execución, e a adoptar as medidas necesarias para axilizar de forma urxente a súa tramitación e posta en funcionamento, garantindo que este recurso sexa unha realidade no menor prazo posible.

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 16/04/2026 16:36:34

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2026 16:36:39

Julio Torrado Quintela na data 16/04/2026 16:36:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 16:36:52



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2026 16:42:25  
**Nº Rexistro: 55462**  
Data envío: 16/04/2026 16:42:25.826

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 16:42:26

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e Julio Torrado Quintela**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## Exposición de motivos

A situación do servizo de Radioterapia do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) atravesa un momento de extrema gravidade que está a afectar directamente á calidade asistencial e á seguridade dos pacientes oncolóxicos da provincia de Lugo.

Esta situación constitúe un exemplo evidente do deterioro da sanidade pública galega como consecuencia da falta de planificación, investimento e xestión por parte da Xunta de Galicia.

Desde hai meses, o único acelerador lineal plenamente operativo, cunha antigüidade superior a dez anos, presenta avarías constantes, interrupcións reiteradas e fallos que obrigan á suspensión ou reprogramación dos tratamentos, xerando atrasos inaceptables. Esta situación vese agravada pola elevada carga asistencial do servizo, que atende diariamente a máis de 60 pacientes, así como pola ausencia de actividade en fins de semana e festivos, o que limita a continuidade terapéutica.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Episodios recentes, como a interrupción dos tratamentos durante varios días consecutivos na Semana Santa, evidencian unha situación estrutural insostible que compromete non só o benestar dos pacientes, moitos deles en condicións de especial vulnerabilidade, senón tamén a eficacia dos tratamentos e o seu pronóstico.

A pesar dos compromisos adquiridos pola Consellería de Sanidade para a incorporación dun novo acelerador lineal, non se produciron avances coñecidos, mentres a situación continúa a deteriorarse. Esta falta de resposta resulta inaceptable nun servizo esencial para a vida e a saúde da cidadanía.

Así mesmo, cómpre lembrar o histórico compromiso da sociedade lucense coa defensa dunha sanidade pública de calidade, que deu lugar a mobilizacións masivas para a dotación de servizos como Radioterapia, Hemodinámica e Medicina Nuclear, evidenciando a relevancia destes recursos para o territorio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar, con carácter inmediato, as medidas necesarias para garantir a calidade e continuidade do servizo de Radioterapia do HULA, procedendo á adquisición e posta en funcionamento dun novo acelerador lineal de última xeración, avaliando a ampliación do servizo aos sete días da semana para asegurar a continuidade asistencial, establecendo mecanismos de derivación temporal de pacientes a outros centros públicos mentres persistan as limitacións actuais e reforzando o investimento na sanidade pública, con especial atención aos servizos oncolóxicos esenciais.

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 981 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 16/04/2026 16:39:48

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2026 16:39:54

Julio Torrado Quintela na data 16/04/2026 16:40:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2026 16:40:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/04/2026 16:44:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2026 16:44:19  
**Nº Rexistro: 55468**  
Data envío: 16/04/2026 16:44:19.581

CSV: BOPGDSPG-whb8oVVVB-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

